



ESTUDO SOBRE A PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE EN GALICIA

Solidariedade Internacional de Galicia

2020-2021

Financia:



ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS	2
ÍNDICE DE FIGURAS	4
ÍNDICE DE TÁBOAS	6
1. INTRODUCCIÓN	7
2. ESTADO DA CUESTIÓN E PROBLEMA DE INVESTIGACIÓN	9
3. OBXECTIVOS E PREGUNTAS DA INVESTIGACIÓN	16
4. MARCO TEÓRICO	17
4.1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN.....	17
4.2. CONTEXTUALIZACIÓN DA MOCIDADE EN GALICIA.	21
4.3. A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL XUVENIL EN GALICIA.	23
4.4. CONTRIBUCIÓN Á PROMOCIÓN DUNHA CULTURA PARTICIPATIVA CON ENFOQUE DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL.	26
4.4.1. O GLOBO: FERRAMENTA PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN	29
5. ESTUDO EMPÍRICO.....	30
5.1. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN.....	30
5.2. FERRAMENTAS E PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.	32
5.2.1. CUANTITATIVOS:.....	32
a) <i>Enquisa:</i>	32
5.2.2. CUALITATIVOS:.....	37
a) <i>Revisión documental:</i>	37
b) <i>Grupo Motor:</i>	38
c) <i>Laboratorios de Participación</i>	39
5.3. RESULTADOS.....	39
5.3.1. ESTADO DA PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE GALEGA NA ACTUALIDADE.	39
a) <i>Niveis de participación</i>	39
b) <i>Espazos de participación</i>	40
c) <i>Implicación na participación</i>	42
d) <i>Tipos de participación</i>	45
e) <i>Formas de participación en accións sociais e políticas</i>	48
f) <i>Ámbitos de participación</i>	59
g) <i>Ámbitos de interese</i>	62
h) <i>Temas Sociais de maior interese e/ou preocupación</i>	65
i) <i>Principais razóns ou motivacións para participar</i>	67

j) <i>Principais dificultades para participar máis</i>	68
k) <i>Percepcións sobre a participación dos grupos sociais</i>	69
l) <i>Percepcións sobre a promoción da participación xuvenil</i>	69
m) <i>Sobre a importancia da participación</i>	72
n) <i>A Participación segundo a Idade</i>	73
5.3.2. PRINCIPAIS BARREIRAS OU DIFICULTADES QUE IMPIDEN UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE GALEGA.	75
5.3.3. PROPOSTAS PARA SUPERAR AS BARREIRAS E DIFICULTADES DA PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE.	80
5.3.4. MODELO DE PARTICIPACIÓN ACTUAL DA MOCIDADE.	86
5.3.5. FERRAMENTAS PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA XUVENTUDE GALEGA.	89
6. CONCLUSIÓNS	100
7. REFERENCIAS	103
7.1. BIBLIOGRAFÍA.	103
7.2. NORMATIVA.	107
7.3. WEBGRAFÍA.	109
8. ANEXOS	110
<i>Anexo 1. Enquisa e ficha técnica</i>	111
<i>Anexo 2. Seguimento da enquisa</i>	120
<i>Anexo 3. Comentarios da mocidade para a mellora da súa participación</i>	133
<i>Anexo 4. Composición do Grupo Motor</i>	143
<i>Anexo 5. Acta I Encontro Grupo Motor (primeira sesión)</i>	148
<i>Anexo 6. Acta I Encontro Grupo Motor (segunda sesión)</i>	157
<i>Anexo 7. Laboratorio de Participación e proposta de Ferramentas para a participación</i>	167

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Mostra Distribuída por Sexo	34
Figura 2. Mostra Distribuída por Rango de Idade.....	35
Figura 3. Mostra Distribuída por Ocupación	36
Figura 4. Mostra Distribuída por Zona de Residencia.....	37
Figura 5. Nivel de Participación	40
Figura 6. Nivel de Participación segundo Nivel de Estudos	40
Figura 7. Espazos de Participación Máis Empregados	41
Figura 8. Grao de Implicación nos Temas nos que Participan	43
Figura 9. Grao de Implicación en Función do Xénero	43
Figura 10. Grao de Implicación en Función da Idade.....	44
Figura 11. Grao de Implicación en Función do Nivel de Estudos	44
Figura 12. Xeitos de Participación Maioritarios.....	45
Figura 13. Xeitos de Participación por Xénero.....	46
Figura 14. Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas.....	48
Figura 15. Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas das Mulleres	49
Figura 16. Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas dos Homes	50
Figura 17. Participar nunha ONG ou Asociación Ocupación só Estudantes.....	57
Figura 18. Participar nunha ONG ou asociación Ocupación Compaxinan Traballo e Estudos	57
Figura 19. Participar nunha ONG ou asociación segundo Ocupación só Traballo/Desemprego.....	58
Figura 20. Formar Parte Activa dunha Entidade Local segundo Zona de Residencia.....	58
Figura 21. Ámbitos nos que Participan.....	59
Figura 22. Ámbitos nos que Participan segundo Xénero	59
Figura 23. Ámbitos nos que Participan segundo Idade	60
Figura 24. Ámbitos nos que Participan segundo Estudos.....	61
Figura 25. Ámbitos nos que Participan segundo Ocupación	61
Figura 26. Ámbitos nos que Participan segundo Zona de Residencia.....	62
Figura 27. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar	62
Figura 28. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar por Xénero	63
Figura 29. Ámbitos nos que lles Gustaría participar por Idade.....	63
Figura 30. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar segundo Ocupación.....	64
Figura 31. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar por Zona de Residencia	65
Figura 32. Temas de Carácter Social de Máis Interese	66
Figura 33. Temas de Carácter Social de Máis Interese por Xénero	67

Figura 34. Principais Motivacións para Participar	68
Figura 35. Impedimentos para Participar Máis	68
Figura 36. Valoración sobre o Grao de Participación dos Diferentes Grupos Sociais.	69
Figura 37. Percepción da Implicación das Entidades na Promoción da Participación	70
Figura 38. Percepción da Importancia da Participación para a Transformación Social	72
Figura 39. Exercicio da Participación Autoxestionada segundo Idade.....	74

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 0. Cifras de poboación por data de referencia, sexo e idade.	22
Táboa 1. Mostra distribuída por nivel de estudos	35
Táboa 2. Mostra distribuída por provincias.....	36
Táboa 3. Espazos de participación máis empregados segundo a idade	41
Táboa 4. Espazos de participación máis empregados segundo nivel de estudos	42
Táboa 5. Espazos de participación máis empregados segundo zona de residencia	42
Táboa 6. Grao de implicación en función da ocupación	44
Táboa 7. Xeitos de participación segundo nivel de estudos	47
Táboa 8. Xeitos de participación segundo ocupación	47
Táboa 9. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 14-19 anos.....	51
Táboa 10. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 20-25 anos.....	52
Táboa 11. Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 26-30 anos.....	53
Táboa 12. Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos de Primaria/ESO	54
Táboa 13. Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos de Bach./FP	55
Táboa 14. Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos universitarios.....	56
Táboa 15. Ámbitos nos que lles gustaría participar segundo nivel de estudos	64
Táboa 16. Percepción por idade da implicación das entidades na promoción da participación xuvenil.....	70
Táboa 17. Percepción segundo nivel de estudos da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil	71
Táboa 18. Percepción segundo ocupación da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil	71
Táboa 19. Percepción segundo zona de residencia da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil	72
Táboa 20. Xeitos de participación segundo idade	74

1. INTRODUCCIÓN

Solidariedade Internacional de Galicia¹ somos unha ONG de Desenvolvemento galega, fundada en 1996, que levamos vinte cinco anos de traxectoria de traballo no terceiro sector. Nos auto definimos como unha asociación de persoas que entende a solidariedade como unha forma de ser e estar no mundo, apostando pola erradicación da pobreza, a redistribución equitativa dos recursos e un modelo económico ao servizo de todas as persoas.

A nosa misión é promover accións xeradoras de cambios positivos nas condicións de vida das persoas, mediante un funcionamento democrático, participado e innovador, que garanta a promoción da xustiza social a través dun traballo coherente e complementario en catro eixos de actuación: a Cooperación internacional, entendida esta como o apoio e colaboración con organizacións civís de países do Sur² desde o compromiso e recoñecemento mutuos, a Participación Social, como peza chave no impulso de novas fórmulas de facer política, a Educación para a Cidadanía Global, como un instrumento que contribúe a dar respostas ás principais problemáticas globais da humanidade, e o Comercio Xusto, coma un acto de xustiza social, económica e medioambiental.

Así, desde a Cooperación Internacional, a Participación Social, o Comercio Xusto e a Educación para a Cidadanía Global, pretendemos a transformación social e política cara a unha cidadanía empoderada e emancipada, traballando desde o paradigma dos dereitos humanos, feminista e da interseccionalidade, empregando ferramentas e procesos participativos que permitan ás persoas ser axentes activos desta transformación.

No marco que nos ocupa, facendo mención especial á **Participación Social**, para a nosa entidade é un elemento chave e imprescindible. Mostra disto é que contamos especificamente cun Manual de Participación, onde definimos a nosa concepción de Participación coma unha acción colectiva, activa, crítica, responsable e comprometida orientada ao ben común, co fin de mudar dinámicas xeradoras de desigualdade e inxustiza ofrecendo solucións locais a problemas globais.

A participación é, ademais, un proceso no que se dinamizan os recursos creativos da poboación, relevante para mudar as dinámicas que máis están a ameazar a nosa vida coma o esgotamento de recursos e a uniformización cultural (a uniformización cultural é o esgotamento das respostas da comunidade local aos novos problemas, en base a cada realidade social, cultural e identitaria). Por

¹ <https://solidaridadgalicia.org/>

² A distinción Norte-Sur non se basea en criterios xeográficos senón xeopolíticos, de xeito que entendemos por países do Norte aqueles países enriquecidos e por Sur aos países máis empobrecidos en vías de desenvolvemento e que están a padecer as consecuencias do neoliberalismo e das desigualdades económicas, sociais e culturais características do sistema de relacións internacionais.

iso a participación non busca atender exclusivamente a unhas metas ou índices de calidade de vida, senón alimentar esas capacidades de rexeneración social.

A construción de coñecemento e de proxecto de sociedade aséntase no contraste de visións e perspectivas sobre os problemas e sobre as posibles solucións e aspiracións, contraste que se dá entre distintos grupos sociais.

A participación é, pois, un proceso a longo prazo de cambio de cultura política nas relacións entre as Administracións Públicas e a sociedade civil, de fomento da cidadanía responsable cos asuntos de interese xeral, de promoción da creatividade comunitaria e de novos modelos colaborativos de relacións entre axentes e de busca dun modelo de toma de decisións cooperativa con base na deliberación. Por iso, na nosa labor cotiá a Participación, a Mobilización Social e o Traballo en Rede³ son elementos esenciais e interconectados, tanto cara o interno da entidade (nos nosos xeitos de traballar, organizarnos e coordinarnos), como cara o traballo que desenvolvemos fora dela (acompañando a outras persoas, entidades e organismos nos procesos de cambio social).

É por iso que no seo da organización nace a inqueda de desenvolver este estudo, o cal forma parte do proxecto “O Globo; observatorio para educar na cidadanía global”⁴, financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, e que pretende dar resposta a innumerables interrogantes sobre a situación da participación social da mocidade en Galicia.

O estudo está concibido coma un instrumento de reflexión para facilitar o desenvolvemento de iniciativas que promovan a participación da mocidade dentro do territorio galego. O seu obxecto é analizar a realidade da participación social e cidadá entre as persoas novas e, especialmente, os elementos que facilitan ou entorpecen a práctica participativa.

O interese da análise parte dunha parte diagnóstica: achegarse ao coñecemento das prácticas de participación das persoas mozas de 14 a 30 anos de Galicia e buscar respostas ás dúbidas existentes sobre se se está producindo unha crise na participación social e nos seus instrumentos organizativos, se os comportamentos parten dun maior individualismo e dun nivel de compromiso menor respecto a xeracións anteriores. E complementase cun parte propositiva: elaboración de propostas e liñas de traballo axustadas á realidade local e en consonancia cos elementos que compoñen a acción participativa.

³ <https://solidaridadgalicia.org/mobilizacion-e-traballo-en-rede/>

⁴ <https://cooperacion.xunta.gal/es/proxectos/el-globo-observatorio-para-educar-en-la-ciudadania-global>

2. ESTADO DA CUESTIÓN E PROBLEMA DE INVESTIGACIÓN

Exponse como problema de investigación a insuficiente participación social, política e cidadá da mocidade galega, posto que se trata dun sector poboacional que participa pouco a nivel xeral ou que carece dunha cultura participativa activa, sobre todo en relación a outras xeracións de adultos ou maiores (Guía Didáctica de Educación para la Participación, p.20) e mesmo en comparación coa xente moza doutras latitudes como pode ser Europa (Informe Juventud en España⁵ do INJUVE⁶, 2016, p.518).

Para plantexar este problema de investigación partimos de que participar é desenvolver unha acción colectiva, e por tanto organizada, en interese de terceiros, orientada ao ben común e ás necesidades sociais, e observando o feito da participación coma un proceso a longo prazo, dinamizador dos recursos creativos da poboación para mudar as dinámicas xeradoras de desigualdade e inxustiza ofrecendo respostas locais a problemáticas globais, e entendendo por participación efectiva aquela que realmente contribúa a mellorar e transformar realidades.

Así, nas análises sobre as formas actuais de participación, as persoas investigadoras sinalan, como problema central, entre outros, a escasa participación efectiva dos cidadáns e cidadás, sobre todo da mocidade nas cuestións sociais, políticas e de interese cívico. De feito a poboación nova está habitualmente considerada como o segmento poboacional menos implicado nas cuestións comunitarias (Franklin, 2004). E aínda que esta referencia é algo antiga, pois podería pensarse que a cuestión ten cambiado nos últimos quince anos, esta hipótese segue a manterse, en termos xerais, a pesares de que o IJE máis recente do INJUVE, do ano 2020, caracteriza á mocidade actual como responsable, comprometida, solidaria, consciente das desigualdades e participativa, chegando incluso a desmitificar que esteamos ante unha xeración pouco involucrada nos asuntos sociais, mencionando que “ata o 77% da mocidade estudante implicouse nalgunha forma de participación estudiantil” (INJUVE, 2020, p.7).

Esta afirmación supón un cambio de tendencia respecto a informes anteriores, pero está baseada en cambios introducidos nas enquisas por parte do equipo investigador, pois se engadiron especificamente preguntas sobre “a participación en marchas ecoloxistas e feministas” (INJUVE,

⁵ En diante IJE.

⁶ Instituto de la Juventud de España (en diante INJUVE) é un organismo público, adscrito ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, cuxa actividade principal se dirixe a promover actuacións en beneficio da mocidade española. Páxina web: <http://www.injuve.es/>

2020, p.13). Polo tanto, a falta de maiores niveles de participación da xente moza, podería estar relacionada con que observan o desenvolvemento das súas vidas dende unha posición de certa satisfacción coa vida en xeneral e que, aínda que son conscientes das dificultades ás que lle vai tocar enfrontarse, ven o futuro con certo optimismo (valorando esta cuestión cun 6,7 sobre 10) (INJUVE, 2016, p.6).

No que atinxe aos datos que amosa o IJE (2016, p.534) sobre a participación política xuvenil, indican que tan só o 18,5% dos mozos e mozas poden ser considerados activistas (en función do número de accións participativas que declararon desenvolver).

Este mesmo informe estatal sobre a xuventude, tamén nos indica que para a mocidade hai dúas concepcións de cidadanía: como cumprimento das normas sociais, ou como compromiso coa comunidade e responsabilidade social e política. E indica ademais que a mocidade asume de bo grado o cumprimento das normas sociais (por exemplo votar, pagar impostos, etc.) e implícase en menor medida na esfera do compromiso coa comunidade, aínda que recoñece a súa importancia. Pódese extraer deste informe que o voto e a protesta son as principais formas de participación política dos mozos e das mozas, quen amosan certo interese pola política, aínda que ao mesmo tempo a valoran negativamente (INJUVE, 2016, p.470).

Asemade, a nivel de valores colectivos e implicación política

Os mozos revélanse como cidadáns conscientes dos problemas polos que atravesada sociedade española e a necesidade de realizar cambios profundos pero sen que iso supoña impugnar o sistema sociopolítico. A insatisfacción coa situación actual traduciuse nun incremento notable das posicións radicais pero non extremistas, da politización crítica e do activismo reivindicativo. (INJUVE, 2016, p.587)

De feito o propio informe afirma tamén que son os europeos que máis acoden a manifestacións, pero ao mesmo tempo tamén son os que máis confían no voto (democracia representativa fronte á participativa) como forma de mellorar ou mudar as cousas.

Posto que o interese pola política é unha actitude básica imprescindible para unha cidadanía activa e participativa, o IJE de 2020 tamén conta cun capítulo específico adicado a analizar a participación política da mocidade española. No mesmo se indica que a participación xuvenil nos temas políticos é menor en comparación con outros grupos de idade, pero matizando que isto non se debe a cambios

de tendencia respecto a xeracións mozas anteriores ou con respecto a outros grupos xeracionais, senón que se debe a que son, precisamente, xóvenes, é dicir, que a súa idade fai que se atopen en momentos vitais “de aprendizaxe política” nos que “a política non lles resulta aínda tan relevante” para as súas vidas, feito que soe mudar a medida que van asumindo roles adultos (dereito ao voto, entrada no mercado laboral, etc.) (INJUVE, 2020, p.179), do que se extrae que o interese na política increméntase coa idade.

Outra cuestión a ter en conta, dende a perspectiva da mocidade como xeración, é que o interese das distintas xeracións mozas na política é moi variable se a observamos con perspectiva temporal, pois non mantén unha liña clara nin ascendente nin descendente, senón que oscila continuamente en función da realidade social e política de cada momento histórico

A porcentaxe de mozas moi ou bastante interesados na política en 2004 era do 24%, ano das reivindicacións en oposición á Guerra de Iraq. En 2006 esta porcentaxe era mesmo inferior: só un 18% dos menores de 29 anos declaraban estar, polo menos, bastante interesados na política. Esta porcentaxe dóbrase en 2012 ata un 40%, unha vez xa instaurada a crise económica, as políticas de austeridade e tras as protestas de 2011. A porcentaxe redúcese lixeiramente en 2016, ao 37%, pero mantense estable en 2019. (INJUVE, 2020, p.183)

Ambas cuestións, o incremento da participación a maior idade (nun nivel persoal) e o incremento da participación derivada da vivencia en contextos sociais, políticos e económicos complexos (nun nivel xeracional) o describen moi ben García-Albacete e Lorente (2019), cando subliñan que a xuventude de máis idade (maiores de 25 anos) se involucra moito máis no activismo político dende a crise económica, sendo protagonistas de diversos movementos como o 15M ou as mobilizacións contra o machismo e o cambio climático, mentres que a mocidade máis nova (menores de 25) aínda habitando nun panorama político máis polarizado e politizado en certos temas e discursos, conta con menor volume de protestas sociais. Cabe mencionar tamén que as protestas por internet ou redes sociais son as fórmulas máis recorrentes de participación da xuventude actual.

Por outra banda, o IJE 2016 (p. 334) no apartado que nos fala sobre como desenvolven o seu ocio os mozos e mozas, en ningún caso mencionan a participación, senón que se centran noutro tipo de actividades como: saír con amizades, escoitar música, viaxar, as novas tecnoloxías, ler, o deporte, actividades culturais, facer botellón ou mirar a televisión. O mesmo reflexa o IJE 2020 (p. 157), onde

as prioridades de ocupación do tempo de lecer son as mesmas que no 2016, sendo o único aspecto relacionado coa participación “a colaboración con ONG”, pero cunha representatividade de tan só o 18,5% e sendo a última opción entre todas as alternativas propostas. Ao respecto do voluntariado, cabe destacar que as mulleres participan lixeiramente máis que os homes e que a idade (ao igual que na política) segue a ser un factor determinante, posto que a implicación é maior a partir dos 20 anos.

Con respecto ao asociacionismo, o IJE 2016 indícanos que a práctica do mesmo por parte da mocidade é intermedia tirando a baixa, sendo máis baixa aínda no que atinxe ao voluntariado (o 75% dos enquisados nunca colaborou neste tipo de accións). Neste senso os datos aos que fan referencia indican que “case dous de cada tres mozos/as teñen experiencia asociativa, actual ou pasada, fronte a un terzo que non a ten” pero sendo este tipo de asociacionismo maioritariamente no eido do deporte e que ademais “en termos comparativos é bastante máis baixo que a media europea e sitúanos na posición 17 dun total de 28, por detrás dos países occidentais e do norte de Europa” (INJUVE, 2016, p.595).

No que se refire ao asociacionismo dirixido a defender algunha causa global, como por exemplo o feminismo ou o ecoloxismo, a pertenza é moi reducida apenas chegando a un 5% do total da mocidade, taxa que aínda se reduce máis si falamos da participación en sindicatos ou partidos políticos. Chegando a chamar a atención incluso, que as motivacións que os mozos e mozas expresan para asociarse, ou formar parte dunha asociación, teñen que ver maioritariamente con empregar en algo o tempo libre fronte ao feito de sentirse útiles para os demais ou querer axudar a outros/as, quedando esta como opción residual (INJUVE, 2016, pp.595-596).

No tocante aos temas sociais de maior interese para a mocidade española, encóntranse:

A igualdade entre homes e mulleres, o cambio climático, os dereitos dos animais e os dereitos LGTBIQ+. Séguenlles por nivel de interese a inmigración e as políticas sociais e, por último, espertan significativamente menos interese os temas de política tradicional institucional. Estes son: a UE, a relación entre Cataluña e España, as eleccións e os partidos políticos. (INJUVE, 2020, p.186)

De feito, estas tres temáticas (Feminismo, Medioambiente e dereitos dos animais, e dereitos LGTBIQ+), a miúdo consideradas cuestións politizadas, contan con capítulos específicos no IJE 2020 (pp. 255-346) e, aínda que se abordan dende diversas dimensións e implicacións, é de utilidade para este estudo mencionar que representaron as principais causas que levaron á xuventude a mobilizarse,

fundamentalmente a través de protestas, folgas, manifestacións e campañas de sensibilización, obtendo repercusións relevantes tanto na axenda política como na mediática e social (INJUVE, 2020, p.255).

Continuando coa cuestión do asociacionismo, na Estrategia Juventud (2020) afirmase que:

En España, a participación asociativa descendeu de xeito significativo, e paulatino, ao longo das últimas décadas, e moi especialmente desde o ano 2000. Ata esa data contabilizábase a pertenza global a asociacións (independentemente do tipo e contidos das entidades) na contorna do 40% da poboación nova. En 2004 o número de mozos asociados reduciuse á cuarta parte do colectivo e no momento actual non se alcanza o 25% de mozos que teñan unha vinculación actualizada con asociacións ou organizacións colectivas (en concreto é un 22%). (INJUVE, 2020, p.31)

Os datos sobre a baixa participación xuvenil no estado español, véñse refrendados tamén polo Consejo de la Juventud de España cando expresan que “a participación asociativa xuvenil española é, xunto con Grecia e Portugal, das máis baixas de Europa” (Guía Didáctica de Educación para la Participación, p.19).

Neste mesmo documento (p.14), o Consejo de la Juventud de España, apunta que algúns dos motivos fundamentais polo que o nivel de participación é baixo, ten que ver con que unha maioría da poboación considera que participar non serve para resolver nada (derivado de que os valores, actitudes e hábitos que se promoven dende órganos de poder non favorecen a participación e da carencia dunha educación “en” e “para” a participación) e que maioritariamente se buscan solucións individuais ás problemáticas (debido a que o sistema neoliberal promove os valores de individualismo e a competitividade en lugar da cooperación e a colectividade).

Compre destacar tamén que a citada Guía (p. 20) fala dun cambio nas pautas de participación da mocidade, consistente na diversificación das motivacións que levan aos mozos e mozas a participar cara aspectos máis centrados na propia persoa (mellorar o currículo, coñecer a xente, crecemento persoal, etc.) fronte ás motivacións máis solidarias tradicionais, aínda que estas aínda se manteñen. Asemade, tamén se indica que a mocidade dedica menos tempo semanal á participación en organizacións e que permanecen menos anos vinculados a proxectos ou asociacións, dado que os seus intereses, ademais de ser moi cambiantes, céntranse nas actividades ou proxectos e non nas asociacións ou organizacións. Isto fai que a participación sexa esporádica, puntual, concreta, para

determinadas actividades, etc. O que non permite unha implicación estable, duradeira no tempo ou mesmo con maiores niveles de profundidade e/ou compromiso nas organizacións do tecido asociativo.

Esta reflexión é a mesma á que chegamos en Solidariedade Internacional de Galicia, despois de máis de vinte anos de traballo na nosa comunidade autónoma coa mocidade en diversos ámbitos, así como o traballo que vimos desenvolvendo en rede con outros colectivos sociais. Pois a nosa experiencia como entidade canalizadora de voluntariado, prácticas educativas, prácticas laborais, etc. fai que nos encontremos precisamente con este tipo de actitudes e comportamentos (máis centrados no propio desenvolvemento persoal que nos valores solidarios), por parte daquelas persoas mozas que veñen demandando voluntariado na nosa entidade, o que fai que, máis alá da participación en actividades puntuais, moi poucas veces chegue a producirse un vínculo de pertenza profundo e duradeiro no tempo, realmente comprometido coas causas que a organización reivindica.

Por outra banda, como organización con presenza habitual tamén en círculos de xente nova, como son os centros de ensino, os centros cívicos, espazos de lecer, etc. observamos pouca implicación colectiva da mocidade nas problemáticas sociais tanto locais (as da súa contorna) como globais (as grandes problemáticas mundiais) fronte á súa preocupación polo máis inmediato a curto prazo e máis persoal, como os estudos, o emprego, a vivenda, etc. Observacións que coinciden con algúns extractos do estudio “La juventud hoy: entre la exclusión y la acción. Tendencias de identidades, valores y exclusión social de las personas jóvenes” (Observatorio de la Juventud en España), no que se fai fincapé en que a mocidade está máis centrada nas dificultades propias da vida cotiá (sobrevivir) que no asociacionismo, a participación ou a política, destacando que “a pasividade e certas formas de compromiso parcial, que non individual e puntual, conforman unha imaxe da mocidade que moitas persoas menores de 30 anos asumen e practican” (INJUVE, 2009, p.73).

Ademais de todo o mencionado, hai que ter en conta a influencia das TIC e o seu enfoque global na xeración de novos xeitos de participacións social activa, posto que a mocidade é unha gran consumidora das novas tecnoloxías, moitos deles/as son nativos/as dixitais, e posto que as TICS son instrumentos para a vida ou para o traballo, tamén o son ou poden ser para a participación da mocidade.

A nivel galego, a primeira eiva que atopamos é que son poucos os estudos que ofrezan claves concretas sobre o estado da participación da mocidade en Galicia (os que hai fan referencia ao IJE

2016 xa mencionado), que sirvan para orientar o traballo a prol da capacitación e o fomento da participación. Non se coñece a fondo a forma en que se participa, as condicións que poden afectar a esta participación ou as claves e criterios para orientar as accións de fomento da mesma.

Con todo, no Diagnóstico Situacional elaborado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para o Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2021⁷, a mocidade galega participante no mesmo, revelou que as súas maiores preocupacións son, por esta orde: a educación, o emprego e a igualdade de xénero, quedando a participación e o asociacionismo en onceavo lugar sobre as doce posibles opcións a seleccionar. Isto tradúcese en que tan só un 3,69% da poboación moza galega marcou como prioritaria a participación social, aínda que si destaca como demanda “fomentar a participación real das persoas novas, para deixar de ser só meros consumidores de programas” (Xunta de Galicia, 2021, p.38).

E dado que a participación é un concepto intimamente ligado á idea de democracia, e non exercela supón riscos importantes para a sociedade (actividades negativas ou extremistas, falta de representación política, aumento das diferenzas sociais, etc.), e que tamén é un dereito fundamental recollido na Constitución Española, na Declaración dos Dereitos Humanos e na Lei 6/2012 de Xuventude de Galicia, consideramos que estudar e afondar sobre a participación da mocidade galega é relevante como unha condición para o cambio social xa que permite dar respostas a necesidades e intereses colectivos e transmite os valores dunha cidadanía responsable que precisa de implicación, de compromiso e de solidariedade.

Dende o paradigma da Educación para a Cidadanía Global, perspectiva dende a cal Solidariedade Internacional de Galicia enfoca as súas intervencións socioeducativas (e tendo en conta que a comprendemos como o conxunto de propostas teóricas e prácticas encamiñadas a coñecer e xerar conciencia crítica sobre a realidade mundial, facilitando ferramentas para a participación e a transformación social en claves de xustiza e solidariedade), a participación é condición *sine qua non* para unha cidadanía global crítica, politicamente activa e socialmente comprometida con outros modelos sociais e de desenvolvemento máis xustos e equitativos.

⁷ Este Plan ten o obxectivo de promover as condicións necesarias para a participación libre e eficaz da xuventude na realidade e no desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

3. OBXECTIVOS E PREGUNTAS DA INVESTIGACIÓN

O obxectivo xeral da investigación é achegarnos á realidade da participación social, política e cidadá da xente moza en Galicia a través dunha investigación diagnóstica de carácter propositivo.

➤ *Obxectivos específicos:*

- Describir o estado da participación da mocidade en Galicia: quen participa, en que, como, por que (motivacións /aspectos positivos), por que non (dificultades/ barreiras).
- Coñecer que cambios presenta o modelo actual de participación da mocidade galega respecto a modelos de participación anteriores ou máis tradicionais.
- Propoñer liñas de actuación e/ou ferramentas pedagóxicas que favorezan a participación xuvenil en Galicia.
- Contribuír á promoción dunha cultura participativa con enfoque de Cidadanía Global entre a mocidade galega.

➤ *Preguntas de investigación:*

- Cal é o estado da participación da mocidade galega na actualidade? (quen participa? Sobre que? Como participan?)
- Cales son as principais barreiras ou dificultades que impiden a participación da mocidade galega? (por que non participan?)
- Que se pode facer para superar esas barreiras / dificultades atopadas?
- Ten cambiado nos últimos anos o modelo de participación da xente nova ou séguese participando dos xeitos máis tradicionais?
- Como podemos propoñer liñas de actuación e/ou ferramentas que favorezan a participación dos mozos e mozas galegos/as?
- Como se pode contribuír á promoción dunha cultura participativa con enfoque de Cidadanía Global entre a mocidade galega?

4. MARCO TEÓRICO

4.1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN.

En termos xerais, a Real Academia Galega (RAG) define a “Participación” como a acción e efecto de participar e “Participar” como tomar parte en algo. A partir de aí existen diversos xeitos de entender a Participación, e para situar adecuadamente a investigación é necesario deixar moi claro de que tipo de Participación estamos a falar en todo momento e como é esa Participación queremos estudar.

Para elo, partimos de que existen catro tipos principais de participación, dous vencellados ao ámbito persoal e colectivo, e dous vencellados ao eido político. No primeiro grupo temos a PARTICIPACIÓN PRIVADA, que é fundamentalmente aquela que desenvolvemos de xeito persoal e individual e a PARTICIPACIÓN SOCIAL é a que busca acadar cambios a nivel comunitario ou colectivo. Mentres que existen dous tipos de participación para facer incidencia política, a máis coñecida é a denominada PARTICIPACIÓN POLÍTICA, que se constitúe formalmente nos diversos grupos políticos que se presentan ás eleccións, pero tamén existe a PARTICIPACIÓN CIDADÁ, a cal se incorpora como un xeito de participación na vida política sen ter que formar parte de ningún partido máis estruturado.

Neste senso, debemos subliñar que cando falamos de Participación ao longo deste estudo, estámonos a referir á PARTICIPACIÓN SOCIAL, é dicir, aquela que pretende a transformación social mediante procesos colectivos, aínda que nesta concepción poden incluírse ou mesturarse algúns elementos propios da Participación Política e sobre todo da Participación Cidadá. Isto débese a que é moi complexo delimitar totalmente as accións participativas, que a miúdo son multifacéticas interconectando diversas dimensións.

Unha das definicións máis aceptadas na comunidade internacional, indica que “a participación é a capacidade para expresar decisións que sexan recoñecidas pola contorna social e que afectan á vida propia e/ou á vida da comunidade na que un vive” (Hart, 1993).

Tamén, como explica Cidadanía Sociedade Cooperativa⁸ (entidade experta na promoción da participación e colaboradora neste estudo) “participar é tomar parte en algo; recibir unha parte de algo; intervir, xunto con outras persoas, nun suceso ou actividade; compartir un sentimento, un

⁸ <https://cidadania.coop/es/>

estado de ánimo, unha opinión... É o dereito de toda persoa a dicir a súa palabra e a decidir sobre os asuntos que lle atinxen.”

Así pois, partimos de que participar é desenvolver unha acción colectiva, e por tanto organizada, en interese de terceiros, orientada ao ben común e ás necesidades sociais, e observando o feito da participación coma un proceso a longo prazo, dinamizador dos recursos creativos da poboación para mudar as dinámicas xeradoras de desigualdade e inxustiza ofrecendo respostas locais a problemáticas globais, e entendendo por participación efectiva aquela que realmente contribúa a mellorar e transformar realidades. Falamos dunha participación ligada estreitamente á idea de democracia (de aí os vínculos coa participación política e cidadá) e a entendemos como unha condición indispensable para o cambio social.

Tal como a entendemos en Solidariedade Internacional de Galicia a participación é un proceso a medio-longo prazo de cambio de cultura política nas relacións entre as Administracións Públicas e a sociedade civil, de fomento da cidadanía responsable cos asuntos de interese xeral, de promoción da creatividade comunitaria e de novos modelos colaborativos de relacións entre axentes e de busca dun modelo de toma de decisións cooperativa con base na deliberación.

Dende esta óptica é dende a que analizaremos a Participación Xuvenil en Galicia. Así, nesta perspectiva pódese falar de cidadanía pasiva e activa,

A pasiva confire ao cidadán o carácter de suxeito de dereitos e de obrigacións consagrados na institucionalizada vixente. A cidadanía activa agrega a calidade de axente na determinación continua do contido de fondo das políticas, o concepto de cidadanía activa fai referencia a unha práctica vinculada ao poder que reflexa as loitas sobre quenes poden decidir que problemas se abordan nas políticas públicas, cales son os que se priorizan tanto entre os problemas comúns como nos problemas máis particulares. (Correas e Noe, 1998, p. 6)

Neste senso abordaremos a Participación dende o Enfoque Baseado en Dereitos, xa que permite cambiar o paradigma (ou a perspectiva) asistencialista de observar aos outros e outras como persoas necesitadas a darnos conta de que todos e todas somos titulares de dereitos. Isto é un elemento importantísimo e que fai a diferenza, pois cambia moito cando se traballa no eido social desde un punto de vista asistencial ou outro punto de vista máis integral e transformador. De feito, non estamos a inventar nada novo, pois o certo é que a participación é un Dereito, e como

tal está recollido nos diversos ámbitos, dende o máis global (ou universal) ao máis local (ou próximo). No 1948 en París, asinouse a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que contén un preámbulo e 30 artigos cunha serie de dereitos considerados básicos para toda a humanidade. O documento é unha declaración e non un tratado internacional porque naquel momento non existía consenso entre os Estados sobre a obrigatoriedade de asumir e protexer estes dereitos. No ano 79, Karel Vask organizou os dereitos recollidos na declaración en 3 xeracións. Os dereitos de primeira xeración son os dereitos civís e políticos, baseados na liberdade e igualdade ante a lei e na participación das persoas no exercicio do poder político, e onde se atopa o dereito á Participación. Os dereitos de segunda xeración son os dereitos económicos, sociais e culturais, vencellados co principio de igualdade económica, social e cultural. A terceira xeración de dereitos vinculada coa solidariedade (fraternidade). Na actualidade, estase falando xa dunha cuarta xeración de dereitos humanos, que están directamente relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación social e a súa incidencia na vida das persoas, cuestión que inflúe tamén na propia Participación e nos xeitos de exercela. Polo tanto, a participación atravesa toda a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, converténdose nunha condición necesaria para facelos efectivos.

Tal como indica Fernando de la Riva (2018),

Sen participación non hai dereito á educación, nin ao traballo, nin á cultura, nin liberdade de pensamento ou de expresión, nin ningún dos dereitos que configuran a dignidade esencial das persoas. E iso, porque os dereitos, como é ben sabido, non se conceden, senón que se conquistan, o que significa que a participación social e cidadá é necesaria para reivindicalos, para conquistalos e defendelos. Pero, ademais, calquera dos dereitos carece de sentido se as persoas son meros obxectos pasivos e non suxeitos protagonistas dos mesmos, se non teñen posibilidade de intervir ou tomar parte no exercicio de todos e cada un deles.

Nos artigos 20 e 21 a participación móstrase como a clave esencial da democracia. Efectivamente, falar de participación é falar de democracia: democracia política, pero tamén cultural e económica. Non hai democracia sen participación. E falar de participación é, tamén, falar de poder. Nun dobre sentido: O poder das persoas que toman parte nos procesos socio-comunitarios, que opinan, propoñen, inflúen...ata o punto de chegar a condicionar o sentido e a orientación deses mesmos procesos,

incluídos os de carácter cultural, educativo, económico, social ou político, etc. As que non toman parte ou non participan, han de resignarse a aceptar (ou sufrir) as decisións que toman outras persoas por elas. Así pois, teñen máis poder as persoas que participan socialmente, e ese poder é máis grande canto maior é a súa capacidade de influír nas decisións que lles afectan. Por iso mesmo, unha democracia participativa é aquela en a que o poder está máis compartido e repartido entre a cidadanía.

O segundo significado da participación como poder, refírese ao desenvolvemento de capacidades persoais e colectivas. As persoas e os grupos sociais que participan, que toman parte nos procesos socio-comunitarios, aprenden e desenvolven habilidades e competencias derivadas da súa propia práctica participativa que lles axudan a alcanzar os seus obxectivos. Esas persoas e grupos son máis capaces na medida que participan máis. Poden facer cousas, poden conseguir resultados que serían impensables sen tomar parte e sen sumar as súas forzas con outras persoas. Pola contra, quen non intervén ou non participa, quen se inhibe ou se limita a observar, a miúdo verá limitadas ou anuladas as súas alternativas, os seus dereitos e liberdades, e verase obrigada a atender ás súas necesidades ou intereses en soidade, sen recursos nin apoios, ou se converterá nunha persoa (ou un colectivo) dependente do apoio alleo. Pese ao respecto que nos impón a palabra “poder”, debemos ter claro que sempre, en todos os procesos organizativos, a calquera escala que estes se produzan, existe esa relación estreita entre poder e participación. Precisamente por iso, os sectores máis remisos a compartir o poder, na política, nas institucións, nas propias asociacións e organizacións cidadás, etc., son os que maior alerxia e rexeitamento manifestan e con maior forza resístense á participación.

Porque, como ocorre cos restantes dereitos que recolle a Declaración Universal, tampouco a participación é un dereito que se materializa espontaneamente ou que se outorga de bo grado por parte dos grandes poderes do mundo. Hai moitas resistencias cara ao dereito á participación, por iso o dereito á participación tamén hai que pelexalo e conquistalo, tamén hai que defendelo para todas as persoas, para unha mesma e para aquelas que maior opresión sofren nos seus dereitos.

E a conquista dese dereito á participación pasa tamén, do mesmo xeito que noutros moitos dereitos, pola aprendizaxe, pola educación para a participación, polo

desenvolvemento de valores, coñecementos, actitudes e habilidades, que fagan posible un exercicio crítico e responsable da participación cidadá, e unha práctica colectiva, cooperativa, traballando en equipo, sumando forzas con outras persoas. (De la Riva, 2018, extraído en <https://www.apdha.org/cadiz/el-derecho-a-la-participacion/>).

Falar de participación é falar de poder posto que pasamos de obxecto a suxeito, concretamente a suxeito político activo que forma parte da toma de decisións e solucións colectivas, mentres que si non participamos somos obxecto de medidas e decisións tomadas por outros/as, por iso ademais a Participación está recollida como un dereito na Constitución Española de 1978 (artigos 9.2 e 23.1) e no artigo 4.2. do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ademais en Galicia, xunto con outras comunidades autónomas, contamos cunha lei específica para a participación cidadá na vida pública e política, trátase da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia⁹, a cal se artella a partir do artigo 13.1 do Estatuto de Autonomía que regula o funcionamento do Parlamento de Galicia.

4.2. CONTEXTUALIZACIÓN DA MOCIDADE EN GALICIA.

Posto que o presente estudo se centra nun grupo de poboación moi específico, que é a poboación moza, consideramos tamén relevante aportar unha breve contextualización da mocidade en Galicia. O concepto de mocidade está asociado á etapa de transición á vida adulta, á emancipación. No noso país, España, as competencias en políticas de mocidade son autonómicas, polo que en cada territorio desenvólense políticas de mocidade diferentes.

En Galicia contamos coa Lei 6/2012 de Xuventude de Galicia e, a pesares de que a mocidade enténdese administrativamente a partir dos 16 anos, segundo o artigo 2 da mesma, relativo ao seu ámbito de aplicación “teñen consideración de persoas mozas aquelas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive”, polo que serán as idades que tomaremos como referencia no presente estudo.

Delimitar este colectivo é moi complexo xa que esta franxa de idade non o acouta dun xeito claro. Isto débese a que dentro deste rango de idades (16 anos de diferenza), atopámonos con persoas que viven a adolescencia media (14-16 anos), adolescencia tardía (17-21 anos) e a adultez (22 en diante).

⁹ <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-10202-consolidado.pdf>

Así, a mocidade coincide cunha parte da franxa de idade atribuída á adolescencia, incluíndo polo tanto parte da adolescencia e a xuventude.

Tamén se da o caso de que algunhas persoas do colectivo son menores de idade (14-17 anos) e o resto maiores de idade (18 en diante). Así, tal e como se afirma no vixente Plan de Xuventude de Galicia 2021 “Non hai unha xuventude. Podemos dicir que hai varias, se atendemos a distintos criterios” (p.35), polo que parece ser que o único criterio para que este grupo social sexa observado como colectivo é o criterio cronolóxico. Precisamente que o criterio sexa exclusivamente cronolóxico fai que esteamos a falar dun colectivo moi diverso e heteroxéneo, con diferentes inquiredanzas, gustos, estilos de vida, etc. pois o único que teñen en común é a idade porque incluso a vivencia e experimentación desta etapa do desenvolvemento vital pode ser totalmente dispar. Todo isto haino que ter en conta en calquera estudo sobre a mocidade.

Para o caso que nos ocupa, e segundo datos extraídos do Instituto Galego de Estatística (IGE) como se amosa na seguinte táboa, en Galicia cóntase cun total de 392.027 persoas de entre 14 e 30 anos, 200.881 homes (51,24%) e 191.146 mulleres (48,76%).

Táboa 0

Cifras de poboación por data de referencia, sexo e idade

Idade	Homes	Mulleres	Total
14 anos	11.892	11.130	23.022
15 anos	11.815	11.091	22.906
16 anos	11.716	10.999	22.715
17 anos	11.408	10.756	22.164
18 anos	11.298	10.609	21.907
19 anos	11.567	10.732	22.299
20 anos	11.510	10.754	22.264
21 anos	11.272	10.661	21.933
22 anos	11.262	10.603	21.865
23 anos	11.207	10.672	21.879
24 anos	11.241	10.830	22.071
25 anos	11.483	11.101	22.584
26 anos	12.063	11.655	23.718
27 anos	12.579	12.086	24.665
28 anos	12.673	12.162	24.835
29 anos	12.811	12.417	25.228
30 anos	13.084	12.888	25.972
Total	200.881	191.146	392.027

Nota. Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE (data 1 de xullo de 2020)¹⁰

¹⁰ <http://ir.gl/b9f2b2>

Un dos datos máis estudados arredor da mocidade é a situación da mesma ante o emprego, segundo o estudo sobre a Poboación Xuvenil (EPA 4º trimestre do 2020)¹¹ do Observatorio Galego da Xuventude (OGX), da poboación moza total¹² o 32,44% están ocupados, o 11,58% parados e o 55,98% son inactivos, situando a taxa de ocupación do colectivo no 32,5% e a de paro no 26,3%, dato que ven incrementándose nos últimos tempos (5,3 puntos en comparación co mesmo trimestre do 2019). Se miramos os datos obtidos no estudo do OGX de agosto de 2021 sobre “Parados por nivel académico, sexo e idade en Galicia de 16 a 29 anos¹³” do total de parados nesa data o 55,51% son mulleres e o 44,49% homes. Se desagregamos por nivel de estudos o 36,89% teñen ata o certificado de escolaridade, o 19,30% son titulados universitarios, o 18,90% contan coa E.S.O., o 17,27% con Formación Profesional e o 8,40% ata B.U.P/Bacharelato/C.O.U.

No presente estudo teremos en conta tanto a variable “ocupación” como “nivel de estudos” para comprender si se trata ou non de factores determinante no exercicio da participación social da xuventude galega.

4.3. A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL XUVENIL EN GALICIA.

Na nosa comunidade autónoma hai un forte traballo de promoción da participación da mocidade, impulsado fundamentalmente polas institucións públicas galegas dende as diferentes administracións. Polo que faremos unha pequena síntese dos mecanismos ou equipamentos institucionalizados que nos parecen máis relevantes, tanto para poñelos en valor e coñecelos, como para facilitar a procura de información á propia xente moza interesada en afondar máis.

Así, neste senso, en Galicia contamos co [Plan Estratéxico de Xuventude 2021](#) (en diante PEX2021), promovido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o cal está baseado na [Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia](#), que ten como finalidade “mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia” (p.8).

¹¹ <http://ir.gl/f9bbf0>

¹² Ten en conta á poboación entre 16 e 29 anos polo que non están contabilizados os mozos e mozas de 14, 15 e 30 anos.

¹³ <http://ir.gl/0d77eb>

A citada lei galega de xuventude establece que as administracións públicas fomentarán a participación da mocidade no seu sentido máis amplo para así lexitimar e dotar de maior coherencia as políticas de mocidade, adaptándoas á realidade xuvenil de cada momento, debendo fomentar o diálogo entre as institucións e a mocidade para contribuír ao desenvolvemento individual e colectivo, tratando ademais de renovarse constantemente.

A participación xuvenil, como expresión dos valores democráticos e do pluralismo político, cultural e ideolóxico, que permite á xuventude decidir sobre o seu futuro, poderá exercerse de xeito individual ou colectivo mediante as seguintes formas de participación: as asociacións xuvenís e as súas federacións, as seccións xuvenís de asociacións non xuvenís, as novas formas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica, o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e os consellos locais de xuventude.

O PEX2021 aborda a Participación como eixo vertebrador, de feito inclúe un marco teórico sobre a participación das persoas novas, no que establecen dous enfoques principais para a incorporación das mesmas no “deseño, posta en marcha e avaliación de actuacións dirixidas a elas” (p.25). Un é o enfoque práctico (para facer eficaz o plan) e outro o enfoque ético, filosófico, político e pedagóxico (como elemento imprescindible para a integración social).

Neste plan referéncianse como ámbito prioritario de actuación a Participación (ademais do Emprego, o Rural, o Xacobeo 2021, o Talento e creatividade e a Formación) para o cal establecen 2 obxectivos:

1. Lograr que os mozos e mozas galegos coñezan todos os medios e programas á súa disposición nos diferentes ámbitos, especialmente os recursos que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
2. E fomentar novos canais de comunicación para que a mocidade poida participar e informarse activamente. (Xunta de Galicia, 2021, p. 53)

Da mesma maneira o PEX2021 contempla a Participación e o Asociacionismo máis o Voluntariado como dous eixos de actuación específicos, establecendo para os mesmos unha serie de obxectivos estratéxicos, departamentos implicados e medidas de actuación (ver PEX2021 páxinas 77-85) que deberán guiar os vindeiros anos en materia de xuventude.

Galicia conta ademais cun Observatorio Galego da Xuventude, regulado polo [Decreto 148/2008 do 26 de xullo](#), no que un dos seus últimos estudos, [Poboación Xuvenil- EPA terceiro trimestre 2020](#) nos indica que na nosa comunidade contamos con 318.700 mozos e mozas galegos de entre 16 e 29 anos.

Dende a Xunta tamén se promove a participación da xente nova a través da [Rede Galega de Dinamización Xuvenil](#) é un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV) que busca salvar a distancia existente entre a Administración e a mocidade, creando un servizo de asesoramento e unha canle de difusión adecuados para todos os recursos que dende a Xunta de Galicia se poñen á disposición da poboación máis nova.

Entre os obxectivos estratéxicos da Rede Galega de Dinamización Xuvenil, están “incrementar a participación dos mozos e mozas creando espazos para o debate e a participación” (OE.2) e “motivar á xuventude co obxecto de fomentar a súa participación na sociedade como cidadáns activos” (OE.4), para o cal desenvolven, entre outras, actividades coma as seguintes:

- Ágora Xove – Xornadas de Educación non Formal: un programa orientado á creación de espazos que faciliten a participación dos mozos galegos na vida social, económica e cultural da nosa comunidade autónoma a través da celebración de distintos foros que valoren e consoliden o protagonismo dos mozos na súa contorna.
- Correspondentes Universitarios: un programa que aspira a fomentar a participación activa do alumnado das tres universidades galegas, na difusión e dinamización da información xuvenil entre os seus compañeiros de estudos. Para que este programa teña un maior impacto asinouse un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo e están en fase de tramitación senllos convenios coas universidades de Santiago e A Coruña.
- Curso de Dirección e Xestión de Proxectos de Participación Xuvenil: a través deste curso buscase facilitar aos mozos participantes ferramentas, tanto prácticas como conceptuais, que lles leven a impulsar e executar con éxito proxectos de participación xuvenil no ámbito das organizacións sen ánimo de lucro. Celébrase con carácter anual en cada unha das sete principais cidades galegas (A Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo).
- Parlamento Xove 2021: é unha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán e debaterán sobre un tema formulado pola organización.

Dependentes tamén da DXXPV están os [Espazos Xoves](#), actualmente cóntase con 12 Espazos Xoves situados en localidades das catro provincias: Curtis, Lalín, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Ourense, Tui, Vilagarcía de Arousa, Vilalba e Viveiro.

Por outra banda, contamos coas [Oficinas de Información Xuvenil](#) (OMIX) dos concellos das catro provincias galegas. As OMIX, a diferenza dos Espazos Xoves, dependen de xestión municipal, non autonómica e conforman unha estrutura informativa que presta servizos de información, promoción e dinamización de actividades e atención directa ao público mozo nos respectivos municipios. Actualmente, e segundo os datos amosados na web desta rede, podemos saber que na nosa comunidade autónoma contamos cun total de 237 OMIX, das cales 80 están situadas en concellos da provincia da Coruña, 62 en concellos da provincia de Ourense, 53 en concellos da provincia de Pontevedra e 51 en concellos da provincia de Lugo. Tamén é destacable que todas as OMIX están artelladas a través da [Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil](#) (en diante RGIDX), que as aglutina co obxectivo de “coordinar os esforzos e iniciativas en materia de xuventude, promovidos tanto por organismos privados como por organismo públicos” e dispón ademais dun regulamento específico baixo o [DECRETO 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade](#). O centro neurálxico da RGIDX é o Centro Coordinador de Información Xuvenil posto que é o encargado de coordinar, desenvolver e informar ao resto de centros galegos da mocidade de todas as cuestións de interese en materia de xuventude así como de impulsar actuacións neste eido cooperando coas outras entidades públicas.

Doutra parte, hai que mencionar que tamén existen outros mecanismos e ferramentas de promoción e dinamización da participación xuvenil que non están inxeridos no ámbito organizativo ou estruturado, senón que son auto-xestionados e promoven un tipo de participación non institucionalizada, nos que sería interesante afondar en próximos estudos.

4.4. CONTRIBUCIÓNS Á PROMOCIÓN DUNHA CULTURA PARTICIPATIVA CON ENFOQUE DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL.

O estudo “O extremismo de dereita entre a mocidade española: situación actual e perspectivas”, encargado en 2020 polo Instituto da Xuventude de España co financiamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, no cal se analizan as actitudes e valores da mocidade española cara á diversidade e a tolerancia, conclúe que as persoas novas non están suficientemente preparadas para resistir os discursos de odio (p.59). Con todo, neste informe indícase que a xuventude española, comparativamente, é máis tolerante ante a diversidade que as persoas adultas e que a xuventude europea (p.36) e máis tolerante con relación a anos anteriores (p.37). Asemade se sinala que a

mocidade (e tamén as persoas adultas) é menos tolerante ante a diversidade no que atinxe ás cuestións relixiosas (indícase como causa máis probable a percepción do islam, p.37) e ante os diferentes grupos de migrantes (“persoas árabes (43%), xitanas (42%), latinoamericanas (9%) e asiáticas (5%)” (p.38).

No mesmo estudo analizaron os valores e actitudes da xuventude en relación coa súa ideoloxía, concluíndo que, en xeral, esta está máis posicionada á esquerda que os adultos, e que as persoas mozas tenden a situarse máis cara os extremos (p.43). Indican tamén que os homes soen tender máis á extrema dereita que as mulleres (p.44) e que a menor nivel educativo, máis probabilidades de apoiala (p.45). Para entender por que isto se produce, mencionan que se “identificaron como claves nos procesos de radicalización da extrema dereita entre as persoas mozas: a educación e socialización, a pertenza a determinadas subculturas, os factores socioeconómicos, a contorna dos medios de comunicación e medios sociais e Internet” (p.53). De todos os factores mencionados, indican que o máis relevante é a exposición ao discurso de odio a través dos medios de comunicación, o cal “contribúe a aumentar as actitudes intolerantes” (p.53), chegando a establecer un conexión entre a exposición a estes discursos e o uso da violencia.

Algo moi interesante a destacar do citado estudo, son as recomendacións que fan para evitar a radicalización da mocidade, aglutinándoas en tres eixos: educación e cultura; construción de comunidade; comunicación e sensibilización. Concretamente avogan porque no eixo educativo se mellore o coñecemento sobre dereitos humanos, democracia, estado de dereito, memoria histórica, interculturalidade, alfabetización dixital e pensamento crítico. De igual xeito falan da necesidade de promover a participación cidadá e comunitaria (construción de comunidade) e de desenvolver campañas nas que se promovan valores solidarios e se poña en cuestionamento o argumentario da intolerancia (sensibilización).

Ante este panorama é moi pertinente falar e poñer en marcha mecanismos de Participación Social, pois tal e como vimos indicando ao longo deste informe, a Participación está directamente vencellada á democracia, xa que a través dela se pretende evitar a proliferación de actividades extremistas, a falta de representación política ou o incremento das desigualdades sociais. Por iso comprendemos o feito participativo como unha condición indispensable para a transformación social, pois permite dar resposta a necesidades e intereses colectivos ao mesmo tempo que transmite os valores dunha cidadanía responsable implicada, comprometida e solidaria.

Ademais, recollendo as recomendacións do Instituto da Xuventude de España, as organizacións da sociedade civil temos moita cabida nesa labor de educación, comunicación, sensibilización e construción de cidadanía. E dende este punto de vista, un dos paradigmas de traballo máis axeitados, é o da Educación para a Cidadanía Global (en diante ECG), perspectiva dende a cal se poden abordar todas estas problemáticas en todas as dimensións que aconsellan.

A ECG é unha ferramenta non só educativa senón socioeducativa que responde a unhas metodoloxías e praxes pedagóxicas encamiñadas a xerar a reflexión e o análise crítico das realidades sociais. Como tal, forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes desafíos do século XXI e os seus contidos identifícanse co tratamento global das problemáticas en todos os ámbitos educativos (regrados e non regrados). Trátase dunha pedagogía en prol dunha cidadanía crítica, politicamente activa e socialmente comprometida con outros modelos máis equitativos e xustos para todas as comunidades do planeta. A súa finalidade é pois xerar procesos de participación-acción.

Esta visión constrúese a partir da noción de *ciudadanía cosmopolita* (Nussbaum, 1999), tamén denominada cidadanía global. O concepto de Cidadanía Global ven a reafirmar que todos/as somos cidadáns dun mundo globalizado que require a necesidade dun traballo común para manter o respecto aos Dereitos Humanos. Nesta concepción, as persoas recoñécense pertencentes a unha comunidade de iguais, na que todos/as son suxeitos de dereitos capacitados politicamente para levar a cabo accións transformadoras que promovan o cambio social.

Unha característica salientable da ECG para o caso que nos ocupa, é o seu aspecto multidimensional, pois inclúe a dimensión política (participación, redes, alianzas), a dimensión pedagóxica (xénero, Sur, paz, sustentabilidade), a dimensión intercultural (minorías, diversidade, convivencia, identidade, inclusión) e a dimensión ética (equidade, xustiza social, solidariedade, cooperación). Ademais, a forma na que a ECG se desenvolve na práctica, é a través de 4 dimensións interrelacionadas: Sensibilización, Formación, Investigación e Incidencia política ou mobilización social, o que fai que sexa un instrumento pedagóxico óptimo para incidir nos factores chave e problemáticas sociais identificadas. Pois tal como indica González (1998), para exercer a participación cidadá é necesario facer un exercicio previo de concienciación, formación e sensibilización sobre ás problemáticas sociais (locais e globais) ante as que hai que tomar unha posición. Así, incorporar o paradigma da ECG, achegaranos a acadar o obxectivo máis propositivo da investigación, que non é outro que contribuír á mellora da participación social da mocidade galega para que exerzan unha cidadanía global crítica que impulse as accións colectivas necesarias para acadar os cambios sociais desexados.

4.4.1. O GLOBO: FERRAMENTA PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN

Solidariedade Internacional de Galicia conta cunha ferramenta específica para a promoción da Participación baixo o enfoque da Educación para a Cidadanía Global. Trátase de O GLOBO¹⁴, que ademais de ser unha Escola de Participación é unha ferramenta para a promoción da cidadanía global que promove e visibiliza micro-experiencias de transformación social para compartilas coa sociedade. O Globo é tanto un espazo físico (un encontro anual onde os centros de ensino, as ONG e outras entidades e colectivos sociais, intercambian aprendizaxes, reflexionan e constrúen cidadanía global) coma un espazo web (unha plataforma onde compartir as micro-experiencias de transformación social, atopar información de utilidade, boas prácticas e recursos didácticos).

A finalidade de O GLOBO é a transformación social para acadar:

- Unha conciencia crítica: fórmulas para analizar a realidade, proxectar outros mundos posibles e pasar a acción.
- O compromiso social: con realidades próximas e concretas, indo do local ao global, sabendo que os nosos actos teñen consecuencias (corresponsabilidade).
- A incidencia social e política: espazo de participación cidadá e de comunicación cara á sociedade.
- A colaboración en rede: para coñecer os problemas de primeira man, colaborando con universidades e especialistas.
- O desenvolvemento de competencias: consta dunha parte educativa, que serve para formarse nas habilidades participativas e nos coñecementos, destrezas e valores necesarios para a cidadanía global (atributos).

O GLOBO conta ademais xa cunha metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe propia e que foi deseñada de xeito participativo, a cal segue o esquema Luces/Cámara/Acción:

- LUCES: Acendemos a luz. Partimos dunha motivación (persoal, grupal e social) que nos leva a querer afondar nela para “vela mellor”. Nesta fase trátase de achegarnos á temática de interese revisando os datos existentes: estudos, artigos académicos, resultados de enquisas, etc. para coñecer o problema mediante información contrastada e obxectiva.
- CÁMARA: Achegámonos á realidade descuberta. Analizámola e reflexionamos, de forma crítica. Enfocándoa ben. Como poderíamos cambiala? A partir dos datos que obtivemos,

¹⁴ <https://globo.solidaridadgalicia.org/>

podemos analizar e reflexionar en grupo cales son as causas, cales poden ser as solucións, o papel que xoga cada quen... En resumo, é o espazo para a reflexión crítica sobre o tema.

- ACCIÓN: É o momento de actuar. Que está na nosa man? Como podemos levalo a cabo? Quen pode contribuír? Pensamos en axentes e persoas con poder e incidencia na sociedade. Nesta fase poñemos en marcha iniciativas que teñen un impacto ao noso arredor e buscan concienciar, intervir ou mudar a realidade analizada, aportando unha resposta activa.

Este espazo de Participación, financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia, quere promover novos xeitos de afrontar problemas e facilitar solucións que requiran de accións colectivas a través de liderados que integren os atributos dunha verdadeira cidadanía global, dende un enfoque feminista, intercultural, ecoloxista e con especial atención á xuventude. Por todo elo, consideramos que é unha ferramenta máis que axeita para impulsar a Participación Social da mocidade galega no marco que nos ocupa.

5. ESTUDO EMPÍRICO

5.1. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN.

En xeral, e seguindo a Bohórquez, Andrade, Carrillo e Silva (2018), podemos indicar que o presente estudo se trata dunha investigación aplicada, indutiva, descritiva e mixta tal como se especifica a continuación:

- ⇒ Segundo a función do propósito: aplicada (ou empírica), porque que non busca só indagar senón tamén transformar, é dicir, pretende aplicar ou empregar o coñecemento adquirido para facer propostas de resolución destinadas á acción.
- ⇒ Segundo a inferencia: indutiva porque vai do particular ao xeral, é dicir, que “mediante o análise das características observadas nun reducido número feitos e as súas relacións, permitirá establecer proposicións máis xerais” (Rojas, 2013, p.156).
- ⇒ Segundo a natureza dos datos: é unha investigación mixta porque combina os paradigmas metodolóxicos cuantitativo e cualitativo, permitindo a triangulación e complementariedade dos datos (Driessnack, Sousa e Costa, 2007). Tendo en conta que ambas perspectivas complementábase no coñecemento, explicación e comprensión da realidade social, optouse por esta estratexia xa que ambos enfoques permiten un

achegamento diferente para coñecer distintos aspectos da realidade. O cal nos parece de utilidade para obter unha información moito máis completa e rigorosa do caso a investigar.

⇒ Segundo o nivel de profundidade: descritiva (ou diagnóstica), xa que se basea en caracterizar o fenómeno de estudo expoñendo en detalle os seus trazos para obter unha imaxe o máis completa posible do mesmo. Como estratexia xeral optouse pola investigación diagnóstica de carácter propositivo xa que permite articular o coñecemento e a intervención.

A investigación diagnóstica, seguindo a Escalada, Fernandez Soto e Fuentes (2004)

É un tipo específico de investigación empírica, que nos permite comprender os feitos sociais “situados” ou “contextuados”, brindándonos un dobre resultado. Por unha banda unha cosmovisión orgánica e dinámica dos problemas sociais e as determinacións destes, precisando a magnitude cuali-cuantitativa dos mesmos, desde os cales se pretende xerar un proceso de intervención profesional. Doutra banda, a investigación diagnóstica bríndanos unha delimitación dos espazos estratéxicos para a acción. Isto supón a análise da acción dos actores sociais involucrados, historicamente contextuados. (p.77)

Posto que o estudo se focaliza nunha determinada franxa de poboación (a mocidade) e nun territorio determinado (Galicia), incidimos nunha investigación de carácter emancipador, é dicir, comprometida coa transformación social, organizativa e educativa (Carr e Kemmis, 1986) na que a mocidade ocupa o papel protagonista, non sendo só un obxecto de estudo pasivo ou observable, senón tamén un suxeito activo da propia investigación e, polo tanto, tendo un papel reflexivo, autónomo, de toma decisións e de interpretación da realidade coa finalidade de transformala e melloralas. Tamén pretendemos proporcionar descrições e interpretacións, non xeneralizacións. Trátase de amosar visións plausibles susceptibles de provocar nos lectores/as xeneralizacións naturalistas (Stoke, 1998), de tal xeito que outros colectivos xuvenís ou grupos de mozos e mozas galegos/as, con experiencias semellantes, podan aplicar aspectos das nosas achegas á súa propia experiencia nos seus escenarios particulares ou, cando menos, lles proporcione oportunidades para reflexionar en relación á participación efectiva nos asuntos sociais, políticos, cidadás e cívicos.

Desenvolver este tipo de investigación permite fortalecer as capacidades da participación xuvenil en Galicia que, por unha banda describimos ou diagnosticaremos en profundidade previamente, e por outra, facilita que se propoñan liñas de acción que se podan implementar no futuro para mellorar a

situación do problema investigado, sempre desde a perspectiva pedagóxica crítica, especificamente dende o paradigma da Educación para a Cidadanía Global.

A fiabilidade do procedemento preténdese acadar mediante o rexistro pormenorizado de todo o relativo á recollida de datos así como á súa posterior triangulación para favorecer o diálogo entre ambos enfoques que permitisen acadar unha maior comprensión dos resultados e do fenómeno (Aravena, Kimelman, Micheli, Torrealba e Zúñiga, 2006).

Asemade atendeuse ás consideracións éticas necesarias para realizar a investigación, de maneira que se solicitou un consentimento informado tanto para os datos anónimos procedentes das enquisas como para a recollida de datos cualitativos, que foi comunicado de xeito previo ás distintas sesións co propósito de asegurar a confidencialidade e o dereito ao control dos datos.

5.2. FERRAMENTAS E PROCEDIMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.

5.2.1. CUANTITATIVOS:

a) Enquisa:

Para resolver o obxectivo diagnóstico da investigación, posto que o enfoque cuantitativo “emprega a recollida de datos con base na medición numérica e a análise estatística, para establecer patróns de comportamento e probar teorías” (Sampieri, Collado e Lucio, 2004, p.5), aplicouse unha enquisa (Anexo 1) ao grupo mostra, cuxos resultados se representaron numericamente.

O obxectivo da enquisa foi describir o estado da participación da mocidade en Galicia: quen participa, en que, como, por que (motivacións /aspectos positivos), por que non (dificultades/ barreiras).

Para elo, deseñouse o cuestionario e pasouse de xeito virtual, empregando a licenza profesional de LimeSurvey¹⁵. Trátase dunha aplicación de software libre para a realización de enquisas en liña, que se adapta a todo tipo de cuestionarios (máis sinxelos con poucas preguntas ata avaliacións complexas con opcións condicionais e xestión de puntuacións por respostas) e que na súa versión gratuíta permite un máximo de 25 respostas/mes, polo que procedemos a mercar a súa licenza profesional Básic, a cal permite ata 1.000 respostas ao mes. Eliximos esta aplicación pola súa versatilidade, pois conta con interesantes funcionalidades como a selección de idioma (empregamos o galego), poder facer unha enquisa de forma pública ou só por invitación, respostas anónimas ou con selo de tempo,

¹⁵ <https://www.limesurvey.org/es/>

IP, etc., ademais de ferramentas para a visualización e interpretación dos datos obtidos ou a súa exportación para tratamento fóra da plataforma.

O cuestionario contou con 21 preguntas escritas cunha linguaxe sinxela e na súa maioría pechadas e de resposta múltiple sendo útiles para describir o estado da participación da mocidade galega de entre 14 e 30 anos. As preguntas foron presentadas en dous bloques.

Por unha banda o “Bloque de opinión” incluíu 14 preguntas: as 12 primeiras pechadas de resposta múltiple (sobre niveis/graos de participación e implicación, espazos, ámbitos e xeitos de participación máis empregados, temáticas sociais de maior interese, motivacións e dificultades para exercer a participación, relevancia e implicación no fomento da participación para distintos grupos sociais e entidades, etc.). E tamén se incluíron 2 preguntas abertas (a nº 13 para indagar e recoller as súas ideas sobre como incrementar a participación da xente moza e a nº 14 para dar opción de completar a información con outros comentarios).

Por outra banda, o “Bloque de datos sociodemográficos” contou con 7 preguntas pechadas de resposta única para establecer o perfil da mostra, recolléndose información referente a sexo, idade, nivel de estudos, ocupación, provincia, concello e zona de residencia.

O traballo de campo e recollida de información realizouse entre o 24 de abril e o 24 de maio de 2021, tempo en que a enquisa estivo aberta. Antes desa data compartiuse a ligazón por diversas canles (redes sociais, correo electrónico, WhatsApp, etc.), chegando a facer 333 contactos directos: 246 Oficinas Municipais de Información Xuvenil dos diferentes concellos galegos, 17 persoas do Grupo Motor, 2 docentes da Universidade de Santiago de Compostela, 15 persoas da Universidade da Coruña (docentes, persoal da Oficina de Cooperación e Voluntariado e persoal da Vicerreitoría de Estudantes e Participación), 10 persoas do Prisma¹⁶, 19 docentes de centros educativos de Secundaria, 13 persoas colaboradoras da nosa organización e 7 entidades con traballo ou presenza entre xente moza. A finalidade dos contactos foi que todas estas persoas e entidades compartisen e fixeran chegar a enquisa ao maior número de rapazada posible. Ao longo do proceso levouse a cabo unha intensa labor de seguimento da mesma (Anexo 2)¹⁷.

¹⁶ Comisión aberta de contraste e seguimento das accións do [GLOBO](#) (Escola de Participación e Ferramenta para a promoción da cidadanía global, iniciativa de Solidariedade Internacional de Galicia).

¹⁷ Dado que a táboa de seguimento da enquisa contén datos de carácter persoal e/ou confidenciais, no Anexo 2 que se axunta omítense todos os nomes persoais así como direccións de correo e/ou teléfonos das persoas participantes respectando a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Si se inclúen datos das diferentes OMIX, concellos e administracións públicas galegas posto que foron obtidos de páxinas web de internet de acceso e consulta libre.

O reto que establecemos como propósito, tendo en conta o Universo (poboación moza de Galicia), foi acadar un nivel de resposta de 400 enquisas, que sería o óptimo e que nos situaría nun nivel do +- 5% de erro porcentual, e no seu caso o mínimo a alcanzar serían as 200 enquisas. Finalmente e tendo en conta as nosas limitacións en canto á capacidade de alcance, conseguimos un total de 380 respostas, das cales 212 foron completas e 168 parciais. Posteriormente procedeuse á validación e depuración dos datos, comprobando a consistencia da información, eliminando enquisas que non cumprían os criterios de calidade establecidos (por exemplo todas as respostas parciais) e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse empregando a aplicación LimeSurvey, exportándose en formato .ods (folla de cálculo en OpenDocument).

Mostra:

A enquisa enfocouse a través dunha mostra exploratoria non probabilística, dado que sempre ofrecer maior flexibilidade nunha investigación de reducidas dimensións, sobre todo cando non hai demasiada información previa sobre o tema (Alvira, 2011), como é o caso. Como a mostra non é probabilística non procede o cálculo de erro estatístico. Non se realizou segmentación previa, fíxose a posteriori tendo en conta variables de clasificación preguntadas na enquisa relativas ao sexo, idade, nivel de estudos, ocupación e variable hábitat.

Tal como se amosa na Figura 1, a mostra compúxose dun total de 205 enquisas válidas (logo da súa depuración) e está integrada por mozos e mozas galegos/as de 14 a 30 anos, dos cales 145 foron mulleres, o que representa o 70% da mesma, polo que o estudo conta con certo sesgo de xénero.




Figura 1. Mostra Distribuída por Sexo

Outra das variables a ter en conta foi a idade, que se desagregou en tres tramos: menores de 20 anos; entre 20 e 25 anos; e maiores de 25, non observándose diferencias significativas de participación no estudo ao respecto como se observa na figura 2.




Figura 2. Mostra Distribuída por Rango de Idade

En canto á variable nivel de estudos, na enquisa contempláronse todos os posibles en relación ás franxas de idade mencionadas, mais para o análise considerouse oportuno recodificalos agrupándoos en tres tramos: Primaria-E.S.O.; Bacharelato-Formación Profesional; e estudos superiores universitarios. Neste sentido, pódese observar na táboa 1 unha leve maior participación dos mozos e mozas que están a cursar estudos universitarios (superando o 41% dos/as enquisados/as).

Táboa 1

Mostra distribuída por nivel de estudos

Nivel de estudos recodificado	Número	Porcentaxe
Primaria e E.S.O.	56	27,32%
Bacharelato e Formación Profesional	63	30,73%
Universitario	85	41,46%
NS/NC	1	0,49%
Total	205	100,00%

Nota. Fonte: elaboración propia

En canto ao perfil de ocupación, a maioría dos/as participantes na enquisa (56,1%), son xóvenes que se adican soamente a estudar, mentres que o 27,8% compaxinan traballo e estudos, sendo a menor porcentaxe (16,1%) os mozos e mozas que se dedican en exclusiva ao mundo laboral (tanto en activo como en situación de desemprego).




Figura 3. Mostra Distribuída por Ocupación

En canto á variable zona de residencia, amósase un sesgo xa que responderon maioritariamente dunhas provincias en comparación con outras. A provincia máis representada é A Coruña, cun 53,7% de repostas, seguida de Lugo cun 22,4%, en terceiro lugar Pontevedra cun 15,6% e por último Ourense, con tan só unha representación do 8,3%.

Táboa 2

Mostra distribuída por provincias

Provincias	Número	Porcentaxe
A Coruña	110	53,70%
Lugo	46	22,40%
Ourense	17	8,30%
Pontevedra	32	15,60%
Total	205	100,00%

Nota. Fonte: elaboración propia

En canto á densidade de poboación na que residen as persoas que contestaron á enquisa, logramos unha equidade xa que as porcentaxes de resposta son moi similares, procedendo de zonas urbanas o 33,2%, de zonas semi-urbanas o 34,1% e de zonas rurais o 30,2%.




Figura 4. Mostra Distribuída por Zona de Residencia

5.2.2. CUALITATIVOS:

Para concretar o obxectivo propositivo, que precisa de niveis profundos de reflexión, interacción, discusión e análise por parte dos/as propios/as protagonistas, empregouse o enfoque cualitativo, o cal non ten finalidade de ser medido senón comprendido debido ao seu carácter interpretativo, pois “a realidade se define a través das interpretacións dos participantes na investigación respecto das súas propias realidades” (Sampieri, Collado e Lucio, 2004, p.9). É dicir, que este método nos permitirá observar o fenómeno a estudar (a participación xuvenil) dende a particular e subxectiva visión das persoas que forman parte da investigación.

Para o caso, leváronse a cabo as seguintes técnicas cualitativas de recollida de datos:

a) *Revisión documental:*

A revisión documental forma parte dunha estratexia de triangulación que permite darlle coherencia, fiabilidade e solidez aos datos. A finalidade desta é contrastar a información que provén de diversas fontes. Seguindo a Goetz e LeCompte (1988), realizamos unha revisión de documentación, procedentes de libros, arquivos e páxinas web, sobre estudos previos semellantes para orientar o obxectivo do estudo e se analizaron fontes de datos secundarias relacionadas coa participación e a mocidade (tanto a nivel galego como estatal) para elaborar o Estado da Cuestión, establecer o

Problema de Investigación e elaborar o Marco Teórico. A tarefa de revisión de datos previa foi rigorosa e moi laboriosa debido á cantidade de lecturas, documentos, estudos e informes que se tiveron que manexar.

b) Grupo Motor:

O Grupo Motor é unha estratexia de traballo moi empregado nos procesos de Participación Social o Cidadá, xa que se trata dun grupo mixto e estable durante todo o proceso que ten como actividade principal a de diagnóstico participativo, por iso o eliximos para a recollida de información grupal da investigación.

Conformación do Grupo Motor:

Foi ao inicio do estudo, no mes de xaneiro de 2021, e estivo integrado por 3 persoas de Solidariedade Internacional de Galicia (unha delas actuando de moderadora), 2 persoas da Cooperativa Cidadanía e por 15 persoas referentes galegas, polo seu perfil profesional no ámbito da participación xuvenil, en iniciativas con experiencia en desenvolver procesos coa mocidade, así como mozas e mozos de entidades procurando a representación dos diferentes territorios e diversidade de proxectos (Ver Anexo 4).

Rol do Grupo Motor:

Desenvolveu unha función de guía do estudo, contraste e ordenación da investigación. O papel do Grupo Motor foi tamén facer un seguimento e orientación continua sobre o traballo de investigación, formulando preguntas de investigación, debatendo sobre as informacións acadadas, e trazando liñas estratéxicas.

Desenvolvemento do Grupo Motor:

Coa primeira reunión consideramos que arranca a investigación. Nela póñense en común as preguntas de investigación inicial e recóllense propostas que poidan ser incorporadas aos obxectivos do estudo. A partir de aí traballouse co Grupo Motor en tres fases:

- *Inicio:* xuntanzas virtuais (4 e 6 de febreiro de 2021) Ver Anexo 5 e Anexo 6.
- *Seguimento:* envío de documentación avanzada para modificacións, correccións e aportes (30 setembro e 19 de outubro de 2021).
- *Peche:* envío de documentación definitiva (13 de decembro de 2021).

c) Laboratorios de Participación

Os Laboratorios de Participación, tamén chamados laboratorios sociais, de participación cidadá ou de innovación social, son fundamentalmente unha estratexia para o fortalecemento da participación da cidadanía, posto que, entre outros aspectos, permiten “facilitar e acompañar a investigación, desenvolvemento, prototipado e testeo, tanto de ferramentas e procedementos para mellorar a participación, como de solucións aplicadas a distintos retos (...)” (ColaBoraBora Koop, 2019, p. 13). Así mesmo, seguindo a (Romero-Frías e Robinson-García, 2017)

Os laboratorios sociais son plataformas ideadas para abordar retos sociais que presentan tres trazos: 1) o seu carácter social, congregando xente con distintas características e enfoques para traballar de forma colectiva; 2) o seu carácter experimental, en tanto que procesos de creación continuados no tempo; 3) o seu carácter sistémico, traballando na xeración de prototipos que poden resolver grandes retos (p. 2).

Por elo, no caso do noso estudo, decidimos empregar esta metodoloxía coa finalidade de xerar un espazo de encontro que complementase a investigación, sobre todo no seu aspecto máis propositivo, onde afondar na análise e reflexión crítica sobre a participación xuvenil que dera pé a obter insumos para a xeración de propostas concretas, aplicables e útiles en canto á promoción da participación social. O Laboratorio de Participación levouse a cabo o día 29 de outubro de 2021 (ver Anexo 7 e Anexo 8), no marco do III Encontro de O Globo, onde habilitamos espazos para a reflexión colectiva e crítica (Luces, Cámara e Acción), que permitiu comprender con máis alcance a propia participación das persoas e colectivos presentes. Ademais, procuramos proxectar un futuro mellor no ámbito da transformación social e do traballo asociativo e participativo.

5.3. RESULTADOS.

5.3.1. ESTADO DA PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE GALEGA NA ACTUALIDADE.

a) Niveis de participación

A maioría da mocidade galega participante na enquisa, o 61%, considera que o seu nivel de participación xeral é “puntual, en accións concretas e a curto prazo”, sendo tan só un 10% a mocidade que declara non participar de nada a nivel xeral. Por contra, máis dun cuarto das respostas (o 26,3%) di participar de forma permanente.




Figura 5. Nivel de Participación

Non se observan diferenzas nas respostas a esta cuestión tendo en conta as variables de sexo, idade, ocupación e zona de residencia, pero se nos detemos na variable “nivel de estudos” (Figura 6), observamos como a mocidade en etapa universitaria participa de xeito puntual no 67,1%, fronte ao 50% de rapazada en primaria/ESO e destacar tamén que a pesar disto, son os máis novos con estudos de Primaria e Secundaria os que din participar de xeito máis permanente de entre todos os grupos (41,1%).




Figura 6. Nivel de Participación segundo Nivel de Estudos

b) Espazos de participación

Ao marxe do momento actual da Covid-19, e pensando nun contexto normalizado, os espazos de participación que declaran empregar máis son maioritariamente presenciais, cun 41,5% das respostas, quedando en segundo e terceiro lugar moi parellos os espazos maioritariamente virtuais

(28,3%) ambos por igual (23,9%). Mentres que menos do 6% indica non empregar ningún espazo de participación.




Figura 7. Espazos de Participación Máis Empregados

Se observamos esta interpretación tendo en conta outras variables, tal e como se pode comprobar nas táboas 3, 4 e 5, é destacable que tanto para os menores de 20 como para os maiores de 25 se mantén a mesma pauta, pero para a mocidade de entre 20-25 anos, para os que teñen estudos de Bacharelato/FP e os que residen en zonas urbanas, muda moi lixeiramente esta orde, e aínda que moi parellos entre si, quedando como opción principal os espazos virtuais. Cruzando outros datos, as variables sexo e ocupación non amosan diferenzas significativas.

Táboa 3

Espazos de participación máis empregados segundo a idade

	Entre 14 e 19 anos	Entre 20 e 25 anos	Entre 26 e 30 anos	Total
Maioritariamente presenciais	51,4%	32,4%	40,6%	41,5%
Maioritariamente virtuais ou nas redes sociais	12,9%	36,6%	35,9%	28,3%
Ambos por igual	31,4%	22,5%	17,2%	23,9%
Ningún	4,3%	8,5%	4,7%	5,9%
NS/NC	0,0%	0,0%	1,6%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 4

Espazos de participación máis empregados segundo nivel de estudos

	Primaria/ESO	Bach/FP	Universitario	Total
Maioritariamente presenciais	57,1%	31,7%	37,6%	41,5%
Maioritariamente virtuais ou nas redes sociais	7,1%	36,5%	36,5%	28,3%
Ambos por igual	30,4%	25,4%	18,8%	23,9%
Ningún	5,4%	6,3%	5,9%	5,9%
NS/NC	0,0%	0,0%	1,2%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 5

Espazos de participación máis empregados segundo zona de residencia

	Rural	Semi-urbana	Urbana	Total
Maioritariamente presenciais	45,2%	42,9%	35,3%	41,5%
Maioritariamente virtuais ou nas redes sociais	21,0%	24,3%	39,7%	28,3%
Ambos por igual	25,8%	28,6%	19,1%	23,9%
Ningún	6,5%	4,3%	5,9%	5,9%
NS/NC	1,6%	0,0%	0,0%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

c) Implicación na participación

O grado de implicación nos temas nos que participan co que se senten identificados, tal como se mostra na Figura 7, é maioritariamente alto (40,5%) e medio (35,6%), obtendo entre as dúas opción o 76,10% das respostas totais. Ademais, un 10,7% da mocidade participante neste estudo considera que o seu nivel de implicación é moi alto.




Figura 8. Grao de Implicación nos Temas nos que Participan

Cruzando a variable sexo (ver figura 9), obsérvase como no nivel “moi alto” de implicación sitúanse eminentemente as mozas (12,4%), dobrando a porcentaxe con respecto aos mozos (6,8%).




Figura 9. Grao de Implicación en Función do Xénero

Ademais, neste nivel máximo de implicación na participación, a idade xoga un papel importante, xa que a porcentaxe de persoas implicadas a nivel moi alto vai aumentando paulatinamente a medida que aumenta a idade (pasan de estar moi implicados o 5,7% de mozos e mozas menores de 20 anos, ao 11,3% dos que teñen entre 20-25 anos, ao 15,6% de mozos e mozas maiores de 25). Tamén chama a atención que ningún dos mozos e mozas maiores de 25 anos participantes na enquisa se sitúa en nivel moi baixo de implicación.




Figura 10. Grao de Implicación en Función da Idade

En canto a como perciben o seu nivel de implicación, a porcentaxe vai diminuindo cando avanzamos en nivel de estudos. Así, o 50% da rapazada cursando Primaria ou E.S.O. considera que participa a un nivel alto, diminuindo ata o 41,3% no caso de quen estuda bacharelato ou FP e ata o 34,1% dos mozos e mozas en etapas universitarias.




Figura 11. Grao de Implicación en Función do Nivel de Estudos

Como se amosa na táboa 6, é a mocidade que compaxina estudos con traballo a que reporta unha maior porcentaxe de participación, tanto no nivel “alto” (45,6%) como “moi alto” (o 15,8%).

Táboa 6

Grao de implicación en función da ocupación

	Só estudo	Compaxino traballo e estudo	Só desemprego traballo/	Total
Moi alto	7,8%	15,8%	12,1%	10,7%
Alto	41,7%	45,6%	27,3%	40,5%
Medio	38,3%	28,1%	39,4%	35,6%
Baixo	4,3%	7,0%	12,1%	6,3%
Moi baixo	1,7%	0,0%	0,0%	1,0%
Non participo de ningunha iniciativa	6,1%	3,5%	9,1%	5,9%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

d) Tipos de participación

Como se observa na Figura 12, o 62% dos mozos e mozas participantes no estudo consideran que teñen un xeito de participar Menos activo mediante o cal se involucran ou se suman a propostas doutras persoas/entidades, fronte a un 26,8% que declaran ter un xeito Máis activo de participar nas que fan propostas, actúan e levan a iniciativa. Menos dun 10% indica non participar en nada. Non se observan diferenzas relevantes ao respecto tendo en conta as variables idade, ocupación, estudos e zona de residencia.




Figura 12. Xeitos de Participación Maioritarios

Pero si nos fixamos e analizamos os datos en relación ao sexo das persoas, tal como se amosa na figura 13, son os rapaces os que consideran a súa participación como “máis activa” (o 30,5% deles), fronte ao 25,5% das rapazas. Elas consideran a súa participación “menos activa” (o 64,8%), indicando que se suman a causas moito máis habitualmente do que as promoven. Por outro lado, é significativo que a porcentaxe de rapaces que non participa en nada é o dobre que o das rapazas (13,6% fronte ao 7,6%).




Figura 13. *Xeitos de Participación por Xénero*

Na táboa 7 que se amosa a continuación, obsérvase como a participación vai sendo “menos activa” a medida que se avanza no nivel de estudos. Así, o 68,2% das persoas na universidade únese a propostas doutras persoas ou entidades, fronte ao 22,4% que senten que son máis activos e participan facendo propostas, levando a iniciativa e busco xeitos de actuar autonomamente.

Táboa 7

Xeitos de participación segundo nivel de estudos

	Primaria /ESO	Bach/ FP	Universitario	Total
Máis activo	35,7%	23,8%	22,4%	26,8%
Menos activo	55,4%	60,3%	68,2%	62,0%
Non participo de ningunha das formas	7,1%	12,7%	8,2%	9,3%
NS/NC	1,8%	3,2%	0,0%	1,5%
Outro	0,0%	0,0%	1,2%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Tal como se amosa na táboa 8, a ocupación non é unha variable que determine o xeito de participación da mocidade, pois para todos os grupos a opción coa que máis identificados/as se senten é cos xeitos menos activos. Aínda que se pode subliñar que, de entre os tres grupos, as persoas que se atopan no mundo laboral (xa sexa empregados ou en situación de desemprego) son as que indican unha maior porcentaxe de participación activa (36,4%).

Táboa 8

Xeitos de participación segundo ocupación

	Só estudo	Compaxino traballo e estudo	Só traballo/ desemprego	Total
Máis activo	24,3%	26,3%	36,4%	26,8%
Menos activo	61,7%	66,7%	54,5%	62,0%
Non participo de ningunha das formas	11,3%	5,3%	9,1%	9,3%
NS/NC	2,6%	0,0%	0,0%	1,5%
Outro	0,0%	1,8%	0,0%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

e) *Formas de participación en accións sociais e políticas*




Figura 14. *Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas*

Tendo en conta a figura 14, pódese indicar en termos xerais que:

- O 74,6% dos e das xóvenes, indican participar nunha **manifestación, folga ou mobilización** (51,2% algunha vez e 23,4% habitualmente) fronte a un 24,90% que non o fai ou non o fixo nunca.
- O 59,5% indica ter compartido **información política en redes sociais** (37,1% algunha vez e 22,4% habitualmente) fronte ao 40% que non o fai, sendo menos do 3% os que declaran que non o fan pero lles gustaría facelo.
- O 31,7% dos mozos e mozas indican ter participado como **socio nunha ONG ou asociación** (o 9,8% habitualmente e 21% algunha vez) fronte ao 66,3% que indica que non participa (38,5% nunca e 27,8% non pero lle gustaría).
- O 52,7% da xente moza indica participar en actividades de **voluntariado** (37,60% algunha vez e 15,10% habitualmente) fronte a un 46,4% que non participa (indicando un 25,40% que non o fai pero que lle gustaría facelo).
- O 41% da mocidade **forma parte activa dunha entidade** (aínda que só un 12,70% de xeito habitual e un 28,30% algunha vez) fronte a un 57,1% que non o fai.
- O 20,5% dos/as enquisados/as afirma ser **representante nun órgano de participación** (tan só o 5,4% de xeito habitual e o 15,1% algunha vez) fronte ao 79,1% que non participa deste xeito.

- O 31,7% dos mozos e mozas participan en **programas dirixidos á mocidade**, dos cales tan só o fan de xeito habitual un 7,3%, fronte ao 66,30% que non participan deste tipo de programas, chamando a atención que un 39,5% dos mesmos non indican que lles gustaría facelo.
- O 26,4% da xuventude desenvolve **participación autoxestionada** (aínda que só o fai habitualmente o 4,4%), fronte ao 71,20% que non se involucra neste tipo de participación (dos cales o 44,4% non indica que lles gustaría facelo).

Polo tanto, das opcións que se plantexaban, as formas de participación dos mozos e mozas galegos involucrados na enquisa en orde de preferencia son: asistir a manifestacións, folgas e mobilizacións, compartir información de carácter político nas redes sociais e as actividades de voluntariado. Pola contra, as formas de participación menos exercidas pola nosa mocidade son, (nesta orde): ser representante dun órgano de participación, a participación autoxestionada, os programas promovidos polas institucións dirixidos especificamente á mocidade e formar parte activa dunha entidade. Ademais, hai xeitos de participar que non levan a cabo no presente, pero que manifestan que lles gustaría desenvolver. É o caso de participar como socios de ONG (27,8%), participar en programas dirixidos á mocidade (26,8%) e participar de forma autoxestionada (26,8%).




Figura 15. Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas das Mulleres

Por outra banda, tendo en conta a variable “sexo”, tal como se amosa na figura 15, obsérvase que as mulleres indican maioritariamente, cun 58%, participar en actividades de voluntariado (17,9% habitualmente e 40,7% algunha vez) e un 26,9% que non participa pero lle gustaría facelo, fronte a un 13,1% que nin participa nin quere facelo.

E pola súa banda, como vemos na figura 16, o grupo de homes indicou maioritariamente, cun 62,7%, non participar en voluntariado (fronte ao 37,3% que si o fai).




Figura 16. Formas de Participación en Accións Sociais e Políticas dos Homes

Por outra banda, seguindo as táboas 9, 10 e 11, pódese destacar que se observan algunhas diferenzas segundo as respostas dos distintos tramos de idade.

Por exemplo, o tramo de menor idade (menores de 20 anos) indica nun 53% non ter compartido nunca información de carácter político en redes sociais, mentres que os outros dous tramos maioritariamente si o fan (71,8% o tramo de entre 20-25 e 59,4% os maiores de 25).

Do mesmo xeito, o 70% dos/as menores de 20 anos indican non participar en actividades voluntariado, mentres que os outros dous tramos de idade indican de xeito maioritario si facelo (67,6% os mozos/as de entre 20-25 anos, e 62,5% para os maiores de 25).

Táboa 9

Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 14-19 anos

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	14,3%	41,4%	22,9%	21,4%	0,0%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	17,1%	30,0%	51,4%	1,4%	0,0%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	0,0%	11,4%	37,1%	45,7%	5,7%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	8,6%	20,0%	32,9%	37,1%	1,4%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	14,3%	28,6%	32,9%	20,0%	4,3%	100,0%
Representante nun órgano de participación	4,3%	17,1%	60,0%	18,6%	0,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	4,3%	20,0%	45,7%	28,6%	1,4%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 10

Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 20-25 anos

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	36,6%	56,3%	5,6%	1,4%	0,0%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	29,6%	42,3%	25,4%	1,4%	1,4%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	8,5%	26,8%	42,3%	21,1%	1,4%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	19,7%	47,9%	9,9%	22,5%	0,0%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	12,7%	25,4%	28,2%	33,8%	0,0%	100,0%
Representante nun órgano de participación	7,0%	16,9%	63,4%	12,7%	0,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	11,3%	31,0%	31,0%	25,4%	1,4%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 11

Formas de participación en accións sociais e políticas segundo idade 26-30 anos

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	18,8%	56,3%	17,2%	6,3%	1,6%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	20,3%	39,1%	35,9%	4,7%	0,0%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	21,9%	25,0%	35,9%	15,6%	1,6%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	17,2%	45,3%	20,3%	15,6%	1,6%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	10,9%	31,3%	35,9%	20,3%	1,6%	100,0%
Representante nun órgano de participación	4,7%	10,9%	73,4%	9,4%	1,6%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	6,3%	21,9%	42,2%	26,6%	3,1%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

As formas de participación da mocidade galega tendo en conta a variable estudos, como se reflexa nas táboas 12, 13 e 14 (ao igual que acontecía cos mozos e mozas menores de 20 anos), aqueles estudantes de Educación Primaria e de E.S.O. indican na súa maioría (57%) non compartir información de carácter político en redes sociais, mentres que para as e os estudantes de Bacharelato/FP e universitarios/as é un xeito de participación maioritaria (61,9% Bach/FP e 69,4% universitarios/as).

Así mesmo, tamén é destacable que a medida que se incrementa o nivel de estudos, se vai incrementando a participación como socios/as dunha ONG ou asociación, 12,5% para o grupo de estudantes de Primaria/ESO, 33,3% para o grupo de Bacharelato/FP e 40% para as/os estudantes universitarios. Unha plausible interpretación deste dato é que os e as estudantes van dispoñendo de máis posibilidades económicas a medida que crecen e van superando as diferentes etapas educativas.

Táboa 12

Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos de Primaria/ESO

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	14,3%	46,4%	21,4%	17,9%	0,0%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	12,5%	30,4%	57,1%	0,0%	0,0%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	0,0%	12,5%	39,3%	42,9%	5,4%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	10,7%	17,9%	33,9%	35,7%	1,8%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	16,1%	26,8%	37,5%	16,1%	3,6%	100,0%
Representante nun órgano de participación	5,4%	14,3%	62,5%	17,9%	0,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	7,1%	23,2%	44,6%	23,2%	1,8%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 13

Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos de Bach./FP

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	14,3%	46,4%	21,4%	17,9%	0,0%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	12,5%	30,4%	57,1%	0,0%	0,0%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	0,0%	12,5%	39,3%	42,9%	5,4%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	10,7%	17,9%	33,9%	35,7%	1,8%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	16,1%	26,8%	37,5%	16,1%	3,6%	100,0%
Representante nun órgano de participación	5,4%	14,3%	62,5%	17,9%	0,0%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	7,1%	23,2%	44,6%	23,2%	1,8%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Táboa 14

Formas de participación en accións sociais e políticas con estudos universitarios

	Si, habitualmente	Si, algunha vez	Non, nunca	Non, pero gustárame	NS/NC	Total
Asistir a unha manifestación, folga ou mobilización	28,2%	60,0%	8,2%	2,4%	1,2%	100,0%
Compartir información de tipo político nas redes sociais	25,9%	43,5%	25,9%	3,5%	1,2%	100,0%
Participar como socia ou socio dunha ONG ou asociación	14,1%	25,9%	38,8%	18,8%	2,4%	100,0%
Participar en actividades de voluntariado	20,0%	56,5%	10,6%	11,8%	1,2%	100,0%
Formar parte activa dunha entidade	12,9%	31,8%	27,1%	27,1%	1,2%	100,0%
Representante nun órgano de participación	5,9%	17,6%	65,9%	9,4%	1,2%	100,0%
Participar en programas dirixidos á mocidade e promovidos desde as institucións	9,4%	29,4%	31,8%	27,1%	2,4%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Esta interpretación confírmase si observamos a variable ocupación nas figuras 17, 18 e 19, pois da xuventude que só estuda o 19,1% participa como socio/a dunha ONG/asociación (sumando habitualmente e algunha vez) mentres que os que só traballan (45,45%) e os que compaxinan estudos e traballo (45,61%) amosan maiores niveis de participación neste senso.




Figura 17. Participar nunha ONG ou Asociación Ocupación só Estudantes




Figura 18. Participar nunha ONG ou asociación Ocupación Compaxinan Traballo e Estudos




Figura 19. Participar nunha ONG ou asociación segundo Ocupación só Traballo/Desemprego

En canto ás formas de participación da mocidade tendo en conta a variable zona de residencia, como amosa a figura 20, obsérvase que canto máis rural é a zona dáse unha maior participación en entidades ou asociacións locais, pois sumando as porcentaxes de Si (habitual e algunha vez) obtemos que o fan o 54,8% (maioría) dos mozos e mozas de zonas rurais, o 35,7% dos de zonas semi-urbanas e o 32,4% dos que viven en zonas máis urbanas.




Figura 20. Formar Parte Activa dunha Entidade Local segundo Zona de Residencia

f) Ámbitos de participación

A mocidade galega enquisada, seguindo a figura 21, participa maioritariamente no eido do Deporte (80%), en segundo lugar no da Educación/Cultura (75,1%) e en terceiro lugar no eido da Participación Social (64,9%). O eido da política é no menor nivel de participación se rexistra de todas as opcións, cun 21,5%, superado pola opción “outros ámbitos”.




Figura 21. Ámbitos nos que Participan

Desagregando os datos xerais por sexo como se destaca na figura 22, o ámbito de participación máis destacado para as mulleres é a Educación e Cultura (77,9%) sendo para os homes é o Deporte (89,8%). Chama a atención asemade que o eido da Participación Social é exercido por un 73,1% das mulleres, fronte ao 44,1% dos homes, o que indica que é un ámbito de interese maioritario para as mulleres pero minoritario para os homes.




Figura 22. Ámbitos nos que Participan segundo Xénero

É curioso que, observando a variable de idade (figura 23), ningún dos tramos desagregados indica como opción maioritaria o Deporte como ámbito de participación máis exercido, senón que nos tres tramos o eido de participación máis indicado é a Educación e Cultura. E chama tamén a atención que a maior rango de idade menor nivel de implicación no ámbito da Participación Social (78,6% para os mozos/as menores de 20 anos, 77,5% para os que teñen entre 20-25 e 62,5% para os maiores de 25).




Figura 23. Ámbitos nos que Participan segundo Idade

Tamén se pode observar na figura 24, que mentres que para niveis de estudo pre-universitarios o ámbito de participación máis desenvolvido é o Deporte (Primaria/ESO cun 91,1% e Bacharelato/FP cun 79,4%), para a mocidade en etapas universitarias o eido de participación máis destacado é precisamente a Educación e Cultura (84,7%), seguido da Participación Social (77,6%), quedando o eido do Deporte como terceira opción cun 72,9%. Parece pois que a Universidade é unha etapa na que os intereses da mocidade mudan, aínda que podería ser tamén circunstancial e ser debido a que nas universidades, ubicadas en cidades, ofrecen máis eidos de participación dos que se dispoñen en etapas previas.




Figura 24. Ámbitos nos que Participan segundo Estudos

Para aqueles mozos e mozas que só estudan, o Deporte é o ámbito de participación máis estendido (81,7%), mentres que para aqueles/as que xa traballan o ámbito onde máis se implican é na Educación-Cultura, ben sexa que sexa a súa única ocupación (75,8%) ou que a compaxinen con estudos (86%) tal como se amosa na figura 25.




Figura 25. Ámbitos nos que Participan segundo Ocupación

Segundo as zonas de residencia (ver figura 26), é subliñable que nas zonas rurais e semi-urbanas os dous xeitos de participación maioritarios son, en primeiro lugar o Deporte e en segundo lugar a

Educación e Cultura, pero para as zonas urbanas, a opción maioritaria é Educación e Cultura primeiro e Participación Social en segundo lugar (79,4%), quedando o Deporte como terceira opción.




Figura 26. Ámbitos nos que Participan segundo Zona de Residencia

g) Ámbitos de interese

Non se observan diferencias demasiado significativas entre os ámbitos nos que xa participan e nos que lles gustaría participar, pois en termos xerais, as opcións máis destacadas son a Educación e Cultura, a Participación Social e o Deporte, pero si se observa un cambio de tendencia na orde de preferencia (figura 27), pasando a Participación Social ao segundo eido máis indicado (estaba no terceiro máis exercido). Tamén podemos observar un lixeiro incremento no ámbito da Participación Política, que abandona o último lugar como eido menos exercido, a penúltimo, subindo dun 21,5% a un 39%.




Figura 27. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar

Tendo en conta a variable sexo (figura 28), as mulleres indican que o eido no que máis lles gustaría participar é a Participación Social (88,3%), mentres que para os homes o principal é o Deporte (78%), coincidindo como segunda preferencia a Educación e Cultura para ambos.




Figura 28. Ámbitos nos que lles gustaría Participar por Xénero

Segundo tramos de idade, aos menores de 20 anos gustaríalle participar en maior medida en Deporte, mentres que aos de 20-25 e os maiores de 25, Educación e Cultura e Participación Social son os ámbitos nos que declaran ter maior interese (ver figura 29).




Figura 29. Ámbitos nos que lles gustaría participar por Idade

A mocidade con estudos de Primaria/ESO amosa máis interese en Deporte, as/os estudantes de Bacharelato e FP están máis interesados no eido da Educación e cultura e para os que contan con estudos universitarios o maior interese é a Participación Social (ver táboa 15).

Táboa 15

Ámbitos nos que lles gustaría participar segundo nivel de estudos

	Primaria/ESO	Bach/FP	Universitario
Deporte	89,3%	71,4%	64,7%
Educación e cultura	73,2%	87,3%	87,1%
Participación social	64,3%	77,8%	92,9%
Participación política	35,7%	39,7%	41,2%
Outras	41,1%	23,8%	34,1%

Nota. Fonte: elaboración propia

Aquela xuventude que só estuda (figura 30) destaca que o seu maior interese en participación é no eido da Educación e cultura, mentres que para aquela que só traballa, a Participación Social é máis relevante.




Figura 30. Ámbitos nos que lles gustaría Participar segundo Ocupación

Ademais, atendendo á variable de zona de residencia, como se observa na figura 31, a mocidade de zonas rurais amosa un maior interese na Participación Social (85,5%), mentres que os das zonas semi-urbanas seguen a decantarse polo Deporte e os máis urbanitas pola Educación e Cultura.




Figura 31. Ámbitos nos que lles Gustaría Participar por Zona de Residencia

h) Temas Sociais de maior interese e/ou preocupación

En termos xerais, seguindo a figura 32, os tres temas sociais nos que a mocidade indica estar máis interesada en participar son o Feminismo e igualdade de xénero (57,6%), Medioambiente e sustentabilidade (46,8%) e Xustiza social e solidariedade (32,7%).

A maioría da mocidade participante na enquisa está interesada no Feminismo e a igualdade de xénero, obtendo unha porcentaxe do 57,6%. É a única opción entre as que podían escoller que acada unha puntuación de maioría. Os temas sociais nos que a mocidade indica ter menor interese son a diversidade funcional (10,7%), o Consumo responsable e Comercio Xusto (12,7%) e as Minoría e colectivos vulnerables (13,7%). Tan só un 2,9% indica que non lle interesa participar en ningún tema social, cando menos dos propostos na enquisa.




Figura 32. Temas de Carácter Social de Máis Interese

Tendo en conta a variable sexo, obsérvase unha significativa diferenza sobre os temas de interese e/ou preocupación entre mulleres e homes, tal como se reflexa na figura 33.

Para o grupo de mulleres, o interese social máis relevante é o Feminismo a igualdade de xénero, moito por diante do resto de temáticas cun 68,3% (único que reúne maioría), seguido do Medioambiente e sustentabilidade (45,5%) e a Xustiza e Solidariedade (29%). Pola contra, para o grupo de homes ningún tema acada maioría, sendo os temas de máis interese para eles o Medioambiente e sustentabilidade (49,2%), a Xustiza e solidariedade (42,4%) e a Política e Democracia en terceiro lugar (39%).

É significativo que, mentres para as mulleres o Feminismo acada unha ampla maioría, de case o 70%, para o grupo de homes esta cuestión sitúase en sexto lugar, con tan só o 30,5% de representatividade, o que supón unha diferenza de case o 40 puntos porcentuais.

Outro dato que chama a atención observando as diferentes respostas en función do xénero, é sobre o tema Política e Democracia, pois mentres que para o grupo de homes esta cuestión se sitúa en

terceiro lugar cun 39% de representatividade, para o grupo de mulleres é a última opción escollida, con menos dun 10% dos votos.

Doutra banda, por tramos de idade, por niveis de estudo, por ocupación e por zona de residencia non se observan diferenzas relevantes, pois o Feminismo e igualdade de xénero é o máis relevante para todos os grupos, sendo a Diversidade Funcional un dos temas que menos interese suscita.




Figura 33. Temas de Carácter Social de Máis Interese por Xénero

i) Principais razóns ou motivacións para participar

En xeral, tal como se observa na figura 34, a mocidade galega participante no estudo ten dúas razóns ou motivacións maioritarias para participar, en primeiro lugar “Facer algo para cambiar/mellorar o mundo” (69,3%) e “Axudar a outras persoas” (55,6%). En menor medida, e xa sen respaldo maioritario sitúase “Compartir experiencias con outras persoas” cun 42,9%.

Asemade a opción “obter recoñecemento social” é a opción menos votada cun 3,4% (sen ter en conta as persoas que indican non participar en nada e non ter motivación ningunha (menos do 4% en calquera caso). Non se observando diferenzas significativas atendendo ás variable de xénero, idade, nivel de estudos, ocupación e zona de residencia, pois as 3 principais motivacións para participar son as mesmas que a nivel xeral.




Figura 34. Principais Motivacións para Participar

j) Principais dificultades para participar máis

Como se pode comprobar na figura 35, a maioría da xuventude sinala a “Falta de Tempo” (64,4%) como a causa principal de non poder participar máis en xeral ou en máis cousas. En segundo lugar indican a “Falta de información” (47,8%) e en terceiro lugar a “Falta de recursos/ofertas” (44,9%). Menos do 4% dos/as enquisados/as indica que non lle interesa a participación.

Non existen diferenzas significativas a este respecto tendo en conta o resto de variables. Nin sequera representa un problema principal o tema do transporte para a mocidade residente en zonas rurais, premisa que ás veces se pon enriba da mesa sen moito fundamento (cando menos tendo en conta exclusivamente os datos do presente estudo).




Figura 35. Impedimentos para Participar Máis

k) Percepcións sobre a participación dos grupos sociais

Nunha escala do 1 ao 10 (onde 1 é a puntuación máis baixa e 10 a máis alta), a mocidade galega participante na enquisa, segundo a figura 36, valora o grao de participación da poboación xeral en menos dun 5 (4,8 exactamente), o grao de participación da mocidade aprobado raspado (5,3), medida semellante a como interpreta o seu propio grado de participación (5,7 sendo a puntuación máis alta).

En resumen, os mozos e mozas consideran que eles mesmos participan máis que o seu grupo de iguais e que a mocidade como colectivo participa máis que o grupo da poboación en xeral. Iso si, con a penas 1 punto máis de media. Esta percepción repítese observando o resto das variables de xeito independente.




Figura 36. Valoración sobre o Grao de Participación dos Diferentes Grupos Sociais.

l) Percepcións sobre a promoción da participación xuvenil

En xeral, segundo a figura 37, consideran que quen máis promove a participación da xente moza é a propia mocidade xunto coas asociacións e ONG, empatadas con 3,2 puntos de media. Asemade consideran que a Xunta de Galicia, cunha media de 2,5 e os Concellos, con 2,6, son as entidades que menos a promoven. Como se pode observar no gráfico, a valoración que fan sobre a implicación das institucións educativas na promoción da participación xuvenil, obteñen valoracións intermedias. Estas valoracións dan pé a todas as entidades implicadas na participación da mocidade a procurar novas formas de achegar a rapazada á participación




Figura 37. Percepción da Implicación das Entidades na Promoción da Participación (Nota. Baremo sobre 5)

Tendo en conta as variables “idade”(táboa 16), “nivel de estudos” (táboa 17) e “ocupación” (táboa 18) e “zona de residencia” (táboa 19), obsérvase unha pequena diferenza, pois o grupo de menor idade, menores de 20 anos, o grupo con estudos de Primaria e E.S.O. e o grupo residente en zonas rurais, consideran que onde máis se promove a participación moza é nos institutos e nas escolas.

O resto dos tramos de idade, niveles de estudo, ocupación e zonas de residencia coinciden nas valoracións xerais priorizando á propia mocidade e ao asociacionismo e ONG como as que máis promoven a participación xuvenil.

Táboa 16

Percepción por idade da implicación das entidades na promoción da participación xuvenil

	Entre 14 e 19 anos	Entre 20 e 25 anos	Entre 26 e 30 anos	Total
Asociacionismo/ONG	2,9	3,6	3,2	3,2
Concellos	2,7	2,5	2,5	2,6
Xunta de Galicia	2,8	2,4	2,4	2,5
Educación primaria	3,4	2,7	2,7	2,9
Educación secundaria	3,6	2,8	2,7	3,0
Universidade	2,9	3,3	3,0	3,0
A propia mocidade	3,2	3,5	2,9	3,2

Nota. Baremo sobre 5. Fonte: elaboración propia

Táboa 17

Percepción segundo nivel de estudos da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil

	Primaria/ESO	Bach./FP	Universitario	Total
Asociacionismo e ONG	2,9	3,3	3,4	3,2
Concellos	2,7	2,6	2,5	2,6
Xunta de Galicia	2,8	2,6	2,3	2,5
Educación primaria	3,5	2,9	2,6	2,9
Educación secundaria	3,7	2,9	2,7	3,0
Universidade	2,8	3,2	3,1	3,0
A propia mocidade	3,2	3,0	3,3	3,2

Nota. Baremo sobre 5. Fonte: elaboración propia

Táboa 18

Percepción segundo ocupación da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil

	Só estudo	Compaxino traballo e estudo	Só traballo/ e desemprego	Total
Asociacionismo e ONG	3,2	3,3	3,4	3,2
Concellos	2,6	2,6	2,6	2,6
Xunta de Galicia	2,7	2,3	2,5	2,5
Educación primaria	3,1	2,7	2,8	2,9
Educación secundaria	3,2	2,7	2,9	3,0
Universidade	3,0	3,1	3,0	3,0
A propia mocidade	3,2	3,2	3,1	3,2

Nota. Baremo sobre 5. Fonte: elaboración propia

Táboa 19

Percepción segundo zona de residencia da implicación dos diferentes axentes na promoción da participación xuvenil

	Rural	Semi-urbana	Urbana	Total
Asociacionismo e ONG	3,2	3,2	3,2	3,2
Concellos	2,7	2,6	2,4	2,6
Xunta de Galicia	2,6	2,6	2,4	2,5
Educación primaria	3,3	3,0	2,5	2,9
Educación secundaria	3,3	3,1	2,7	3,0
Universidade	3,0	3,1	3,1	3,0
A propia mocidade	3,2	3,2	3,3	3,2

Nota. Baremo sobre 5. Fonte: elaboración propia

m) Sobre a importancia da participación

Segundo a figura 38, a percepción dos mozos e mozas sobre a importancia que lle dan os diferentes grupos sociais á participación para a mellora da sociedade, é que é máis importante para eles e elas (media do 7,3 sobre 10), seguido da mocidade en particular (6,1) e por último da poboación en xeral (5,5).




Figura 38. Percepción da Importancia da Participación para a Transformación Social

n) A Participación segundo a Idade

Se ademais de ter en conta a enquisa realizada, triangulamos a información cos datos obtidos no desenvolvemento das sesións do Grupo Motor¹⁸ (Anexos 5 e 6), obsérvanse diferenzas en canto ao nivel de participación da xente nova segundo o rango de idade no que se encontran.

Pois houbo un nivel de consenso alto sobre a afirmación de que o grupo de mozos/as maiores de 20 anos é máis participativo que o grupo que está por debaixo desa idade. Para o Grupo Motor, isto ten que ver con dúas cuestións: as capacidades e as posibilidades. No que atinxe ás posibilidades destacan dous escenarios diferentes: 1) unha maior posibilidade a nivel persoal da mocidade por contar con maior liberdade, e 2) no caso das organizacións, ven reducidas as súas posibilidades xa que implicar a menores de idade leva consigo unha serie de dificultades (permisos, seguros, cuestións burocráticas, etc.).

O Grupo Motor considera que a participación en idades máis temperás canalízase a través doutras actividades como o deporte, idea que non concorda cos datos obtidos na enquisa, nos que, a pesar de que en xeral o Deporte si é o ámbito de participación máis exercido para a mocidade como conxunto (ver figura 21), obsérvase tamén que ningún dos tramos de idade o indica como primeira opción (ver figura 23).

O Grupo Motor cree que os mozos e mozas menores de 20 anos priorizan a participación virtual (novas tecnoloxías, redes sociais), algo que tampouco concorda cos resultados da enquisa, xa que se nos fixamos na táboa 3, os espazos virtuais son empregados tan só polo 12,9% de mozos/as desta franxa de idade fronte a un 51,4% empregan o presencial.

Asemade, o GM considera que a menor idade, a participación é máis pasiva, menos profunda e máis esporádica, pero os resultados da enquisa indican que estes son os xeitos de participación máis habitual para todos os grupos de idade, situándose de feito en valores semellantes (61,4% para os menores de 20 anos, 60,6% entre 20 e 25 anos e 62% entre 25 e 30 anos) tal e como se amosa na páxina seguinte na Táboa 20.

¹⁸ En diante GM

Táboa 20

Xeitos de participación segundo idade

	Entre 14 e 19 anos	Entre 20 e 25 anos	Entre 26 e 30 anos	Total
Máis activo	30,0%	21,1%	29,7%	26,8%
Menos activo	61,4%	60,6%	64,1%	62,0%
Non participo de ningunha das formas	5,7%	15,5%	6,3%	9,3%
NS/NC	2,9%	1,4%	0,0%	1,5%
Outro	0,0%	1,4%	0,0%	0,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Nota. Fonte: elaboración propia

Outra das consideracións do GM é que o grupo de maiores de 20 anos participa máis no movemento asociativo e organizado, mentres que os menores de 20 participan doutras formas menos estruturadas ou institucionalizadas. Esta idea tampouco é respaldada polos resultados da enquisa, pois a figura 39 amósanos que esta forma de participación é moi minoritaria para todos os grupos de idade, obtendo valores moi parellos, incluso podería dicirse que a rapazada menor de 20 anos é a que menos participación non institucionalizada exerce e a que máis a descoñece (5,70%).





Figura 39. Exercicio da Participación Autoxestionada segundo Idade

Algunhas outras reflexións de interese aportadas polo GM falan de que non só hai que ter en conta a visión cuantitativa, pois esta nubra a parte cualitativa e fai que só se teña en conta o número de mozos/as que participan e non a calidade ou envergadura dos procesos que desenvolven os que si o fan, e que polo tanto todo depende de onde se queira poñer o foco.

De igual maneira, queda aberta a reflexión que xira en torno a que a mocidade máis nova ás veces participa de xeitos involuntarios mentres que os máis maiores o fan de maneira intencionada, polo que se abre a pregunta: É participación realmente si non é exercida consciente e intencionadamente?

5.3.2. PRINCIPAIS BARREIRAS OU DIFICULTADES QUE IMPIDEN UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE GALEGA.

Tendo en conta tanto os resultados da enquisa cumprimentada pola mocidade (apartado 5.3.1.J. deste estudo) como as conclusións, información e ideas aportadas polo conxunto do Grupo Motor (Anexo 6, páx. 5) e a fase de Luces do Laboratorio de Participación (Anexo 7), as principais barreiras, impedimentos ou dificultades para unha maior participación xuvenil identificadas pódense categorizar da seguinte maneira:



FALTA DE TEMPO

- A falta de tempo foi identificada, polo 64,4% dos mozos e mozas enquisados/as, como a causa principal de non poder participar máis ou en máis cousas.
- O Grupo Motor considera que a falta de tempo é clave porque hai unha presión social cara a xuventude, cara conseguir obxectivos como os estudos ou o traballo e outras afeccións como a música, os idiomas, mesmo os deportes, que a ten realmente ocupada. E como a mocidade se ve na presión de ter que rematar uns estudos (para o día de mañá estar o mellor formada posible para poder acceder a un emprego e ter unha vida digna), isto fai que priorice o seu tempo en aspectos máis individuais e de índole formativo sobre outro tipo de cuestións.
- Aínda que, afondando un pouco máis sobre a falta de tempo, observamos que máis que unha falta de tempo, realmente é unha cuestión de como se organizan ou a que lle dan prioridade no tempo do que dispoñen.

FALTA DE INFORMACIÓN

- A falta de información foi a segunda barreira máis acusada, apoiada polo 47,88% da rapazada que realizou a enquisa.
- As carencias de información, no sentido dunha falta de coñecemento e visibilidade sobre as cousas/causas nas que se pode participar tamén foi mencionado no Grupo Motor, indicando que se fai máis apremiante para aqueles mozos e mozas que nunca participaron en nada e que si non buscan proactivamente de xeito específico, nunca lle chegan posibilidades de participación. Isto acontece máis dende o punto de vista da participación máis organizada ou institucionalizada.
- Din os mozos e mozas presentes no Grupo Motor que *“só participamos nas organizacións que coñecemos e coñecemos poucas”* porque as organizacións publicítanse pouco e mal debido a que hai unha carencia na difusión.

FALTA DE MOTIVACIÓN

- Falta de ganas ou desmotivación, que non é o maioritario e non é tampouco extensible a todas as persoas, pero si se observa como unha barreira que parte dende o interno de cada quen posto que ás veces non se ten a actitude para poder participar, e da que pensamos que todo parte.
- Ter unha certa inquedanza e motivación é clave para que logo se canalice en forma de participación.

FALTA DE CONFIANZA E SEGURIDADE

- A mocidade indica ter inseguridades e medos de achegarse ás institucións, sobre todo por primeira vez.
- Indican ter medo a non saber participar, a facer o ridículo, a que rían deles/as, a non contar cos suficientes coidados e con espazos onde sentirse seguros e seguras para abrirse, falar, etc.

FALTA DE PRESENZA EN ESPAZOS CHAVE

- Dende as institucións, públicas e privadas, sobre todo do terceiro sector, non se está informando sobre a participación nos lugares onde están os mozos e mozas, polo que se precisa máis presenza nos centros ou espazos que os mesmos ocupan habitualmente.
- A cuestión do rural é clave en Galicia, xa que pola idiosincrasia do noso territorio as posibilidades de participar están moi focalizadas nas zonas urbanas e nas cidades, mesmo dentro do propio rural tamén porque todo se fai onde está situado o concello e o resto das parroquias, máis afastadas, quedan sen opcións de facer cousas, téndose se que desprazar ao centro do pobo, ao concello veciño ou ás cidades máis próximas.

FALTA DE ADAPTACIÓN ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

- As Redes Sociais, que é o medio por excelencia que empregan os mozos e mozas para informarse e enterarse das cousas teñen un hándicap, que é o que os algoritmos ou as burbullas que estas crean, fan que a cada persoa só lle chegue a información das cousas que xa ten identificado que lle gustan, entón si a persoa non fai unha búsqueda específica sobre un voluntariado, un programa ou unha organización, nunca lle vai a saír. Ademais disto, hai que dicir que para buscar activamente, primeiro hai que coñecer ou saber que buscar, o cal se vincula novamente coa falta de información e publicidade das organizacións.

EXCESIVA INSTITUCIONALIZACIÓN

- A participación está demasiado institucionalizada e só se pode participar en actividades ou accións que xa veñen dadas, non é tan transformador, innovador ou proactivo.
- A participación está desnaturalizada, é preciso buscar novas fórmulas menos ríxidas e obsoletas.
- Afondando no tipo de recursos que as institucións poñen ao servizo da mocidade, como son os centros xuvenís, sinalase que non están adaptados ás necesidades de mozas e mozos e contan con horarios limitados ou actividades pouco atractivas.

RESISTENCIAS OU DIFICULTADES NAS INSTITUCIÓNS

- Dende as organizacións hai resistencia a abrirse á participación e hai moita dificultade para incorporar cambios. “Queríamos cambiar a organización, e a organización cambiounos a nós”.
- As institucións, ademais, teñen mecanismos moi ríxidos que dificultan o introducir máis flexibilidade e participación da mocidade. Hai unha dificultade grande, por parte das institucións, para realizar esta apertura.
- A propia actividade das organizacións dificultouse moito por toda esa burocracia: permisos, seguros, memorias, pregos, xustificacións, etc.). Percíbese a dependencia tan grande das organizacións coa administración.
- Os espazos de decisión (por exemplo, Asembleas, Xuntas Directivas, Consellos, etc.), están máis preocupados polo papeleo e a burocracia, que non polos contidos das organizacións: isto desmotiva moito a participar. O exceso de burocracia manifestouse de novo como un gran problema.
- As organizacións non coñecen realmente as necesidades, intereses e demandas da mocidade e insisten en ofrecer espazos de participación nada atractivos ou motivantes.
- Non se fai ben a “captación” de voluntariado porque se está mercantilizando o concepto da participación (horas de voluntariado a cambio de créditos por exemplo, experiencia no currículo, etc.).
- Dificultades derivadas dos mozos e mozas que son menores de idade, que precisan contar con permisos e acompañamento, etc. algo que non todas as entidades poden ou están dispostas a facilitar e dedicar o tempo preciso para isto.
- Hoxe en día ter 20 anos é distinto do que era ter 20 anos fai 20 anos por exemplo, polo que as organizacións non están na realidade da xuventude actual.
- Organizacións e xuventude non falan o mesmo idioma, linguaxe, nin empregan as mesmas canles de comunicación.
- As organizacións tentan solucionar o só coas novas tecnoloxías, pero iso non é suficiente, a mocidade segue interesada en participar presencialmente, en contacto, facendo cousas.
- As inquiredanzas da mocidade de hoxe en día son distintas que as doutras épocas e iso tamén hai que telo en conta xa que na maioría dos casos, dende as organizacións e institucións se promove a participación da xuventude por parte de persoas doutras xeracións, con outras perspectivas.
- No plano profesional, algunhas das persoas dinamizadoras que están ao cargo destes recursos e programas desde as administracións, teñen perfís que non encaixan, moito polas actitudes persoais.
- Así pois se as institución non se abren á participación, non se poden facer procesos participativos.

O ROL DA EDUCACIÓN

- Debátese sobre o papel do sistema educativo na participación: existen multitude de espazos educativos que permiten participar, sobre todo ponse énfase na educación non regrada, pola súa flexibilidade e menor rixidez.
- En canto á educación regrada e as posibilidades de abordar e practicar a participación na mesma, obsérvase unha sobrecarga nos centros educativos, derivada da rixidez e da necesidade de cumprir co currículo (“*homo economicus*”). Non hai espazo para outro tipo de educación que fomente unha cultura máis participativa.
- Existen, ademais, outros espazos educativos nos que se podería participar, pero non se incentiva á mocidade a facelo. Estes espazos son, tamén, espazos de socialización (consellos escolares, por exemplo).
- Existe unha delegación da participación, pois “como xa hai representantes, eu non me implico...”, isto provoca que se perdan oportunidades. “Hai rapazada que non decide nin a onde marcha de excursión de fin de curso, por esa falta de participación directa”.
- Educar na participación implica aprender novas habilidades e destrezas e promover unha pedagogía crítica e baseada en valores comunitarios e menos individualistas.

O ROL DA PROPIA MOCIDADE

- A mocidade ten que deixar de ser “destinatario” de programas de participación, para ser “creador” da propia participación e dos seus contidos.
- A xente nova pide ter moito máis protagonismo nas accións participativas e non só ser consumidor, usuario ou receptor das mesmas.

* **NOTA.** Hai un aspecto que a mocidade destaca na enquisa como a terceira dificultade máis importante que atopan para participar. Trátase da “**Falta de ofertas e recursos para a participación**”, causa que obtivo un respaldo de case o cincuenta por cento (44,9%) dos mozos e mozas. Esta barreira foi amplamente debatida no Grupo Motor, así como revisada nos diferentes documentos que se referencian ao longo deste informe, pero finalmente non se incluíu como unha categoría ou elemento que impida a participación en si mesma porque as conclusións arredor desta cuestión mostraron que non é unha causa real, senón percibida, pois din (os mozos e mozas) que non hai suficientes recursos ou ofertas nas que podan participar, pero o que realmente acontece é que, as hai pero non as coñecen, ou as coñecen pero non se senten atraídos/as ou motivados/as cara elas. Por iso se

englobou este aspecto na categoría “falta de información” porque entendemos que, neste caso, non é unha cuestión de “cantidade” ou de “posibilidades”, fundamentalmente no que atinxe á participación máis institucionalizada ou organizada.

5.3.3. PROPOSTAS PARA SUPERAR AS BARREIRAS E DIFICULTADES DA PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE.

Para dar resposta a esta cuestión, beberemos de dúas fontes. Por unha banda dos comentarios, propostas e suxestións dos propios mozos e mozas participantes na enquisa realizada xa que, como se mencionou no apartado de metodoloxía, as dúas últimas preguntas do cuestionario foron de resposta aberta para que rapazada puidese expresar libremente as súas ideas sobre a participación: necesidades, propostas, ideas, sentires, etc. (Ver Anexo 3). E por outra banda, completaremos a información coas conclusións e ideas que xurdiron nas diversas xuntanzas do grupo motor desenvolvido cos axentes/informantes chave (Ver Anexo 5 e Anexo 6).

PROPOSTAS DA MOCIDADE ENQUISADA PARA A MELLORA DA PARTICIPACIÓN XUVENIL

A grandes liñas poderíanse aglutinar as suxerencias que nos fai a mocidade para mellorar a súa participación en 9 grandes categorías:

DO SENTIMENTO	DOS FROITOS	DOS ESPELLOS
DAS CARENCIAS	DAS PRIORIDADES	DOS FERRAMENTAS
DA ESTÉTICA	DA FLEXIBILIDADE	DA EDUCACIÓN

DO SENTIMENTO

A mocidade reitera a importancia de sentirse parte das cousas e das causas, a necesidade de que se conte con eles e elas, de seren escoitados e de seren postos en valor como persoas capaces, pero

sobre todo de que podan ocupar os espazos relevantes de participación e toma de decisións. Para iso, comentan que as persoas adultas deben cederlles o protagonismo e deixar de infantilizalos.

Falan tamén da importancia do sentimento de pertenza como algo fundamental que os fai ou faría implicarse máis e mellor, así como da necesidade de crear espazos seguros onde poder opinar sentíndose libres, invulnerables, non xulgados, en confianza e coidados.

DOS FROITOS

Unha cuestión que destacan moito é que precisan verlle a utilidade ás cousas que se fan. Queren saber que aquilo do que participan serve para algo para non caer na frustración ou no facer por facer, e sobre todo, que isto lles permita poder mirar o seu futuro, e do mundo, con esperanza.

Tamén destacan a necesidade de darse conta e comprender todo o que lles pode aportar a participación a nivel persoal.

DOS ESPELLOS

Reiteran a necesidade de contar con referentes, de saber e de coñecer a outros xóvenes activos nas causas sociais para ter alguén en quen inspirarse, un espello onde mirarse e onde as súas accións podan reflexarse. Son conscientes de que a maioría das/os referentes xuvenís non teñen practicamente nada que ver ca mellora do mundo e da sociedade. Hainos, pero non son visibles, polo que insisten en que hai que visibilizar a esoutra mocidade implicada nas problemáticas sociais para que podan ser exemplo e axuda.

DAS CARENCIAS

Por unha banda sinalan as carencias que auto recoñecen ter de cara a participación como: a falta de interese e motivación; falta de informarse máis sobre o mundo que os rodea; falta de empatía moitas veces; falta de reflexións máis profundas; falta de iniciativa, de conciencia crítica e de verdadeiro compromiso social.

E, doutra banda, están as carencias externas que detectan, pois non lle parece suficiente o compromiso por parte de institucións políticas, educativas e sociais, tanto públicas como privadas, na promoción da participación da xuventude, pois botan en falta máis recursos, programas, espazos, tempos, organizacións, persoas, etc. orientados á xeración de accións colectivas e comunitarias co foco na mocidade.

DAS PRIORIDADES

Moitos rapaces e rapazas indican que, por diante da participación e dos problemas sociais, teñen outros intereses nos que ocupar o seu tempo de xeito prioritario como: os deportes, os estudos, as amizades, as redes sociais, os videoxogos, etc. De feito, isto fai que indiquen “non ter tempo” para ser máis participativos e involucrarse en causas sociais, pero o certo é que priorizan o uso do seu tempo nestas outras actividades.

DOS INSTRUMENTOS

Algunhas das achegas que fan xiran en torno á necesidade de poñer en marcha máis e mellores metodoloxías, ferramentas, técnicas, información e formación que lles permitan aprender a exercer a participación e aprender a participar, sobre todo cos outros e outras. Instrumentos que lles axuden a saber por onde empezar a participar, onde poder informarse, a quen preguntar, onde acudir, como facer as cousas, etc.

DA ESTÉTICA

Destacan como algo imprescindible fomentar o atractivo destas tarefas para que á mocidade lle resulte interesante de primeiras. Comentan que moitas iniciativas de mellora social poderían ir acompañadas de actuacións artísticas, de accións lúdico-pedagóxicas e de momentos de ocio que reforcen a súa motivación e atención cara a participación. Tamén indican a necesidade de darlle visibilidade ás cousas fermosas que se xa están facendo. Para eles e elas a visibilidade e a estética son elementos chave.

DA FLEXIBILIDADE

Mencionan que é necesario que as institucións e organizacións sexan flexibles para adaptarse a distintas formas de participar, facilitando que se poda colaborar de diversas maneiras: puntualmente en tarefas concretas, máis activamente en procesos longos e a combinación entre ambas opcións.

Mencionan tamén que estas institucións e organizacións teñen que facer un esforzo para adaptarse ás necesidades actuais da mocidade, incluíndo a participación virtual e o emprego das distintas plataformas das redes sociais, ás que lle ven moito potencial sen aproveitar.

DA EDUCACIÓN

Destacan que é importante promover a participación dende os centros educativos de todos os niveis, onde -din- se deberían xerar moitos máis tempos, formatos e espazos dinámicos onde se podan

involucrar de forma activa. Mencionan como necesario educar para o asociacionismo, a colectividade e a cooperación en lugar de promover o individualismo e a competencia.

Relacionado coa categoría anterior, observan moita rixidez no propio sistema, custándolle ubicar a participación como un elemento posible dentro dunha estrutura tan macro polo que a flexibilidade da que falan debería chegar ás institucións educativas, nas que ademais botan en falta espazos seguros onde expresarse sen temor a ser ridiculizados, acosados, xulgados, etc. o cal está relacionado tamén coa categoría do sentimento xa mencionada.

Pero cando falan da “educación” non só se refiren aos centros de ensino, tamén o relacionan coa familia. Ao respecto destacan que é necesario mudar as formas de pensar do entorno e involucrar moito máis ás familias nas cuestións de participación para que vaian da man estas prioridades e valores.

PROPOSTAS DO GRUPO MOTOR PARA A FACILITACIÓN DA PRATICIPACIÓN XUVENIL

En relación coas propostas da propia mocidade e cos elementos que dificultan a participación xa mencionados, o Grupo Motor fai as seguintes achegas para a mellora da participación xuvenil (Anexos 5 e 6):



ACOMPAÑAMENTO

- A institucionalización da participación permite ás persoas con menor experiencia en participación que se sintan máis acompañadas e que pouco a pouco vaian aprendendo.

- Crear redes e grupos de apoio para a xuventude do rural que quere participar e non pode porque carece de posibilidades de mobilidade.

CAPTACIÓN

- A captación de voluntariado, mercantilizado, é dicir a cambio de beneficios persoais (como a mellora do Currículo ou a consecución de créditos universitarios), podería ser un elemento facilitador de “enganche” ou primeiros pasos na participación, porque para as persoas que non participan por inxedanzas sociais pode que ao final acabe por gustarlle participar e seguir facéndoo, podendo ser esta unha porta de entrada ao mundo do voluntariado e da participación.
- Facer “captacións” máis chamativas e adaptadas á linguaxe dos mozos/as de hoxe en día, porque dependendo das idades a xente quere escoitar cousas diferentes.

PRESENZA

- Que as entidades estean máis presentes onde está a mocidade (nos seus espazos).
- Que se faga un esforzo por descentralizar a participación das cidades ou núcleos máis urbanos.
- Estar moito máis visibles nas novas tecnoloxías.

COIDADOS

- Ser moi coidadosas coas acollidas das persoas novas que comezan nas organizacións.
- Dar unha información realista, non enganar con promesas de participación en experiencias que lles van a cambiar a vida, pero tampouco dar unha información demasiado complexa que bote para atrás ou asuste á xuventude nos primeiros contactos.
- Asegurar espazos seguros e de coidados onde a mocidade poda sentirse libre de violencias á hora de expresarse no seu sentido máis amplo.

ADAPTACIÓN E ACTUALIZACIÓN

- Flexibilidade nos horarios e días nos que ofrecer a posibilidade de participar aos xóvenes para que cada quen poda organizar o seu tempo.
- É necesario para as organizacións atopar o punto intermedio entre adaptarse ás novas demandas da mocidade e non desorganizarse completamente.
- Adaptación tanto ás novas maneiras de participar dos mozos e mozas, como ás súas inxedanzas así como ás novas tecnoloxías, linguaxes e espazos que eles e elas ocupan.

- Adaptarse tamén implica para as institucións solucionar dalgún xeito o exceso de burocracia, facela menos atafegante.

MELLORA DA OFERTA

- Non tanto facer máis oferta, senón que a oferta sexa máis atractiva para a xente nova e que lle chegue esta información tamén.
- Que nos interese o primeiro que nos conten” porque si non me enche o ollo o que me contas xa non me vai interesar participar. Non só ofrecerlles un papel de observadores pasivos senón roles máis activos.
- Convidar á mocidade a que faga algunha busca específica nas redes sociais sobre entidades ou oportunidades de participación e voluntariado para que dende as redes sociais lles vaia chegando este tipo de informacións ou suxerencias.
- Cómpre potenciar e xerar os grupos ou iniciativas propias que xorden desde a mocidade. Desde as institucións faise preciso que se xeren procesos participativos serios, onde se podía decidir e os acordos se executen. Na vida diaria, desde o barrio, na localidade pódese participar tomando decisións e participando en moitos ámbitos (no deseño da cidade, por exemplo).

INNOVACIÓN

- Innovar na pedagogía lúdica. Si non é divertido, non é sostible nin perdurable.
- Aproveitar os recursos tecnolóxicos para innovar tanto no tipo de actividades como nos recursos e nos medios onde se desenvolvan.
- A innovación é necesaria para diferenciarse de outras organizacións ou institucións e facer que as mensaxes e os discursos cheguen a onde se queren trasladar, neste caso á xuventude.

REPENSARSE

- En relación coa categoría de adaptación, cando, dende as organizacións, estamos replicando valores individuais, temos que ser críticas e pararnos a pensar, e se o que estamos promovendo vai en contra dos valores que queremos transmitir, mellor non facelo.
- Pensar máis nas motivacións internas, ver que lles gusta e ter gañas de querer facer cousas.
- Hai intentos por abrirse á participación da mocidade, pero precísase maior análise.
- Urxe escoitar máis á mocidade.

5.3.4. MODELO DE PARTICIPACIÓN ACTUAL DA MOCIDADE.

Tendo en conta a triangulación dos datos obtidos na enquisa, na revisión documental e nos encontros do Grupo Motor parece que, en xeral, as formas ou medios nos que participa a xuventude mudaron lixeiramente nos últimos tempos e o fixo a nivel global.

Un elemento fundamental para comprender como mudou a maneira de participación dos/as mozos/as son as novas tecnoloxías e as posibilidades que ofrece Internet. Sobre todo as redes sociais e outras plataformas dixitais (Youtube, Tik Tok...), convertéronse en ferramentas moi empregadas para a poboación en xeral e especialmente para a xente moza. Tanto é así que as TIC¹⁹ teñen modificado e redefinido conceptualmente a actividade social afectando con especial intensidade á cultura e ao espazo público, como sinalan Sierra e Del Valle (2007). Isto trae consigo unha nova linguaxe e outros xeitos de pensar, comportarse e relacionarse, aos que hai que saber adaptarse, así como outros modos de organización dos espazos compartidos como veñen advertindo diversos estudos, chegando a influír incluso ás institucións públicas. En palabras de Sierra e Del Valle (2007) “os estudos sobre ciberdemocracia²⁰ demostran, en efecto, que os novos medios de comunicación ofrecen posibilidades non exploradas de gobernabilidade, potenciación e desenvolvemento cultural e socioeconómico descentralizadas” (p.18).

Na mesma liña se manifestou o Cumio Mundial sobre a Sociedade da Información, celebrada en Xinebra no 2003, outorgándolle ás TIC a capacidade “para reducir moitos obstáculos tradicionais, especialmente o tempo e a distancia, posibilitan, por primeira vez na historia, o uso do potencial destas tecnoloxías” (WSIS, 2004).²¹

O fenómeno das TIC é tan relevante a todos os niveis que se fala dun novo concepto, a E-participación, a cal se produce cando as TIC se introducen nos procesos de participación cidadá, sobre todo en temas vencellados con cuestións políticas (Casacuberta e Gutiérrez-Rubí, 2010). E é que as TIC chegaron a permear xa as esferas democrática e público-administrativa, contextos nos que xorden termos como goberno electrónico (GE) e goberno aberto (GA). O GE enfócase na adaptación da administración ás funcionalidades de Internet (xestións en liña, automatización...) e o GA é un novo paradigma de goberno que pretende incrementar a transparencia e a colaboración da cidadanía na

¹⁹ Tecnoloxías da Información e a Comunicación Social

²⁰ Concepto atribuído a Pierre Levy (Díaz Muñoz, 2010) composto polos termos cibernética e democracia. Tamén chamada democracia dixital ou democracia electrónica.

²¹ <https://www.itu.int/net/wsis/docs/geneva/official/dop-es.html>

creación e mellora dos servizos públicos (transparencia, participación e colaboración) tal como indica Miller (2018).

Un dos aspectos máis críticos das TIC é a fenda dixital (problema glocal²²), recoñecida no artigo dez da Declaración do citado Cumio, así como por unha diversidade de autores e autoras expertos no tema, como unha evidencia. A fenda dixital consiste na diferenza (en termos de desigualdade) no acceso e coñecementos de uso das novas tecnoloxías e adóitase determinar en base a diferentes criterios (económicos, xeográficos, de xénero, idade, grupos sociais e outras interseccións de variables múltiples).

O Grupo Motor participante na investigación tamén se pronuncia a tenor da participación dixital, destacando que a pesares de todas as potencialidades positivas das TIC, é importante recoñecer as súas limitacións. Reflexiónase sobre a pregunta: ¿Este tipo de participación dixital, transforma realmente a realidade? Aínda sen concluír a resposta, o que é certo é que xera un debate social importante a ter moi en conta no presente e no futuro.

Por outra banda, no GM destácase que hai vinte anos a participación e a mobilización social estaba moito máis inxerida en movementos ou organizacións con certa traxectoria e máis duradeiros e que era moito máis militante (15M), militancia que escasamente existe na actualidade, onde parece ser que a Participación vai a oleadas, por explosións, de forma reactiva en momentos puntuais (Fridays for future, 8M, contra a homofobia...) respondendo a ciclos onde a capacidade de protesta soe ser esporádica.

Neste sentido tamén se fai referencia o denominado microvoluntariado, que está en completo auxe, o cal é un tipo de voluntariado que consiste no desenvolvemento de tarefas cortas e concretas, acoutadas no tempo e con pouca frecuencia, que non implica compromisos a medio ou longo prazo, nin tampouco implicación directa coa asociación ou entidade coa que se colabora. Habitualmente as tarefas de microvoluntariado soen ser virtuais e están dirixidas a persoas con pouco tempo xa que non soe requirir inscrición, selección ou formación. Boa mostra disto é o servizo de microvoluntariado en liña que ofrece as Nacións Unidas²³, que foi inaugurado no ano 2000, momento no que só se podía colaborar en inglés e que, dende o 2008, tamén está dispoñible en francés e español.

²² Quere dicir que afecta tanto a nivel local (dentro dos propios estados ou rexións) como a nivel global (Norte – Sur) ou tamén de observar como se integra a globalización no local e viceversa.

²³ <https://www.onlinevolunteering.org/es>

Ademais, o GM tamén destaca que actualmente as formas de participación dos mozos e mozas van máis alá do voluntariado e do asociacionismo (formas máis tradicionais) e, ás veces, forman parte de espazos que non son tan visibles porque non se dan no marco das institucións, nin tampouco nos espazos auto-xestionados específicos, senón na rede ou en grupos informais así que non se sabe onde está, onde busca, non está rexistrada, o cal fai que sexa unha participación alternativa que non se ten en conta nos estudos.

Ao respecto, desde o grupo focalízase o debate na participación a través dos espazos institucionalizados e como facelos compaxinar con espazos ou iniciativas máis informais ou auto-xestionadas. No caso da participación institucionalizada, coincídese en sinalar que certos espazos desapareceron, ou as formas de traballar mudaron, posto que nalgúns casos iniciativas que se promoven (por exemplo o voluntariado) non se abre a participación da xente nova no seu deseño. De feito coincídese en sinalar que esta participación en procesos finais non resulta atractiva, xerando incluso certo rexeitamento por parte da mocidade.

Todo o comentado concorda ben cos resultados da enquisa realizada neste estudo, que ven a reafirmar (cando menos para a mostra participante) un tipo de participación puntual, en accións concretas, a curto prazo, pouco activa, máis inmediata, máis individual e con baixos niveis de implicación e compromiso coas entidades. En xeral a falta de compromiso no tempo é un tema preocupante (queren ver resultados axiña, non desfrutar dos procesos).

No que atinxe ás temáticas que hoxe en día resultan máis atractivas para a rapazada, ou onde xorden iniciativas para a participación, o Grupo Motor sinala que teñen maior impacto aquelas vencelladas cos temas globais ou xerais que nos afectan a todos/as, por resultar máis doado posicionarse, que con respecto a temas que non lles afectan directamente ou non se senten apelados/as. Destácase que pode ser tamén porque teñen un maior impacto nos medios de comunicación ou redes, resultando máis dificultoso e invisible desenvolver accións locais no entorno inmediato.

O Grupo Motor tamén apunta a un tipo de participación mercantilista, a cambio de créditos, de formación, de experiencia vital e/ou laboral, etc. ou como un reclamo simplemente. Isto leva ao propio GM a facer unha reflexión crítica ao respecto de por que acontece isto, vencellándoo co sistema capitalista no que, como sociedade, estamos imbuídos e nos desenvolvemos. Pois o capitalismo favorece unha determinada forma de participación que require pouco tempo, implicación, empatía, compromiso e esforzo, ata convertela nun ben de consumo e perverténdoa, xerando que a mocidade sexa consumidora da participación e non promotora ou construtora da

mesma. Pola contra, autores como Sierra e Del Valle (2007) consideran que hoxe en día a cidadanía, fundamentalmente a xuventude, non é consumidora, senón creadora cultural e protagonista das transformacións sociais neste “ecosistema mediático”.

5.3.5. FERRAMENTAS PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA XUVENTUDE GALEGA.

Para dar resposta a esta pregunta de investigación, desenvolvemos un Laboratorio de Participación composto por tres fases: Luces, Cámara e Acción (Anexo 7) no que participaron 43 persoas de 17 colectivos diferentes (III Encontro de O Globo).

A primeira foi a **Fase de Luces**, desenvolvida con persoas moi involucrados de xeito habitual en temas de Participación Social en diferentes niveis, e tivo como finalidade coñecer como era a súa participación para así establecer unha pequena radiografía ou diagnose da mesma. Outro dos obxectivos desta fase tamén foi poder comparar o comportamento deste grupo de persoas co grupo de mozos e mozas participantes na parte da enquisa.

A radiografía ou caracterización da participación do Grupo Laboratorio resultou a seguinte:

De xeito maioritario, as persoas e colectivos representados, rexeitan a rixidez das entidades á hora de participar, polo que exercen unha participación activa, en espazos abertos que implican e permiten a toma de decisións, orientados cara a superación das desigualdades e a exclusión social coa finalidade de transformar as estruturas de poder opresoras, polo que non esperan a cambio ningún retorno inmediato, pois saben que están contribuíndo a cambios o longo prazo. Para poder facelo, ademais organízanse e establecen tempos de vida dedicados especificamente á participación, comprometéndose logo a cumprilos. Consideran que todo isto ten un efecto positivo sobre si mesmos, os enriquece como persoas.

Ao respecto, chama a atención que este estilo de participación non coincide en absoluto coa forma de participar da mocidade enquisada, que o fai de xeito pasivo, en espazos que non implican tomas de decisións, orientados cara temáticas feministas e ecoloxistas buscando axudar e colaborar cos demais para cambiar situacións inxustas moi concretas (non estruturais) porque lles fai sentirse útiles e ben consigo mesmos de xeito moi inmediato. Indican ademais que participan “menos” porque “non teñen tempo”, é dicir, que pola contra non establecen nin planifican a súa participación, senón que o fan cando “non teñen outra cousa”.

A segunda fase do Laboratorio de Participación, foi a **Fase de Cámara**, concibida como un espazo para a reflexión colectiva e crítica, que permitise comprender a nosa participación con máis alcance, pero sobre todo, proxectar un futuro mellor no ámbito da transformación social e do traballo asociativo e participativo. O obxectivo deste espazo foi o de buscar propostas concretas, aplicables e útiles en canto á promoción da cultura participativa.

A continuación presentamos as principais achegas ou contribucións das persoas e colectivos involucrados no desenvolvemento do Laboratorio de Participación para a mellora e promoción da cultura participativa con enfoque de Educación para a Cidadanía Global.

<p>Que podemos facer dende o noso lugar para que a participación sexa máis activa (non ser só executoras de accións, senón que participemos en todo o proceso)?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover un clima na organización que fomente a confianza • Reforzar a cohesión do grupo para manter alta a motivación • Planificar dinámicas e animacións que dean frescor á organización • Implicar á xente (por exemplo, Zoquelarre, Punto de Encontro) • Conseguir manter un grupo ou colectivo estable • A organización ten que poñer esforzos en ser ética, deixar ás persoas implicadas liberdade de elección, e manter unha relación próxima. • Algunhas experiencias transformadoras que se nomean son: Lusco e Fusco, Zoca Miñoica e Espazos de intercambio de saberes e coñecementos.
<p>Como ten que ser unha organización (grupo formal ou informal, entidade, institución...), para que eu queira implicarme?</p> <p>Que cambiaría da miña entidade para melloralala?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aberta • Activa • Horizontal (reparto de responsabilidades) • Capacidade de adaptación • Formal • Comprometida coas causas

	<ul style="list-style-type: none"> • Ten que ter en conta a diversidade da poboación • Transfeminista, ecoloxista e antiracista • Ten que ser un espazo seguro e acolledor • A toma de decisións ten que ser por parte de todas as persoas implicadas. • Algunhas entidades nomeadas: <ul style="list-style-type: none"> - Entropía (precisan mais persoas implicadas) - The respect game (precisan dunha maior constancia) - Renda básica (precisan unha maior implicación e un maior reparto de responsabilidades) - SIG (precisa un maior reparto das responsabilidades e distribución do tempo; e tamén unha maior adaptación ao cambio e resposta ás situacións que se presentan) • Como reflexión final, indican como liñas compartidas en todas as entidades: acolledoras, traballo en equipo, condicións laborais dignas, compromiso e diversidade de opinións.
<p>Que outros espazos, aparte dos clásicos (o rural, os barrios, as institucións...), poden empregarse para fomentar a participación? Como o facemos?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As redes sociais son espazos privilexiados para a difusión das causas (por exemplo: we sustainability) • Os grupos informais de afeccionados a algunha actividade (por exemplo, bicicleta ou andainas) • Os GAM (grupos de axuda mutua) • Os hostels – albergues, que poden aproveitar o paso das persoas para concienciar sobre as necesidades do territorio e vincularlos cara a próximas visitas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Experiencia da perruquería en Donosti, que se converteu nun espazo de regularización de persoas migrantes a través da contratación de profesionais • Comisións de festas • Asociacións de mulleres rurais • Comunidades de montes (concienciación medio ambiental e de enerxías renovables) Salientan o caso de Tameiga e de Couso, onde existe unha explotación sostible de marmelada. • Asociación comunitaria de Santa Comba (rehabilitación) • Centros sociais autoxestionados
<p>Cando participamos dalgunha iniciativa, que é o que nos gusta levar dela cando remata? (sensacións, aprendizaxes, obxectos, resultados...).</p> <p>Como conseguimos que cada persoa que participe “marche” con algo?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Trato próximo dos e das “profesionais” • Contar cun protocolo de acollida (no que estea claro o nivel de participación, e que a persoa poida elixir onde quere participar e como, evitando presión do grupo) • Atender ás demandas das persoas que queren participar • Coidado das persoas que participan • Involucrar ás persoas na acción (sentirse a gusto no grupo, promover actividades auto-xestionadas, e ter un obxectivo consensuado) • Horizontalidade • Sentir que podemos participar de forma autónoma (diferenciando entre activa – pasiva) • Sentir que confían en nós, para auto-regularnos • Obter unha aprendizaxe da nosa participación • Por esforzos nas persoas implicadas, que se sintan coidadas

	<ul style="list-style-type: none"> • Dar un feedback: “a túa participación foi útil” • Contar cun protocolo de despedida (coidar o fin do proceso de participación) • Ter en conta o poder “simbólico”: unha postal, un vídeo, unha fotografía...no caso da participación “institucionalizada”, obter unha “carta de recoñecemento”, pola dedicación. • Un exemplo dos coidados no centro é a Asociación de estudos sociais feministas ASELAFEM.
<p>Que é o que necesitamos para continuar participando?</p> <p>Que podemos ofrecer pola nosa parte?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo e organización dese tempo • Liberdade • Unha rede activa (non sentírnos soas) • Flexibilidade por parte das organizacións • Entusiasmo • Implicación e compromiso • Opinión e experiencia • Tempo e traballo • Cabeza, corpo e corazón • As persoas que nos animan á participación transmítennos: liderado, tranquilidade, empatía, escoita, confianza, ferramentas de participación.

A partir destas achegas, procedeuse a valorar cales poderían ser aplicadas ás asociacións, colectivos e organizacións de xeito xeral, de forma que calquera entidade poda traballar nas liñas priorizadas para favorecer a Participación, cara o seo interno:

PRIORIZACIÓN DAS PROPOSTAS E COMPROMISOS DE ACCIÓN	
Que imos a facer para que a participación sexa máis activa?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Promover un clima na organización que fomente a confianza e para elo construiremos espazos seguros e acolledores. ✓ Reforzar a cohesión do grupo para manter alta a motivación.
Que imos facer para conseguir máis ou mellor implicación e participación?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Horizontalidade (reparto de responsabilidades e democratización das tomas de decisións). ✓ Contar cun protocolo de acollida e (no que estea claro o nivel de participación, e que a persoa poida elixir onde quere participar e como, evitando presión do grupo).
Que outros espazos, aparte dos clásicos imos a empregar para fomentar a participación?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ As redes sociais porque son espazos privilexiados para a difusión das causas. ✓ Os espazos urbanos.
Como imos a conseguir que cada persoa que participe “marche” con algo?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Contar cun protocolo de despedida (coidar o fin do proceso de participación) ✓ Dar un feedback sobre para que serviu a súa participación.
Que imos a ofrecer para que a xente siga participando?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Flexibilidade para exercer a participación (adaptada a cada caso particular). ✓ Unha boa organización do/s tempo/s que as persoas dediquen a participar.

A terceira fase do Laboratorio de Participación foi a **Fase de Acción**, na que partindo das principais barreiras identificadas na parte diagnóstica do estudo, tamén se elaboraron propostas de posibles ferramentas para a promoción, seguimento e avaliación da participación en xeral e da mocidade en particular.

A finalidade destas ferramentas propostas é que se podan desenvolver no futuro algunhas delas coa propia mocidade como protagonista do seu deseño, desenvolvemento e implementación, e

que as organizacións e colectivos sociais podamos ser axentes facilitadores deses procesos creativos. A ferramentas propostas máis destacadas foron as seguintes:

BARREIRA QUE SUPERA	DESCRICIÓN	FERRAMENTA
<p>Supera a barreira do "descoñecemento", da “falta de información”.</p> <p>É un nivel informativo, para que a xuventude coñeza todas as posibilidades de participación para a xuventude existentes no territorio galego.</p>	<p>Unha ferramenta en liña onde as persoas mozas podan consultar de maneira sinxela e sen ter que trasladarse, as iniciativas en formación, actividades de lecer, información e calquera outro asunto do seu interese. Pódese artellar mediante unha aplicación informática, unha web ou rede social.</p> <p>A ferramenta debería ser colectiva, é dicir, que as entidades, colectivos, asociacións, etc. puideran engadir os seus "eventos" ou actividades, de xeito que a súa construción fose aberta e, sobre todo, dinámica para que o contido se estea actualizando e renovando constantemente para que non perda interese. O ideal sería desenvolvela en formato APP, posto que a mocidade emprega fundamentalmente as canles virtuais para procurar información.</p> <p>Exemplos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - as seccións dos xornais de Qué facer hoxe en Ourense? - http://www.informajoven.org/ <p>Debilidades a ter en conta: sería preciso facer unha revisión dos contidos a compartir para que non se suban cousas que non teñen que ver, spam, etc). Coidado con non ofrecer máis do mesmo, con non aburrir.</p>	<p>PUNTO DE INFORMACIÓN INTERACTIVO</p>

	<p>Quizás se podería plantexar esta idea á DRXV (ou outras) para conseguir colaboración e/ou financiamento para desenvolvela.</p>	
<p>Responde á necesidade detectada de ter capacidade de toma de decisións específicas, ademais cumpre tamén coa demanda de sentirse acompañados por iguais así como a de ter a posibilidade de actuar de xeito autoxestionado. Asemade fomenta a participación directamente entre os mozos e mozas que forman parte da Comisión, pero estes actúan ao mesmo tempo como axentes multiplicadores.</p>	<p>Crear unha comisión específica dirixida a promocionar a participación da mocidade galega. Na mesma podería estar algunha persoa adulta, pero fundamentalmente se compoñería de persoas mozas.</p> <p>A comisión tería un delegado de cada provincia (por exemplo) e despois representantes de diferentes comarcas ou áreas xeográficas. A mocidade dos IES cos que traballamos podería desempeñar este papel.</p> <p>A labor das persoas que forman parte da Comisión de Participación será promover a cultura participativa entre o seu grupo de iguais nos seus territorios, crear, propoñer, buscar ou pedir actividades, proxectos, accións etc.</p> <p>O grupo de traballo determinará as tarefas para realizar para a planificación, organización e posta en marcha das accións ou propostas.</p> <p>Dentro da comisión poderían tamén crear diferentes grupos de traballo, por intereses, áreas temáticas, etc. por exemplo grupo de actividades culturais e deportivas, grupo de accións feministas, grupo polos dereitos LGTBIQ+, grupo da participación cidadá e política, grupo polo medioambiente, etc. etc. cos temas que eles mesmos decidan que son de interese para a xuventude.</p>	<p>COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN (autoxestionada)</p>

	<p>Cada compoñente integrárase naquela que considere respecto a os seus características e habilidades persoais. Unha vez establecidos os grupo, priorizar sobre as tarefas e funcións do mesmo e comézase a traballar nelas.</p> <p>É fundamental que se realicen de forma frecuente plenarios con todos os membros do grupo para tomar decisións ou acordar sobre os aspectos que se vaian xerando dentro dos grupos da Comisión.</p>	
<p>Supera as barreiras de “Falta de acompañamento e acollida”, así como á necesidade demandada de “Coidados”.</p> <p>E ao mesmo tempo tamén aporta solución plausible á “Falta de adaptación” e “Falta de presenza” así como á “Falta de flexibilidade” das organizacións.</p>	<p>Trátase de elaborar un documento marco, protocolario, nas entidades, no cal se contemplan como ten que ser a acollida, o seguimento, e a despedida das persoas que participen da entidade, sexa de xeito permanente ou máis esporádico.</p> <p>No mesmo ademais tense que engadir necesariamente un apartado de "Coidados" e un apartado de "Áreas onde podo participar" definindo moi ben aquelas áreas e tarefas, o máis específicas posible, que están dispoñibles para facer para que a persoa teña moi claro que é o que vai a facer, como, cando...dende o primeiro momento que entra na entidade/colectivo.</p> <p>É necesario tamén que esta guía ou protocolo estea aberto ás suxestións de todas as persoas que queiran facer achegas.</p> <p>Por outra banda é preciso que no documento guía se rexistre de xeito moi claro a “Flexibilidade” á hora de participar, para que, na medida do posible, cada quen se mova dentro da organización en función</p>	<p>GUIA DE ACOLLIDA, ACOMPAÑAMENTO E DESPEDIDA</p>

	<p>das súas propias necesidades, demandas, disponibilidades e preferencias.</p> <p>Poderíase denominar “Participación a la Carta”, aínda que garantindo eses mínimos establecidos no documento marco.</p>	
<p>A principal barreira ou dificultade para participar, que a rapazada sinala é a "falta de tempo", aínda que é un factor realmente relativo, posto que máis ben se trata de <u>como se prioriza e en que se emprega o tempo do que se dispón</u>. Así, por exemplo, os grupos de activistas sinalan que para resolver esta cuestión o que fan é planificar a xestión do seu tempo, axendando tempos para a participación e, sobre todo, comprometéndose a cumprilos.</p>	<p>Elixir unha APP que exista que permita xestionar o tempo. Unha especie de calendario pero máis atractivo. Que permita planificar e facer unha lista de días/horas/tarefas (diariamente, semanalmente, mensualmente, etc.) e indicando o tempo que lles vas a dedicar. Desta forma saberás canto tempo podes realmente dedicar á Participación e programándoo será máis doado logo poder cumprilo. É importante que a planificación que se faga sexa realista e non pretender abarcar máis tarefas das que, realmente, se pode asumir.</p> <p>Posto que a participación require planificación, esta ferramenta axudará a administrar o tempo da mellor maneira e evitar calquera esquecemento con notificacións personalizadas, que avisarán dos eventos, reunións ou outras tarefas que estean planificadas. Así poderás ver tamén canto tempo queres e podes dedicar á Participación.</p>	<p>FERRAMENTA DE XESTIÓN DO TEMPO</p>

<p>Proponse pois unha ferramenta que permita xestionar o tempo na que se contemple a Participación como unha tarefa ou actividade máis.</p>		
<p>Dentro das suxerencias que nos fai a mocidade para mellorar a súa participación atópase "Dos espellos", é dicir, a necesidade de referentes cos que sentirse identificados e tomalos como modelos a seguir. Responde polo tanto a visibilizar a mozos e mozas ou colectivos de xente nova que podan servir de inspiración e motivación á xuventude galega.</p>	<p>Trátase de que a propia mocidade busque, identifique e recompile información de persoas e, sobre todo colectividade, que sexan ou podan ser referentes para eles e elas en temas de participación social, cidadá, política e de compromisos solidarios pola xustiza social.</p> <p>Sería armar toda a información nun formato atractivo que eles e elas mesmas decidan (álbum, book, cartafol, etc.) e compartilo.</p> <p>Este “book” o desenvolvería a propia mocidade. Elixindo eles e elas quenes estarán nel, por que, que cualidades admiran, etc.</p> <p>A idea é que se lles poda facilitar esta idea e que logo teñan a liberdade de crear o “book” como eles e elas decidan.</p>	<p>OS ESPELLOS DA PARTICIPACIÓN</p>

6. CONCLUSIONES

Tomando como referencia as preguntas da investigación podemos indicar, sobre o estado da participación da mocidade galega na actualidade, que o seu nivel de participación é puntual, en accións concretas e a curto prazo, sendo os espazos de participación que máis empregan, en xeral, os presenciais, aínda que para o tramo de idade intermedia (20-25 anos), estudantes de Bacharelato/FP e residentes en zonas urbanas son os virtuais.

A propia mocidade considera que o seu grao de implicación nas accións que desenvolven é alto, aínda que o xeito de participación máis habitual é o menos activo, mediante o cal se involucran e se suman a propostas ou iniciativas doutras persoas ou entidades.

A forma de participación en accións sociais e políticas na que máis se implican son as manifestacións, folgas e mobilizacións, seguido de compartir información de carácter político nas redes sociais e das actividades de voluntariado, aínda que, especificamente para o grupo menor de 20 anos e nivel de estudos Primaria/E.S.O., non é habitual nin compartir información política nas redes nin facer voluntariado, actividade na que ademais se implican moito máis as mulleres que os homes. Destaca tamén que canto máis rural é a zona de residencia da mocidade, maior é a súa participación en entidades ou asociacións locais.

O ámbito no que máis participación se produce é no Deporte, seguido da Educación e Cultura e, en terceiro lugar, na Participación Social, sendo o ámbito con menor nivel de participación a Política.

A Participación Social parece ser un eido de implicación maioritario para as mulleres e minoritario para os homes, tanto na participación que xa exercen como na que lles gustaría facelo, decantándose os homes por actividades de carácter máis deportivo.

Referente á Participación Social non queda claro que a idade sexa un factor determinante para exercela, xa que obtemos información contraditoria ao respecto, pois os resultados da enquisa indican que a maior idade menos implicación en cuestións sociais e cívicas, pero tanto o grupo motor como a bibliografía consultada indican que a rapazada máis nova é a que menos a exerce.

Os temas sociais que máis preocupan e interesan á mocidade son o Feminismo e a Igualdade de Xénero (maioritariamente para mulleres), o Medioambiente (maioritariamente para os homes) e a Xustiza social (ambos por igual).

En xeral, as razóns que moven á xuventude a participar son, en orde de prelación: Facer algo para cambiar/mellorar o mundo; Axudar a outras persoas; e Compartir experiencias.

Por outro lado, atopamos como principais barreiras ou limitacións as autopercibidas (falta de tempo, falta de información e falta de ofertas e recursos), e aquelas relacionadas coas dificultades das propias institucións para adaptarse aos novos tempos, novas formas de ser e de facer das novas xeracións. Neste último sentido, parece que o modelo de participación, as formas ou medios nos que participa a xuventude mudaron lixeiramente de xeito global, fundamentalmente pola influencia das TIC, que traen aparelladas novas maneiras de participación vencelladas coa globalización, cos formatos virtuais e o emprego de novas plataformas e medios de comunicación (ás que todas as institucións deberían axustarse, tendo en conta as posibles fendas dixitais, pero sen restar espazo aos formatos máis tradicionais nin caer nunha posible mercantilización da participación), así como consecuencia de estilos de participación moito máis reactivos, a niveis micro, sen militancia nin perdurabilidade nas organizacións.

En xeral, os mozos e mozas consideran que é a propia mocidade xunto coas asociacións e oenegés que nos máis promoven a súa participación, e que as administracións públicas (Xunta de Galicia e Concellos) as entidades que menos o fan, aínda que para a rapazada de menor idade e menor nivel estudos as escolas e os institutos son os máis valorados neste senso.

Por outra banda, identificáronse elementos facilitadores da participación xuvenil en varios niveis. No nivel estrutural é necesario proporcionar unha maior cultura participativa en todas as esferas sociais, destacando o papel da educación, sobre todo no ensino regrado, que pola súa capacidade de alcance debería xogar un rol moito máis definido e menos ríxido. No nivel organizacional cómpre repensarse e mellorar o acompañamento que se lles ofrece, a formas de captación, ser moito máis flexibles, estar máis presentes nos espazos onde a xuventude se move, desenvolver accións máis innovadoras e atractivas onde os coidados estean máis presentes. Noutro nivel, que ten que ver con cuestións máis persoais sobre como a mocidade é quen de percibir, é necesario ser capaces de crear e ancorar neles/as un sentimento de pertenza, de identificación coas causas e organizacións, así como visibilizar os logros e servir de inspiración e referentes.

Doutro lado sen embargo, o estilo de participación da mocidade enquisada non coincide en absoluto co tipo de participación que exercen as colectividade que xa están moi involucradas de xeito habitual en temas de Participación Social en diferentes niveis, como é o caso dos colectivos participantes en O Globo que analizamos, obtendo que de xeito maioritario, estes colectivos habituados a participar

rexeitan a rixidez das entidades á hora de participar, polo que exercen unha participación activa, en espazos abertos que implican e permiten a toma de decisións, orientados cara a superación das desigualdades e a exclusión social coa finalidade de transformar as estruturas de poder opresoras, polo que non esperan a cambio ningún retorno inmediato e son conscientes de que están contribuindo a cambios a longo prazo. O éxito de estes niveis altos de participación, radican na súa capacidade de organizar e establecer tempos de vida dedicados especificamente á participación, comprometéndose logo a cumprilos.

Con todo, o estudo realizado non pode confirmar a hipótese de investigación de que participación social, política e cidadá da mocidade galega é insuficiente, sobre todo en relación con outras xeracións de adultos ou maiores, posto que os mozos e mozas consideran que, como colectivo, participan máis que a poboación en xeral, e que ademais “a participación para a mellora da sociedade” é máis importante para eles e elas que para o resto de grupos de poboación. En todo caso estamos a falar de ideas autopercebidas da propia xuventude, de como se ven a si mesmos en relación co resto de grupos sociais e partindo dunha mostra non representativa, polo que tampouco se pode desbotar a hipótese formulada que si é apoiada pola literatura especializada.

7. REFERENCIAS

7.1. BIBLIOGRAFÍA.

- Alavez Ruíz, A. (2014). *Interculturalidad: concepto, alcances y derecho* (Vol. 148, pp. 148–162). Vol. 148, pp. 148–162.
- Aravena, M., Kimelman, E., Micheli, B., Torrealba, R., e Zúñiga, J. (2006). Investigación Educativa I. Em *Chinese Medical Journal (Taipei)*.
- Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz. (2011). *Análisis de la participación joven en Vitoria-Gasteiz*. 150. Obtido de <https://www.vitoria-gasteiz.org/docs/wb021/contenidosEstaticos/adjuntos/es/25/14/42514.pdf>
- Balardini, S. (Coord. . (2000). *La participación social y política de los jóvenes en el horizonte del nuevo siglo*.
- Bohorquez Suarez, F., Andrade Zamora, F. J., Gurumendi Carrillo, O. T., e Silva Guerrero, B. E. (2018). *Laboratorio Vivo como Método de Investigación*.
- Cajiao, F., Crowley, P., Garcia, M., Gaitán, A., Hart, R., Himes, J., ... Rojas, H. (1999). *La participación de niños y adolescentes en el contexto de la Convención sobre los derechos del niño: visiones y perspectivas*. 7–8.
- Carr, W., e Kemmis, S. (1986). *Teoría crítica de la enseñanza. La investigación-acción del profesorado* (p. 245). p. 245.
- ColaBoraBora Koop. (2019). *¿Cómo lo hacen? aprendiendo de otras experiencias de laboratorios, programas y redes*. Obtido de https://www.ogp.euskadi.eus/contenidos/proyecto/ogp_compromiso_3/es_def/adjuntos/Como_lo_hacen.pdf
- Consejo de Europa Juventud. (2020). *Lograr que los jóvenes se comprometan con los valores del Consejo de Europa*.
- Consejo de la Juventud de España. (2001). *Guía didáctica de educación para la participación*. 64. Obtido de

- <http://www.injuve.es/sites/default/files/guiaeducacionparalaparticipacion1.pdf>
- Consejo de la Juventud de Euskadi. (2013). *Jóvenes y participación Estudio sobre participación juvenil*.
- Correas, E., e Noe, M. (1998). Nociones de una Ciudadanía que crece. Em *Flaso*.
- Driessnack, M., Sousa, V. D., e Costa, I. A. (2007). Revisión de los diseños de investigación relevantes para la Enfermería: Parte 3: Métodos mixtos y múltiples. *Revista Latino-Americana de Enfermagem*, 15(5), 1–4. Obtido de http://www.scielo.br/pdf/rlae/v15n5/es_v15n5a24.pdf
- Escalada, M., Fernandez Soto, S., e Fuentes, M. P. (2004). El diagnostico Social: proceso de conocimiento e intervención profesional. *Revista de Es*, 159. Obtido de <https://modulosocioterritorial.files.wordpress.com/2009/09/diagnc3b3stico-social.pdf>
- Galicia, X. de. (2012). *LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Ley 6/2012, de 19 de junio, de juventud de Galicia*. 1–32.
- García-Albacete, G., e Lorente, J. (2019). La juventud después de la austeridad. Comportamiento y actitudes políticas. *Revista Internacional de Sociología*, 77(4), 141. <https://doi.org/10.3989/ris.2019.77.4.19.004>
- Gutiérrez-rubí, A. (2010). E-Participación: De Cómo Las Nuevas Tecnologías Están Transformando La Participación Ciudadana. *Razón y palabra*, (73), 12.
- Hernández Sampieri, R., Fernández Collado, C., e Baptista Lucio, P. (1997). *Metodología dela investigación*.
- INJUVE. (2014a). *Estrategia Juventud 2020*. Obtido de [http://www.injuve.es/sites/default/files/2015/43/publicaciones/Estrategias 2020 web C.pdf](http://www.injuve.es/sites/default/files/2015/43/publicaciones/Estrategias%2020web%20C.pdf)
- INJUVE. (2014b). *Jóvenes, Satisfacción Personal, Participación Asociativa y Voluntariado*.
- INJUVE. (2016). Spanish Youth Report 2016. *Minstry of Health, Social Services and Equality*, 684. Obtido de <http://www.injuve.es/observatorio/demografia-e-informacion-general/informe-juventud-en-espana-2016>

- INJUVE. (2017). *Sondeo de opinión 2017.1. Jóvenes, participación y cultura política. Informe de resultados*. 41. Obtido de http://www.injuve.es/sites/default/files/2018/27/publicaciones/sondeo_2017-1_informe.pdf
- Krauskopf, D. (2000). *Participacion Social Y Desarrollo En La Adolescencia Enero 2000 Costa Rica*.
- Martín Pérez, R. (2018). *Participación del alumnado en el centro escolar*.
- Martín Serrano, M., e Velarde Hermida, O. (2001). Informe Juventud en España 2000. *IINJUVE y en línea*, 1–30. Obtido de http://www.adolescenciayjuventud.org/informate/coleccion-documentos/ampliar.php/Id_contenido/126890/%0Ahttp://www.injuve.es/sites/default/files/IJE2012_0.pdf%0Ahttps://www.cambridge.org/core/product/identifier/CB09781107415324A009/type/book_part
- Mella, O. (2000). Técnica De Grupos Focales (“ Focus Groups ”). *Cide*, 3, 1–27.
- Miller, E. A. (2018). Estrategias de gobierno electrónico y de gobierno abierto a nivel local. El caso de la Municipalidad de Rosario (2003-2017). *Energies*, Vol. 6, pp. 1–8. Obtido de <http://journals.sagepub.com/doi/10.1177/1120700020921110%0Ahttps://doi.org/10.1016/j.reuma.2018.06.001%0Ahttps://doi.org/10.1016/j.arth.2018.03.044%0Ahttps://reader.elsevier.com/reader/sd/pii/S1063458420300078?token=C039B8B13922A2079230DC9AF11A333E295FCD8>
- Minguijón, J., Tomás, E., e Gracia, A. (2011). Percepción ciudadana de la participación sociopolítica en Aragón. *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas (RIPS)*, 10(2), 117–129.
- Moreno Fernández, O., e García Pérez, F. (2013). Educar para la participación desde una perspectiva planetaria : análisis de experiencias educativas en Andalucía. *Íber : Didáctica De Las Ciencias Sociales, Geografía E Historia*, (2013), 9–16.
- Motor, J., Social, D. E. T., e Galicia, E. N. (2016). *Resultados finales de la consulta online juventud: motor de transformación social en galicia*. 2016.

- Observatorio de la juventud en España. (2010). *Los presupuestos participativos y las políticas de juventud: Un estudio de caso sobre la cultura de la participación social en España*.
- Observatorio de la juventud en España. (2017). *Juventud en cifras. Población*. 36. Obtido de http://www.injuve.es/sites/default/files/adjuntos/2019/06/jcifras2017-poblacion_accesible.pdf
- Ortiz Ramos, M. I. (2020). Un acercamiento a la historia del aprendizaje basado en problemas en el contexto global. *Sathiri*, 15(2), 118–152.
<https://doi.org/10.32645/13906925.984>
- Paño, P., Rébola, R., e Suarez, M. (2019). Procesos y Metodologías Participativas: Reflexiones y experiencias para la transformación social. Em *Colección grupos de trabajo*. Obtido de http://biblioteca.clacso.edu.ar/clacso/gt/20190318060039/Procesos_y_metodologias.pdf
- Rojas Soriano, R. (2013). *Guía para realizar investigaciones sociales*. Obtido de www.raulrojassoriano.com
- Romero-Frías, E., e Robinson-garcía, N. (2017). Laboratorios sociales en Universidades: Innovación e impacto en Medialab UGR. *Comunicar*, 25(51), 29–38.
<https://doi.org/10.3916/C51-2017-03>
- Rueda, J. C. (2012). *Uniformización cultural y metaforización histórica: didáctica sobre la didáctica en la ola y curso del 63*. 179–193.
- Sampieri Hernández, Collado Fernández, B. L. (2010). *Metodología de la investigación*.
- Sierra Caballero, F., e Valle Rojas, C. (2007). *Nuevas tecnologías de la información y participación ciudadana*. 17–20.
- Solidariedade Internacional e Cidadanía SC. (2020). *Guía de Participación: Impulsar a cultura participativa*.
- Tezanos, T. J. F., Villalón, O. J. J., e Díaz, M. V. (2009). La Juventud hoy: Entre la exclusión y a acción. Tendencias de identidades, valores y exclusión social de las personas

jóvenes. *Injuve*. Obtido de
<http://gaztematika.gipuzkoangazte.eus/documents/74494/462911/La+juventud+ho+y/8118d615-a208-4bcf-9620-3e836965aed7>

Trilla, J., e Novella, A. M. (2011). participación, democracia y formación para la ciudadanía. Los consejos de infancia. *Revista de Educacion*, (EXTRA), 23–43.

Tudela, P. (Coord. . (2020). *Índice sintético de desarrollo juvenil comparado ISDJC-2020*. 148, 148–162.

UNICEF. (2019). *Participación de la infancia y la juventud : opciones para la acción*.

Urrea, M. (2001). La participación democrática desde las organizaciones comunitarias, un sueño por alcanzar. Em *Universidad De Manizales- Centro Internacional De Educación Y Desarrollo Humano – Cinde*. Obtido de
http://bibliotecavirtual.clacso.org.ar/Colombia/alianza-cinde-umz/20130404075051/TM_ arthaYemira.pdf

Xuventude, D. X. (2021). *Plan Estratégico de Xuventude de Galicia*.

7.2. NORMATIVA.

Legislación Autonómica:

[Decreto 50/2000, de 20 de enero](#), polo que se regula a normativa vixente en materia de xuventude.

[Decreto 58/2012 do 12 de xaneiro polo que se modifica o decreto 50/2000](#), do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de Xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior .

[Decreto 148/2008, do 26 de xuño](#), polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Xuventude.

[Cualificacións Profesionais de :](#) Informador Xuvenil, Dinamizador de Tempo Libre, Director de Tempo Libre e Docente de Formación Vial.

[Proxecto de Lei de Xuventude de Galicia \(2012\)](#)

LEI DE XUVENTUDE DE GALICIA: [LEI 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia](#)

[Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia](#)

[Solicitude para incorporarse ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia](#) (Tramítase en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS323A)

[Certificado de experiencias de educación non formal en materia de xuventude](#)

[Lei 45/2015, de 14 de outubro, de VOLUNTARIADO.](#)

[DECRETO 97/2017](#), polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación

[ORDE do 28 de decembro de 2017](#): prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

[DECRETO 88/2018, do 26 de setembro](#), polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

[DECRETO 98/2018, do 26 de setembro](#), polo que se nomea conselleira de Política Social a Fabiola García Martínez

[DECRETO 153/2018, do 5 de decembro](#) polo que se nomea a Cristina Pichel Toimil como directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

[ORDE do 28 de decembro de 2018](#) pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019

[ORDE do 5 de febreiro de 2019](#) pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís

[ORDE do 26 de abril de 2019](#) pola que se establecen as bases e convócase o Programa de mobilidade transnacional xuvenil [Galeuropa](#)

[ORDE do 20 de decembro de 2019](#) pola que se establecen as bases e convócanse as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove

[ORDE do 7 de xaneiro de 2020](#) pola que se regulan as bases e convócanse as subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil

[ORDE do 26 de febreiro de 2020](#) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución das clases B e C á mocidade galega

[ORDE do 6 de xullo de 2020](#) pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería.

[ORDE do 22 de xullo de 2020](#) pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras bolsseiras para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social.

[DECRETO 216/2020, do 3 de decembro](#), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

7.3. WEBGRAFÍA.

<https://www.un.org/es/>

<https://www.onlinevolunteering.org/es>

<https://www.limesurvey.org/es/>

<https://www.itu.int/net/wsis/docs/geneva/official/dop-es.html>

<https://www.ige.eu/>

https://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/ParticipacionCiudadana.html

<https://solidaridadgalicia.org/>

<https://globo.solidaridadgalicia.org/>

<https://cooperacion.xunta.gal/>

<https://ciudadania.coop/es/>

<http://www.injuve.es/>

<http://xuventude.xunta.es/>

8. ANEXOS



ANEXO 1

Que foran máis visibles e atractivos. E que se explicara dun xeito sinxelo e claro como poder participar.
Que haxa información máis contrastada e libre
Que haxa mais motivación, mais ofertas..

Que haxa máis oportunidades de eventos destinados a xuventude para facer mellorar na sociedade sen que esto supoña recibir críticas ou prexuízos de persoas con ideoloxías diferentes ás que conlevan tales eventos.
Que haxa máis redes cidadás á marxe das institucións.
que haxa un cambio de mentalidade, e que se motive a mocidade facendo ver o necesario que é a participación social para a nosa propia evolución persoal e colectiva
Que haya información sobre el tema, transporte público y que la gente tenga claro el objetivo
Que haya más ofertas y que sean más compatibles con estar trabajando / estudiando
que la educación incluya estas cuestiones desde edades tempranas así como una mayor divulgación informativa de estas cuestiones.
Que las administraciones públicas se comprometan verdaderamente en ofrecer recursos y herramientas para que la sociedad civil se organice a través de la participación social comunitaria. Así como que los diferentes espacios de educación formal e informal articulen una oferta eficaz de participación ciudadana.
Que non repercuta noutros ámbitos
Que nos institutos nos falen disto con frecuencia
Que se conte coa súa opinión, que non por ter menos idade ou experiencia se pense que non saben. Que nos den máis oportunidades e axudas.
Que se fomente máis
Que se fomente máis desde la escuela, desde pequeños
Que se hagan cosas que nos interesen
Que se incida, dende unha perspectiva educativa, na importancia da participación como parte dos procesos de cambio. Dotación de recursos materiais e medios para facer efectiva a participación.
Que se lle asegure un futuro laboral no que non teña que mendigar un soldo digno
Que se lles habitúen e ensinen cómo poder participar
Que se lles tome máis en conta.
Que se nos teña moito mais en conta
Que se sintan nun ambiente cómodo para poder participar de forma máis activa
Que se vexan afectados en primeira persoa
que sea con actividades chulas

Que sean cosas atractivas en la promoción, como simulación de casos reales para que les impacten de tal manera que los motive a participar activamente.
Que sexa consciente das situacións/opresións que vive e que reproduce cara as demais persoas.
Que ten que cambiar a mentalidade da sociedade. Á maior parte de xóvenes só lles interesa a festa.
Que teñan máis incentivos para participar na vida social, e seña fácil acceder a ditos procesos.
Que vexan que son parte do cambio
Que vexan formas claras de facelo e o poidan conectar coa seus propios valores. As veces as accións concretas poden non cadrar cos expectativas que se teñen do que é loitar cando pensas estratéxicamente que cousas poden axudar máis a mellorar o mundo. Fan falta exemplos que conecten cos emocións e a identidade combativa sen por iso caer nos estereotipos, e así mostrar o que pode significar loitar nesta complexa realidade.
que vivamos as cousas en primeira persoa para lograr estar máis implicados nas cousas
recibir máis información e axudas para participar
Reclutalos polas redes sociais sobre todo, xa que hoxe en día é o medio de comunicación que máis move aos xóvenes
Reconocimiento social y político de la comunidad
Sacrificarse o concello máis por nós, os mozos e mozas
Sentirse valorados
Sinceramente non o sei, pero como non me deixaba dar a seguinte
Te oportunidades e propostas de participación, así como formación para poder crear de cero colectivos e autoxestionalos.
Ten que fomentarse a participación dende os organismos públicos e os centros educativos de xeito que pase a ser unha condición educativa. Ademais os procesos de transformación social deben estar impulsados por entidades públicas e non verse reducidos a iniciativas concretas de organismos e colectivos concretos.
Ten que haber máis empatía o problema de un é o de todos
ten que haber máis información sobre estes temas nas redes sociais e no centro educativo.
Ten que haber temas que gusten.
Ten que ocorrírnos algo moi grave para que nos demos conta da importancia de axudar.
Ten que ser máis consciente da situación
Teñen que implicarse por medio de accións dos propios concellos ou das escolas.
teñen que ter en contas as consecuencias e empatizar ca xente.

Téñense que sentir identificados ou identificadas dalgún xeito, tanto como responsables das desigualdades, como vulnerables ante elas. Penso que ademais cada vez buscamos resultados máis inmediatos, polo tanto habería que atopar actividades nas que a mocidade participe e poida sentir a curto prazo os beneficios da súa participación. As redes sociais son un compoñente imprescindible para chegar á mocidade, facer campañas atractivas para eles e elas, nas que se lles involucre. Crear unha comunidade coa que se sintan identificados/as.
Ter facilidades de acceso, coñecer diferentes formas de participación e que esta participación manexe códigos semellantes aos da mocidade.
Ter máis conciencia social e ser menos individualistas
ter mais informacion de cabdo, onde como..., darlles mais motivacion
Ter máis motivación
Ter mais seguridade en si mesma e pensar que son temas moi importantes para a sociedade na que vivimos.
Ter mais tempo
Ter máis tempo e accesibilidade a información de como participar
Ter máis tempo e máis información
Ter tempo, mellorar as liñas de transporte público, que a represión policial en actos políticos e sociais diminúa, coñecer casos de éxito similares
Tería que haber máis información sobre agora/lugardo encontro sobretodo.
Tiene qué existir implicación por parte de la sociedad
Tiene que ser una causa que afecte a todos por igual.
Tratar temas que afectan á mocidade baseado na crítica, inclusive ás institucións e empresas privadas.
Un maior compromiso e carácter crítico e reflexivo
Una mayor implicación de las entidades públicas, como el instituto o la Universidad
Unha maior sensibilización de cara a certas problemáticas que están moi ocultadas, así como ás veces unha maior oferta
Unha maior sensibilización que permita ver a utilidade da participación e da capacidade de cambio
Ya participa lo suficiente, no veo necesidad de mayor implicación

ANEXO 4. COMPOSICIÓN DO GRUPO MOTOR

Estudo de participación da mocidade en Galicia

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

I Xuntanza do Grupo Motor

Descrición

Espazo de traballo dirixido á dinamización social, divulgación e información do proceso e das accións relacionadas co estudo sobre a participación da mocidade. Desenvolve unha función de guía do estudo, contraste e ordenación da investigación.

O Grupo Motor conformarase ao inicio do estudo, no mes de xaneiro e formarán parte del aquelas persoas referentes polo seu perfil profesional no ámbito da participación xuvenil, iniciativas con experiencia en desenvolver procesos coa mocidade (O Globo), así como mozas e mozos de entidades procurando a representación dos diferentes territorios e diversidade de proxectos.

O Grupo fai un seguimento e unha orientación continua sobre o traballo de investigación, formula preguntas de investigación, debate sobre as informacións acadadas, e traza liñas estratéxicas.

Metodoloxía de traballo

Xuntanzas a desenvolver de xeito virtual, coa flexibilidade ao presencial se a situación sanitaria o permite. As xuntanzas terán unha periodicidade bimensual ou cando o requira a investigación. O prazo de finalización orientativo da investigación é no mes de novembro de 2021.

Coa primeira reunión consideramos que arranca a investigación. Nela póñense en común as preguntas de investigación inicial e recóllense propostas que poidan ser incorporadas aos obxectivos do estudo.

Convite a participar

Contacto por correo electrónico e chamada telefónica, no seu caso, trasladando información da investigación e a creación deste grupo de traballo. Tamén recollendo nomes de persoas ou entidades que poden ser de interese para participar.

O correo electrónico enviado foi o seguinte:

Estimada amiga/Estimado amigo:

Desde Solidariedade Internacional estamos desenvolvendo unha diagnose sobre a participación da mocidade galega, desde a perspectiva da educación para a cidadanía global.

O enfoque do estudo segue a metodoloxía da investigación-acción participativa, co obxectivo de incorporar a persoas expertas, colectivos sociais e mozas e mozos na investigación.

Por todo isto, queremos convidarte a formar parte do **grupo motor** do proceso, un espazo para o contraste do estudo e de recollida de orientacións que poden ser de interese. A idea é poder desenvolver tres xuntanza do grupo motor de aquí a que remate a investigación (mes de maio). A primeira xuntanza do grupo motor está pensada para realizar de forma telemática en dúas sesións de traballo a celebrar a través da plataforma zoom (no seu momento enviaremos enlace á reunión) que se celebrará o **xoves 4 de febreiro** ás 18:00h e o **sábado 6 de febreiro** ás 11:00 h. A duración das sesións será de dúas horas e media

En dita reunión presentarase o obxectivos da investigación, as ferramentas e dinamicas de recollida e contraste de información. Ao tempo, no encontro haberá un espazo de traballo onde realizar colectivamente unha reflexión sobre a participación da mocidade, os retos e obstáculos sobre os que traballar desde as diferentes entidades e institucións.

Agradecendo de antemán a túa implicación neste ilusionante proceso, aproveito a oportunidade para enviavos un cordial saúdo.

Coordinación de Solidariedade Internacional Galicia

Participantes convidadas

Nome entidade	Nome da persoa referente	Presentación	Xoves, 4	Sábado, 6
Solidaridad Internacional Galicia	Maribel Valiela	Soy Maribel Valiela, miembro activo de SIG desde hace 25 años, antes de eso había participado en Juventudes Socialistas en Lugo, un año. Soy miembro de otra organización (AGADHEMO). Soy profe de secundaria, he trabajado en centros urbanos, periurbanos y rurales. Como profesora intentó participar en las campañas educativas de SIG.	SI	SI
Solidaridad Internacional Galicia	María Caride	A miña traxectoria profesional comezou moi ligada a xuventude, x que comecei como monitora de tempo de lecer en campamentos de verán, campos de traballo e museos. Durante dous anos fun a responsable do Centro de Le- cer Xuvenil Porta Aberta, centro destinado a mozos e mozas de 12 a 18-20 anos, no que un dos obxectivos do centro era traballar en prol da participación xuvenil mais alá do ocio. Continúei como técnica de educación de SI Galicia, traballando coa xente moza dende os proxectos de sensibilización e EDCG, dende os cales sempre se invita a acción a través da realización de algún "produtos" periódico, guiños de curtas, cartaces, vídeos, etc. Ata que fai uns anos, vivimos un cambio cualitativo na organización respecto a participación, o que nos fai tela mais presente nos nosos procesos e traballándoa de forma mais consciente nos proxectos educativos.	SI	SI

Nome entidade	Nome da persoa referente	Presentación	Xoves, 4	Sábado, 6
Colectivo Sustinea	Marta Pernas	Marta Pernas, 28 anos, traballadora social de Sustinea enfocada na Inclusión Social, a Igualdade e a Sostibilidade. Son a responsable dos proxectos de Xuventude a nivel local e internacional como titora e/ou mentora. A través dos diferentes programas de voluntariado e experiencias de educación non-formal, así como dos espazos de participación comunitaria lidamos con xuventude directa e transversalmente no traballo de Sustinea, camiñando cara unha conciencia sostible das novas xeracións.	SI	NO
Colectivo Simbiose	Beatriz Cerro	Mi relación con la participación juvenil siempre ha sido la de colaborar en centros sociales autogestionados, donde se llevan a cabo diferentes acciones de ayuda al vecindario y proyectos de dinamización sociocultural.	SI	SI
Experto	Alberto García (Boiro)	A miña experiencia con participación e mocidade basease en que dirixi un centro social municipal dende hai 20 anos no que fundamentalmente traballamos a cultura cidadá, o dereito a participar en cultura e fixémoslo moitas veces dende a óptica da mocidade e con programas dirixidos a esta franxa de idade como Leñaverde ou República Creativa. Fóra do Concello de Boiro traballei no programa Nsaio da dx de Xuventude e actualmente imparto o módulo de participación no CEU de xestión cultural da USC.	SI	SI
Cruz Vermella (DX Xuventude)	Carol Garcia	"Hola meu nome é Carol, teño 27 anos e son estudante de integración social e educación social en Coruña. Traballo con menores dende os 19 anos, primeiro como profesora de teatro e preparadora e dende fai 6 anos dentro de Cruz Vermella Xuventude en PINEO que é un proxecto de participación infanto-xuvenil no que traballabamos con menores de entre 8 a 17 anos e traballando tamén con afiliadas, voluntariado de entre 12 e 16 anos, que participan activa e directamente dentro da entidade."	NO	SI
Tamara (Estudo de participación na USC)	Tamara Valladares	Tamara Valladares de Vera, educadora infantil, educadora social, con máster en investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario. Actualmente doctoranda beneficiaria de una FPU, investigadora en Educación para a Transformación e a Cidadanía Global e profesora becaria en el Grado de Educación Social e de Pedagogía en la USC. Mi interés por la participación va íntimamente relacionado con mis titulaciones y con las experiencias que de ellas surgieron: mi vinculación a movimientos e asambleas estudiantiles (sobre todo el "peche" de un mes realizado en protesta a la situación precaria en la universidad en mi tercer año de carrera), mi ApS con Solidariedade Internacional de Galicia e posterior afiliación como voluntaria activa de la organización. Por todo este recorrido, mi Trabajo Final de Grado e mi Trabajo Final de Máster consistieron en una investigación sobre la participación del alumnado de la Universidad de Santiago en colaboración con la Oficina de Desarrollo Sostenible de la misma institución. Tiene como título "Educación, participación e mocidade" e participaron arredor de unas 1400 alumnas e alumnos.	SI	SI
Concello de Ames	Pilar Villaverde Cutrín, técnica de mocidade e información xuvenil.	-	NO	NO
Concello de Padrón	Pili Lorenzo. Oficina de voluntariado	Educadora Social. As miñas achegas ao <i>Estudo de participación da mocidade en Galicia</i> van a estar en relación co meu desempeño profesional como Técnica Técnica Coordinadora da Oficina Municipal de Voluntariado do concello de Padrón, desde o ano 1998, e	SI	SI

Nome entidade	Nome da persoa referente	Presentación	Xoves, 4	Sábado, 6
		co labor sociocomunitario que desde esta entidade se vén desenvolvendo.		
Batukada feminista	Marisela Gataide	<p>Comezo a participar activamente dos movementos sociais na universidade, en Ourense, a través de accións de reivindicación de melloras nese ámbito. Nesa época pordúcese o Nunca Máis, o Non á Guerra e as grandes manifestación pola reforma educativa, das que participo aínda que non me involucro na organización. A partires de ahi vou coñecendo e facendo activismo noutras áreas, agora xa si a nivel organizativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formei parte activa na Campaña de Boicote, Desinversións e Sancións a Israel e a prol do pobo palestiniانو (BDS Galiza) e campañas internacionais da Flotilla da Liberdade con Rumbo a Gaza do Estado Español, con especial implicación no 2016 na campaña de Mulleres Rumbo a Gaza, non estando nestes momento organizada, aínda que si participando das chamadas de acción como cidadanía implicada. - Formei parte do grupo organizativo corazón do movemento 15M, agora xa desactivado, así como da plataforma STOP Desafiuzamentos de Ourense, pero deixei cando me viñen vivir a Compostela. - Participei activamente no Cónclave de Feminstas Aleatorias (Compostela), agora xa desaparecido. - Como deportista en activo coñezo e comezo a participar da Asociación de Mulleres Deportistas Galegas (MUDEGA). - Participo activamente en diversos colectivos feministas: Ninguén sen Coidados (Compostela), Galegas8m (Galiza e Compostela). - Participo como activista de colectivos e tamén como parte da coordinación da asemblea da Casa do Matadoiro. - Son parte activa de Tamborililás Batukada Feminista a nivel local e nacional, e dende fai dous anos parte do grupo corazón da rede de batukadas feministas que desenvolvemos o PercuEncontroEstatl, con batukadas de diferentes partes do Estado Español e Abya Yala. - Participo tamén do sindicalimos, na CIG na actualidade, sendo representante sindical na empresa na que traballo (no sector privado). 	SI	SI
SDX Programas Xuventude	Teresa Bernal Cortegoso	<p>Funcionaria, por vocación, do Corpo superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (A1), con máis de 21 anos de experiencia na administración da Xunta de Galicia. Grazas á miña formación xurídica e, especialmente, pola miña experiencia profesional, adquirín destrezas e coñecementos en moi diversas áreas da administración autónoma: deseño e posta en marcha de programas de axudas, xestión orzamentaria e de fondos europeos, contratación administrativa e convenios de colaboración, administración electrónica ou organización e liderado de equipos.</p>	SI	SI
Grupo Scout ILEX 695	Xulio López	<p>Dende que fun estudante universitario, alá nos 90, fun representante de alumnado na miña facultade e participei no movemento ecoloxista en diversos grupos ata fundar Amigos da Terra no 1997, que naceu como asociación xuvenil e posteriormente presidente da sección xuvenil de Amigos de la Tierra España. Tomei parte en actividades e órganos directivos do CJE e do CXG. Dende hai 11 anos tamén son scout e presido o Grupo Scout ILEX 695 en Ourense. Profesionalmente traballo en educación non formal no eido infantil e xuvenil dende hai máis de 20 anos, con moito interese en procesos de participación, sendo actualmente socio de Aventureira S. Coop. Galega</p>	SI	SI

Nome entidade	Nome da persoa referente	Presentación	Xoves, 4	Sábado, 6
Xoven SI participa	Ana Randolfe	Eu comecei participando a través da militancia nun partido político; isto rematei por deixalo porque non me parecía a vía cara a transformación que me interesaba, e comecei a participar, (ademais de en grupos estudantís), de forma intermitente a través de voluntariados e outras colaboracións con asociacións, ONGDs... máis vinculadas é educación para a cidadanía global. De feito, é por este camiño por onde quero dirixir a miña carreira como pedagoga.	SI	SI
Xoven SI participa	Antía Vila Oliveira	Son voluntaria no Centro Xuvenil Don Bosco e no Grupo Scout Khanhiwara, levo dende os 15 anos en distintos proxectos de participación e voluntariado e actualmente tamén formo parte do programa de titores da USC representando ao grao de medicina.	SI	SI
Xoven NO participa	Marta Carballo	Eu participei no movemento Fridays for Future en Santiago durante aproximadamente medio ano (ou menos), no 2019. Víame saturada con todo e decidín deixalo, polo menos mentras facía a carreira. Tamén toco nunha banda de música polo verán, pero non sei se iso conta como asociación. E cando era máis nova estaba tamén noutra asociación de música tradicional.	SI	SI
Xoven NO participa	Rocio Ramos Lamela	A miña vinculación respecto a participación xuvenil é escasa debido a que a universidade e o traballo sácanme moito tempo, pero teño participado nalgún proxecto como foi o aprendizaxe e servizos nunha das materias da carreira.	SI	SI
Xoven NO participa	Sara Gago	En cuanto a la vinculación con la participación juvenil : mi vinculación con la participación juvenil es casi inexistente, nunca he formado parte de consejos de toma de decisiones o he mantenido una actitud activa hacia este tipo de actividades que desarrollaran la misma. En cuanto a la experiencia sobre la participación juvenil : lo máximo de experiencia que he tenido ha sido mediante el voluntariado en el comedor social o en algún club deportivo cuándo era más joven. En cuanto a mi conocimiento sobre la participación juvenil: mi conocimiento sobre el tema ha sido muy poco hasta mi entrada en el centro de prácticas actual, en el cual me he y me han empezado a informar sobre el funcionamiento y las características de la misma.	SI	SI
<i>DINAMIZADORAS</i>	<i>María Paz Ana Lampón</i>	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>
<i>DINAMIZADORAS</i>	<i>Ana González Rosa Muñiz</i>	<i>Cidadanía Sociedade Cooperativa</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>

Data, hora, e lugar de realización


- Xoves, 04 febreiro entre as 18.00h e as 20.30h
- Sábado, 06 febreiro entre as 11.00h e as 13.30h

En liña, a través da plataforma Zoom.

I Xuntanza do Grupo Motor. Acta da sesión do xoves, 4 de febreiro, entre ás 18.00 e ás 20.30h

A orde do día foi a seguinte:

18:00h	Benvida	Benvida e presentación do encontro Solidaridad Internacional de Galicia. María Paz
18:15h	Que imos facer nesta xuntanza?	Presentación da orde do día e metodoloxía que seguiremos. O chat está aberto todo o tempo a suxestións! Cidadanía. Ana González
18:20h	De onde partimos?	O marco conceptual: a participación dende a perspectiva da educación para a cidadanía global Solidaridad Internacional de Galicia. Ana Lampón
18:25h	A participación da mocidade en Galicia	Presentación da investigación: obxectivos, metodoloxía, hipótese, resultados, calendario e devolución. Solidaridad Internacional de Galicia. Ana Lampón
18:35	O Grupo Motor	Que esperamos do Grupo Motor? Obxectivos e calendario de sesións do Grupo Motor. Cidadanía. Ana González
18:40h	Quen somos	Imos presentarnos con calma, xa que imos compartir este proceso, e é importante facelo dende a confianza Solidaridad Internacional de Galicia. María Paz
19:30h	Reflexión inicial sobre a participación da mocidade galega	Viaxamos polo ciber espazo e atopámonos en grupos mais pequenos. Formaremos 4 grupos, de 5 persoas cada un, no que poremos en común os nosos saberes e experiencias entorno á participación da mocidade galega. Cada grupo estará acompañado por unha de nós. Despois de media hora, volveremos ao grupo grande para poñer en común. Para iso, nomearemos a unha voceira en cada grupo. Presentación da dinámica: Cidadanía. Ana González 1 dinamizadora por grupo: 2 Solidaridad Internacional de Galicia e 2 Cidadanía
20:00h	Plenario	Compartimos en plenario as ideas iniciais sobre a participación da mocidade en Galicia Unha voceira de cada grupo. Cidadanía
20:25 – 20:30h	Avaliación da sesión e final da xornada	A través dunha rolda de palabra avaliaremos a sesión, e tamén deixamos aberto o chat para recibir os comentarios e suxestións que xurdan, así como as expectativas entorno á seguinte xuntanza. Agradecemento e despedida



I Xuntanza do Grupo Motor. Participantes

María Paz Solidaridad Internacional Galicia - dirección	Alberto García Programas de xuventude Concello de Boiro	Teresa Bernal Dirección Xeral de Voluntariado, participación e mocidade. Xunta de Galicia	Marta Carballo Xoven que non participa
Maribel Valiela Solidaridad Internacional Galicia – Xunta Directiva e Profesora de ESO	Tamara Valladares USC – Estudo participación dentro da universidade	Xulio López Grupo Scout ILEX 695	Rocío Ramos Xoven que non participa
María Caride Solidaridad Internacional Galicia - sensibilización	Pili Lorenzo Técnica de voluntariado. Concello de Padrón	Ana Randolfe Xoven que participa	Sara Gago Xoven que non participa
Bea Ferro Colectivo Simbiose	Marisela Gataide Batukada feminista	Antía Vilas Xoven que participa	Rosa Muñiz Cidadanía - dinamización
Ana González Cidadanía - dinamización	Ana Lampón Solidaridad Internacional Galicia – coordinación estudo	Gloria Parra Solidaridad Internacional Galicia - dinamización	Zaida Calvo Solidaridad Internacional Galicia - técnica

Os tuits de presentación das persoas participantes,:

Maribel Valiela	<i>A participación é necesaria como elemento da democracia.</i>
María Caride	<i>A participar se aprende, polo que é preciso fomentala.</i>
Marta Pernas	<i>O embotellamento colectivo, e a necesidade de relacionarnos dende o comunitario.</i>
Beatriz Ferro	<i>Necesidade de crear novas ferramentas para participar, investigando dende a perspectiva da Cidadanía Global.</i>
Alberto García	<i>Hai que desinstitucionalizar a participación porque está noutros espazos e doutras formas que descoñecemos.</i>
Tamara Valladares	<i>A educación xerar participación.</i>
Pili Lorenzo	<i>Fronte ao individualismo do sistema neoliberal: educación para a participación.</i>
Marisela Gataide	<i>A base está na educación comunitaria e en valores dende que somos crianzas.</i>
Teresa Bernal	<i>Temos que entender a participación como unha competencia.</i>
Xulio	<i>Unha descomposición intencionada.</i>
Ana Randolfe	<i>A participación é clave para a vida e para o noso rural.</i>
Antía Vilas	<i>A participación está demasiado centrada nas persoas con formación social e educativo, pero a participación non debería centrarse só nos eidos do social.</i>
Marta Carballo	<i>Participar é enriquecedor a nivel persoal.</i>
Rocío Ramos	<i>A falta de participación da mocidade é por falta de tempo.</i>
Sara Gago	<i>Isto comeza: a importancia da participación.</i>

I Xuntanza do Grupo Motor. Ideas forza da reflexión inicial sobre a participación da mocidade galega

Cuestión abordada	Grao de acordo coa afirmación:
Entre a xente nova hai diferencias en canto a nivel de participación e o grupo de máis de 20 anos son máis participativas que entre as que están por baixo desta idade.	Alto

Ideas forza do debate:

- Diferéncianse distintos **tipos de organización**. O grupo de maiores de 20 participan máis no movemento asociativo e organizado, mentres que os menores de 20 anos participan doutras formas menos estruturadas ou institucionalizadas.
- A participación en idades máis temperás canalízase a través doutras actividades, como o deporte o desde o tempo libre. Pero aparte, hai experiencias nos institutos con mozos e mozas con moitas ganas de facer cousas.
- A mocidade comprende entre os 14 e os 30 anos, hai certo grao de acordo en que a franxa dos mais maiores participa máis que a xente mais nova. Isto ten que ver con dúas cuestións: as **capacidades e as posibilidades**.
- No que atinxe ás posibilidades destacan dous escenarios diferentes: unha maior posibilidade a nivel persoal da mocidade por contar con maior liberdade, e, no caso das organizacións, ven reducidas as súas posibilidades xa que implicar a menores de idade leva consigo unha serie de **dificultades**: permisos, seguros, cuestións burocráticas, etc.
- Debatenos tamén sobre o papel do sistema educativo na participación: existen multitude de espazos educativos, que permiten participar: sobre todo ponse énfase na **educación non formal**, pola súa flexibilidade e menor rixidez.
- En canto á **educación formal** e as posibilidades de abordar e practicar a participación, obsérvase unha **sobrecarga** nos centros educativos, derivada da rixidez e da necesidade de cumprir co currículo ("homo economicus"). Non hai espazo para outro tipo de educación.
- Existen, ademais, outros espazos educativos nos que se podería participar, pero non se incentiva á mocidade a facelo. Estes espazos son, tamén, **espazos de socialización** (consellos escolares, por exemplo).
- Existe unha "**delegación da participación**": como xa hai representantes, eu non me implico...isto provoca que se perdan oportunidades. Hai rapazada que non decide nin a onde marcha de excursión de fin de curso, por esa falta de participación directa.
- Educar na participación implica aprender **novas habilidades** e unha **educación crítica e en valores**.
- A mocidade de idades máis novas ten moito peso a "participación" nas **novas tecnoloxías**, sobre todo nas distintas Redes Sociais, aínda que se queda nunha participación máis pasiva, menos profunda e máis esporádica.
- Máis que as franxas de idade, inflúe a contorna, **a importancia do entorno**, xa que si este é activo, participativo, politizado, etc. os mozos e mozas van participar máis que si non están acostumbrados a elo.
- A xuventude máis nova participa de xeitos individuais, non colectivos.
- Ter en conta que **a visión cuantitativa nubra a parte cualitativa**, é dicir, só se teñen en conta

o número de mozos/as que participan e non a calidade ou envergadura dos procesos que desenvolven os que participan, polo tanto todo depende de onde queiramos poñer o foco.

- En idades máis pequenas, particípase de maneira máis involuntaria ata que se ten maior consciencia e particípase de maneira intencionada. Es participación se non é consciente?

Cuestión abordada	Grao de acordo coa afirmación:
En xeral, a xente nova é máis participativa do que se pensa, se ben as formas ou medios nos que participan mudaron (van máis alá do voluntariado e do asociacionismo), e ás veces forman parte de espazos que non son tan visibles.	Moi variable

Ideas forza do debate:

- **Pecamos de optimistas:** queremos pensar que existe máis participación da que realmente hai. Hai participación en momentos puntuais, pero falta compromiso a longo prazo.
- A mocidade **participa por explosións**, de forma **reactiva** (Fridays for future, 15M, Prestige...)
- As formas de participar foron mudando, e as organizacións temos que adaptarnos á hora de **captar esa participación**: hai unha avalancha de posibilidades.
- Como captamos á xuventude? Algunhas das persoas que logramos atraer, despois se quedan.
- Non perdemos de vista o **sistema capitalista** no que nos desenvolvemos, que favorece un consumo e unhas determinadas formas de participación que requiren de pouco esforzo e implicación, e orienta o tipo de participación que lle interesa.
- A rapazada é **consumidora** ata da participación. A sociedade capitalista fai que consuman os programas e experiencias que se lles ofrecen, pero non participan. Neste sentido, creamos espazos de participación, que logo lles furtamos, enchéndoos de contidos que eles e elas non poden elixir.
- A mocidade **prioriza outras cuestións** (estudos, deporte, ocio...) fronte a participación.
- As **redes sociais** como nova forma de participación: é unha ferramenta moi empregada, pero ten as súas limitacións: transforma realmente a realidade? O que é certo é que xera un debate público, no que todas as persoas teñen a capacidade de participar e que a súa opinión sexa escoitada.
- Estamos ante unha xeración moi **informada**, con debates moi intensos e diversos que atenden ás desigualdades e inxustizas, pero que lles custa dar o paso e implicarse mais.
- As formas de participación da xuventude actual están moi **invisibilizadas** porque non se dan no marco das institucións senón de xeitos menos organizados ou regrados. Estes novos xeitos de participación **non están rexistradas** porque non se sabe onde están, onde buscalas, polo tanto é unha participación alternativa que non se ten en conta nos estudos. Exemplo disto son os Centros Autoxestionados, grupos informais, etc.
- En realidade a mocidade pensa que ir a unha manifestación xa é participar, pero non se implica nos procesos.
- **Promóvese unha participación mercantilista:** a cambio de créditos, de formación, de experiencia vital e/ou laboral, etc. como un reclamo simplemente.
- A participación xuvenil quizá non se detecta porque non cumpre con todas as características do que se entende tradicionalmente por participación.

Cuestión abordada	Grao de acordo coa afirmación:
As persoas novas que se implican, fano motivadas máis por cuestións individuais (sentirse útiles, mellora do currículo...) que por cuestións sociais (xustiza social, empatía...)	O grupo sitúase nunha posición media

Ideas forza do debate:

- As persoas que se implican veñen **motivadas** por interese en temáticas ou problemas colectivos (de desigualdades, inxustizas..), mais tamén por querenzas individuais.
- Temos que ter coidado coa **captación**, xa que cada vez mais apelamos a cuestións individuais para animar á participación “ven e aprende”, “vive a experiencia”...incidindo no individual e perdendo o foco da xustiza social. Pero...enfocamos as campañas así, porque percibimos que isto é o que motiva ás persoas que participan?
- Percíbense tamén diferenzas en función do **tipo de participación**: os motivos para participar en mobilizacións son máis xenuíños, mentres que para o voluntariado a xente se implica máis por motivos persoais.
- O **enriquecemento persoal** xorde como **resultado** da participación, e a participación motívase por este enriquecemento persoal. É un continuo.
- Esta cuestión pode depender, tamén, das **expectativas sociais cara a mocidade**: activos e activas, cun currículo potente e variado, con experiencias que complementen os seus estudos, etc.
- Os **valores familiares** tamén teñen incidencia nos motivos da participación: as familias educan e orientan á mocidade, promovendo ou dificultando a participación “ti estuda e déixate desas cousas...”
- Aparenta que participamos, que somos activas, pero non estamos transformando (participación líquida ou dixital).
- No plenario, suscita moito debate o tema de **“sentirse útil”** cando participas.
- É unha cuestión maioritaria por exemplo nas Universidades, priman motivacións de acadar logros ou satisfaccións persoais máis que altruístas. Isto o vinculan co **sistema neoliberal da educación** na que prima o resultado, o logro e non o procesos.
- As motivacións individuais fan **achegarse** á xente, pero **non “implicarse” realmente**.
- Adóitase empezar por unha motivación persoal.

Cuestión abordada	Grao de acordo coa afirmación:
A xente nova que non participa é por falta dunha cultura crítica baseada nunha educación para a transformación e a xeración dun capital social activo e responsable.	Moi alto

Ideas forza do debate:

- O sistema educativo replica o sistema capitalista, difundindo valores como o **individualismo**, a competencia, etc. e non fomenta a cultura crítica.
- Tamén, o sistema educativo ten **limitacións** importantes, como completar o currículo, e educar á rapazada cos contidos educativos.
- Cando, dende as organizacións, estamos replicando valores individuais, temos que **ser críticas e pararnos a pensar**. Se o que estamos promovendo vai en contra dos valores que queremos transmitir, mellor non facelo.
- Non **priorizamos** a participación como valor da mocidade. Ademais, a mocidade precisa ver o **resultado das accións a curto prazo** (por exemplo, cunha actividade de recollida de lixo na praia).
- No caso da escola, a educación está enfocada a que como individuo sexas mellor, pero non a **colaborar ou cooperar**.
- O sistema educativo estase **privatizando**. As actividades que se fan para a participación son puntuais, actividades soltas ou campañas. É importante volver á comunidade, e xerar espazos de coidados das persoas.
- O Ocio é clave, pero soe confundirse ocio con festa, **non reducir o ocio á festa**.
- Tamén hai quen ten esa cultura crítica pero **no ten tempo ni recursos** (máis preocupados e preocupadas polo futuro, estudos e traballo, que por participar). Non cuestión de non ter consciencia se non de non darlle prioridade.
- A falta de cultura crítica non só é por causa da educación, tamén porque **no existe contacto con outras realidades** con máis dificultades.

Cuestión abordada	Grao de acordo coa afirmación:
As entidades e organizacións adaptáronse aos novos tempos e demandas das persoas máis novas, sendo agora máis participativas e integradoras no seus proxectos e formas de organizarse.	Moi en desacordo

Ideas forza do debate:

- Dende as organizacións hai **resistencia** a abrirse á participación, e hai moita **dificultade** para incorporar estes cambios.
- **"Queríamos cambiar a organización, e a organización cambiounos a nós"**.
- As institucións, ademais, teñen **mecanismos moi ríxidos** (pregos, xustificacións, etc.), como para introducir máis flexibilidade e participación da mocidade. Hai unha dificultade grande, por parte das institucións, para realizar esta apertura.
- Os espazos de decisión (por exemplo, Asembleas, Xuntas Directivas, Consellos, etc.), están máis preocupados polo **papeleo e a burocracia**, que non polos contidos das organizacións: isto desmotiva moito a participar.
- A propia actividade das organizacións dificultouse moito por toda esa **burocracia**: permisos, seguros, memorias, xustificacións, etc.). Percíbese outra cuestión, que é a **dependencia** tan grande das organizacións coa administración.
- Hai intentos por abrirse á participación da mocidade, pero precísase maior análise.
- As organizacións non coñecen realmente as **necesidades, intereses e demandas** da mocidade e insisten en ofrecer espazos de participación nada atractivos ou motivantes.
- Urxe escoitar máis á mocidade.
- As problemáticas de hoxe en día son distintas ás de antes, non é o mesmo **ter 20 anos hoxe é distinto** que ter 20 anos fai 20 anos por exemplo, polo que as organizacións non están na realidade da xuventude actual.
- Organizacións e xóvenes non falan o **mesmo idioma**, non empregan as mesmas canles.
- As organizacións tentan solucionalo só coas novas tecnoloxías, pero iso non é suficiente, a mocidade segue interesada en participar presencialmente, en contacto, facendo cousas.
- É necesario para as organizacións atopar o **punto intermedio** entre adaptarse ás novas demandas da mocidade e non desorganizarse completamente.
- É necesario innovar na pedagogía lúdica. **Si non é divertido, non é sostible nin perdurable**.
- Resistencias ao cambio porque entendemos outra forma de participar.
- Ha habido certa adaptación de algunhas entidades. Ponse o caso de Simbiose, adaptada á falta de tempo e a non rixidez da mocidade.

I Xuntanza do Grupo Motor. As ideas compartidas en plenario

- En xeral hai mestura de inquedanzas ou motivacións tanto persoais/individuais como sociais/colectivas.
- Hai que definir moi ben que é Participar e que distintas formas de participar hai, porque non todas as persoas entenden o mesmo por participar. É preciso insistir nun concepto de participación para o cambio social e non só na chamada participación social.
- Adquirimos conciencia social co paso do tempo, é normal que canto menos idade menos participación para a transformación social, ademais de que a partir da maioría de idade se abren novas oportunidades e vías de participación.
- A participación está desnaturalizada, está demasiado institucionaliza, é preciso buscar novas fórmulas menos ríxidas e obsoletas.
- As inquedanzas da mocidade de hoxe en día son distintas que as doutras épocas e iso tamén hai que telo en conta xa que na maioría dos casos, dende as organizacións e institucións se promove a participación da xuventude por parte de persoas doutras xeracións, con outras perspectivas.
- A mocidade ten que deixar de ser “destinatario” de programas de participación, para ser “creador” da propia participación.
- Os espazos dixitais teñen na actualidade moita relevancia, por ser unha canle que permite chegar a moita xente en todo o mundo, pero son moito menos transformadores.
- É habitual replicar xeitos de participar de modo individual, coller exemplos visibles e tratar de facelos por sí mesmos, pero sen ter en conta a colectividade.
- En xeral a falta de compromiso no tempo é un tema preocupante (queren ver resultados axiña, non desfrutar dos procesos).
- Debate sobre o “sentirse útil”: si é bo ou malo sentirse útil, sentirse ben, participar para satisfacernos. Reflexiónase sobre si se trata dun aspecto egoísta (participar para sentirnos ben) ou si nos “sentimos ben e útiles” porque axudamos a mellorar cousas.

I Xuntanza do Grupo Motor. Acta da sesión do sábado, 6 de febreiro, entre ás 11.00 e ás 13.30h

A orde do día foi a seguinte:

11:00h	Benvida	Benvida e quentamos motores na mañá do sábado! María Paz e dinamizadoras
11:15h	Orde do día, e repaso dos contidos da sesión anterior	Que imos facer hoxe? Presentación das conclusións e ideas principais das cuestións compartidas na sesión do xoves. Ana González
11:30h	Debate en pequenos grupos: diagnose participada	Dividímonos en 3 grupos, traballando sobre temáticas diferentes. <i>Grupo 1: Afondando na participación para a transformación social.</i> Dinamizadora: Ana González <i>Grupo 2: Barreiras e facilitadores da participación da mocidade.</i> Dinamizadoras: Ana Lampón e Gloria Parra <i>Grupo 3: As formas de participar.</i> Dinamizadora: Rosa Muñiz
12:15h	Posta en común dos grupos, en plenario	Devolvemos ao plenario as ideas debatidas en cada grupo, abrindo a posibilidade de que as demais persoas acheguen o seu coñecemento e elaborando unha diagnose do Grupo Motor sobre a participación da mocidade. Voceiras e voceiros, participación do plenario
13.00h	Debate plenario	As potencialidades de participar: por que é importante participar? Para que participamos?
13:25h	Despedida e seguintes pasos	Indicamos os seguintes pasos da investigación e do grupo motor, e despedímonos.

I Xuntanza do Grupo Motor. Participantes

María Paz
Solidaridad Internacional
Galicia - dirección

Carol García
Vice-dirección xuventude
Cruz Vermella

Teresa Bernal
Dirección Xeral de
Voluntariado, participación e
mocidade. Xunta de Galicia

Marta Carballo
Xoven que non participa

Maribel Valiela
Solidaridad Internacional
Galicia – Xunta Directiva e
Profesora de ESO

Tamara Valladares
USC – Estudo participación
dentro da universidade

Xulio López
Grupo Scout ILEX 695

Rocío Ramos
Xoven que non participa

María Caride
Solidaridad Internacional
Galicia - sensibilización

Pili Lorenzo
Técnica de voluntariado.
Concello de Padrón

Ana Randolfe
Xoven que participa

Sara Gago
Xoven que non participa

Bea Ferro
Colectivo Simbiose

Marisela Gataide
Batukada feminista

Antía Vilas
Xoven que participa

Rosa Muñiz
Cidadanía - dinamización

Ana González
Cidadanía - dinamización

Ana Lampón
Solidaridad Internacional
Galicia – coordinación
estudo

Gloria Parra
Solidaridad Internacional
Galicia - dinamización

Zaida Calvo
Solidaridad Internacional
Galicia - técnica

Mar Rodríguez
Profesora UDC

I Xuntanza do Grupo Motor. Recapitulamos as ideas forza da reflexión inicial sobre a participación da mocidade galega

Alto grao de acordo sobre que a franxa máis participativa é a dos mozos e mozas maiores de 20 anos.

- Isto é por dous motivos: **capacidades persoais** (madurez, intereses, etc), e tamén polas **posibilidades** (liberdade, independencia).
- Percíbese tamén que a participación “**delégase**”.

Que pasa coa franxa mais nova?: A educación xoga un papel fundamental:

- Hai unha **sobrecarga na educación formal** para incluír no currículo a participación, cooperativismo e colaboración.
- O espazo para educar na participación é nun **contexto “non formal”** (consellos escolares, clases extra escolares, etc).
- Os espazos educativos son **espazos de socialización**, nos que temos a oportunidade de educar e aprender novas **habilidades**, ser **críticas**, e educar nunha **cidadanía global**.

Non nos puxemos moi de acordo sobre se a mocidade **participa máis ou menos do que nos cremos**. Había posturas moi variadas...aquí algunhas ideas:

- A mocidade participa de forma **reactiva** (en manifestacións), **nalgúns temas concretos** (ambiental...)
- O sistema capitalista fai que a mocidade sexa **consumidora**, incluso, da “participación”. Facemos programas para a mocidade, sen contar coa mocidade.
- A mocidade **prioriza** outras cuestións (estudos, deporte, lecer), antes que a participación
- As **redes sociais**: ferramenta para o positivo (todas temos opinión, estamos moi informadas e hai debates moi elaborados e diversos sobre temas de xustiza social, moi empregadas); pero...realmente transforman a realidade? (participación líquida ou dixital)

As motivacións para participar: individuais ou sociais? O grupo situouse nunha posición intermedia, valorando que ambas motivacións son lícitas e interdependentes. Ideas interesantes:

- As organizacións: como **captamos** a mocidade? Apelamos ao individual ou ao colectivo?
- Hai unhas **expectativas sociais** cara a mocidade que poden ter influencia sobre os motivos de implicarse (son persoas activas, teñen un currículo variado e potente, deben participar de experiencias que complementan os seus estudos...).
- Os **valores** familiares, escolares, e sociais promoven ou dificultan a participación “ti estuda e déixate desas cousas...”
- No plenario, suscita debate o papel que xoga o “**sentirse útil**” cando participamos.

Hai un alto grao de acordo ao pensar que a xente nova que non participa é porque **non hai unha cultura que promova esa participación**, a transformación social, e a comunidade.

- As escolas teñen **limitacións**: dentro dun sistema ríxido, abrir canles de participación é

complicado.

- Difúndense valores como o **individualismo**.
- As organizacións deben **pararse a pensar** que valores están fomentando antes de lanzar campañas ou proxectos.
- A xente nova precisa implicarse en accións que teñan un **resultado visible no curto prazo**.

O grupo motor pensa que **as organizacións non foron quen de adaptarse** aos novos tempos e ás necesidades da mocidade, para fomentar a súa participación.

- Dende as organizacións hai **resistencias** a este cambio.
- Ademais hai **dificultades**, xa que os mecanismos son ríxidos (pregos, xustificacións, etc.)
- A **dependencia** das organizacións coa administración tampouco facilita esta apertura.
- As persoas dentro das organizacións dedican moito tempo a cuestións **burocráticas**: “Queríamos cambiar a organización, e a organización cambiounos a nós”.
- Dende a mocidade, hai un **rechazo** á participación institucionalizada.
- É preciso **formar parte** das institucións para mudalas dende dentro
- Hai **intentos** por abrirse á participación da mocidade, pero precísase maior análise.

Con todos estes temas abertos, dividímonos en grupos máis pequenos de debate, nos que abordamos 3 temáticas distintas:

Afondando na participación para a transformación social

Neste grupo participaron Carol García, María Paz, Mar Rodríguez, Marisela Gataide, Pili Lorenzo e Tamara Valladares. As cuestións principais que se abordaron foron as seguintes:

A participación debe contemplarse dende unha mirada ampla, diversificando a noción de participación: as formas son múltiples e existen distintos niveles de participación. Participar significa que as persoas tomen decisións sobre o que lles afecta: a maior implicación, maior poder de decisión. “*Eu participaba no club de baloncesto, xogando; ata que me din conta de que o club non funcionaba solo, e impliqueime na organización*”.

Neste sentido, abrimos un debate sobre se definir a participación para a transformación social dunha única forma non será algo totalizador (“só unha forma correcta de participar”) ou se, pola contra, é preciso establecer uns criterios. Así, argumentouse da necesidade de educar en participación en todos os ámbitos da vida, dende que somos crianzas (que queremos aprender na escola, que queremos ver la televisión en casa?, onde mercado o que poñemos no noso prato?). Estas accións cotiás teñen impacto global. A participación, polo tanto, desenvólvese nun contínuum dende idades temperás.

Pola contra, outras persoas do grupo dubidaban de que esta participación contribuíse á transformación social tal como se entende dende a Educación para a cidadanía global. Así, diferenciamos entre a participación como competencia persoal (cuestionarse, actuar, aportar, mudar de posición, etc.) e participación como acción para a transformación social.

Alguns criterios sobre os que había certo acordo no grupo, que caracterizan á participación para a transformación social, foron os seguintes:

- Non ten por que darse en estruturas institucionalizadas (hai redes informais que coexisten coas institucionais, e que promoven e exercitan a participación para a transformación social).
- Existe unha implicación activa (non se trata de só “anotarse”)
- Existe certo grao de responsabilidade e compromiso coa causa / demanda ou reivindicación pola que se está participando.
- Relacionado coa responsabilidade, salientábase a necesidade de facer atractiva a participación: as persoas que se implican teñen que sentir que ese tempo que dedican é significativo para elas e para a comunidade. Para logralo, comentamos a necesidade de adaptar e reinventar as formas (que sexa doado, accesible, aliñadas cos seus intereses...). “Para participar ten que haber un vínculo significativo coa persoa relacionado co disfrute non de xeito narcisista”.
- Que sexa en colectivo e non unha acción promovida por unha soa persoa. Neste sentido, é importante que as persoas que participan estean dispostas a mudar de posición.
- Que a participación sexa consciente. Neste sentido, cuestionabamos este punto, xa que ás veces as persoas fan accións inconscientemente que mudan igualmente a contorna. Debate sobre a racionalidade – visión holística da persoa.

Por último, falabamos da participación en idades temperás, e como esta participación inicial, máis individual, pode promover despois unha participación cara o cambio social. Así, é máis sinxelo que as persoas de idades mais baixas participen en organizacións estruturadas. Lembramos que, grazas aos cambios na Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado, permítese aos maiores de 12 anos implicarse nestas accións. A problemática identificada vén na dificultade por parte das organizacións de acoller a participación destas persoas: exixen presenza dun titor legal, por exemplo.

Outro punto importante sobre o que debatemos é o que ten que ver cos espazos de participación que propoñemos: que non sexa só participar nunha actividade xa predefinida, como meros e meras executoras, senón tamén que as persoas novas sexan quen de construír e aprender a participar dende o comezo: “dar unha folla en branco”. Eles e elas viven no seu contexto e perciben situacións que lles preocupan. Dende aí pode acompañarse todo o proceso: que podemos facer? Con quen temos que contar? Que recursos precisamos? Etc. Para isto, é preciso que as organizacións teñan unha alta capacidade de escoita e non dar por sentado.



Facilitadores e barreiras para a participación da mocidade

Persoas participantes no grupo: Ana Randolfe, Gloria Parra, Antía Vila, Marta Carballo, Sara Gago e Rocío Ramos.

Neste grupo tiñamos como cometido abordar cales son as principais barreiras e dificultades así como os elementos facilitadores da participación xuvenil, dando resposta ás seguintes cuestións:

- Cales son as principais dificultades, obstáculos e barreiras que impiden unha maior participación da mocidade?
- Cales desas dificultades son de índole interno e cales de índole externo?
- As actitudes e valores persoais inflúen en xerar barreiras ou en xerar motivacións?
- Que cousas si permiten a participación?
- Cales son os elementos motivadores para participar?

As principais achegas que o grupo aportou no seu debate a todas estas cuestións foron as seguintes:

Tanto para as barreiras como para os elementos facilitadores, en primeiro lugar observábanse dous elementos diferentes, un de índole interna ou persoal e outro externo ou colectivo.

BARREIRAS:

- A falta de tempo é clave porque hai unha presión social cara a xuventude, cara conseguir obxectivos como os estudos, o traballo, outras afeccións como poden ser o estudo da música, etc. que a ten realmente ocupada. Aínda que logo, afondando un pouco máis sobre a falta de tempo, observábase que máis que unha falta de tempo, realmente era unha cuestión de *como nos organizamos ou a que lle damos prioridade no tempo do que dispoñemos*. E como a mocidade vese na presión de ter que rematar uns estudos, para o día de mañá estar o mellor formadas posibles para poder acceder a un emprego e ter unha vida digna. Todo isto fai que a xuventude priorice o seu tempo en aspectos máis individuais e de índole formativo sobre outro tipo de cuestións.
- Falta de ganas ou desmotivación, que non é o maioritario e non é tampouco extensible a todas as persoas, pero si se observaba como unha barreira que parte dende o interno de cada quen posto que ás veces non temos a actitude para poder participar e da que pensamos que todo parte, ter unha certa inquedanza e motivación é clave para logo se puidese canalizar en forma de participación.
- Carencias ou falta de información, no sentido de unha falta de coñecemento e visibilidade sobre as cousas nas que se pode participar. Isto afecta sobre todo ás persoas que nunca participaron en nada e que si non buscan proactivamente de xeito específico, nunca te chegan posibilidades de participación. Isto se asociaba máis dende o punto de vista da participación máis organizada ou institucionalizada.
- Dende as institucións, tanto públicas como privadas como do terceiro sector, non se está informando onde están os mozos e mozas, polo que se precisa máis presenza nos centros ou espazos onde está habitualmente a xuventude.
- A cuestión do rural é clave en Galicia, xa que pola idiosincrasia do noso territorio a participación está moi focalizada nas zonas urbanas e nas cidades, mesmo dentro do propio rural tamén porque todo se fai onde está ubicado o concello e o resto das parroquias, máis


lonxadas, quedan sin opcións de facer cousas, téndose se que desprazar ou ben ao concello máis próximo ou ás cidades máis cercanas.

- “só participamos nas organizacións que coñecemos” e coñecemos poucas porque as organizacións se publicitan pouco e mal debido a que hai unha carencia na difusión, é preciso difundir máis.
- As Redes Sociais, que é o medio por excelencia que empregan os mozos e mozas para informarse e enterarse das cousas teñen un hándicap, que é o que os algoritmos ou as burbullas que estas crean, fan que solo te chegue a información das cousas que xa ten identificado que nos gustan, entón si non fas unha búsqueda específica sobre un voluntariado, un programa ou unha organización, nunca te vai a saír, e para buscar activamente, primeiro tes que coñecer e se vinculaba novamente coa falta de información e publicidade das organizacións.
- A participación está demasiado institucionalizada e só se pode participar en actividades ou accións que xa veñen dada, non é tan transformador ou proactivo.
- Inseguridades e medos de achegarse por primeira vez a unha institución ou organización.
- Non se fai ben a “captación” de voluntariado porque se está mercantilizando o concepto da participación (horas de voluntariado a cambio de créditos por exemplo, experiencia no currículo, etc.)
- Dificultades derivadas dos mozos e mozas que son menores de idade, que precisan contar con permisos e acompañamento etc. cousa que non todas as entidades están dispostas a facilitar e dedicar o tempo preciso para isto.

ELEMENTOS FACILITADORES:

- Convidar á mocidade a que faga algunha búsqueda específica nas redes sociais sobre entidades ou oportunidades de participación e voluntariado para que dende as redes sociais lles vaia chegando este tipo de informacións ou suxerencias.
- A institucionalización da participación permite ás persoas con menor experiencia en participación permite que se sintan máis acompañadas e que pouco a pouco vaian aprendendo.
- A captación de voluntariado, mercantilizado, podería ser un elemento facilitador de “enganche” ou primeiros pasos na participación, porque para as persoas que non participan por inqedanzas sociais pode que ao final acabe por gustarlle participar e seguir facendo, podendo ser esta unha porta de entrada ao mundo do voluntariado e da participación.
- Motivacións internas, querer facer cousas.
- Que as entidades esteamos máis presentes onde está a mocidade.
- Ser moi coidadosas coas acollidas das personas novas que comezan nas organizacións.

- Dar unha información realista, non enganar con promesas de participación en experiencias que che van a cambiar a vida, pero tampouco dar unha información demasiado complexa que bote para atrás ou asuste á xuventude nos primeiros contactos.
- Flexibilidade nos horarios e días nos que ofrecer a posibilidade de participar aos xóvenes para que cada quen poda organizar o seu tempo.
- Non só ofrecerlles un papel de observadores pasivos senón roles máis activos.
- “Que nos interese lo primero que nos cuenten” porque si non me enche o ollo o que me contas xa non me vai interesar participar.
- Facer “captacións” máis chamativas e adaptadas á linguaxe dos xovenes de hoxe en día, porque dependendo das idades a xente quere escoitar cousas diferentes.
- Crear redes e grupos de apoio para a xuventude do rural que si quere participar e non pode porque carece de posibilidades de mobilidade, deste xeito pero sabendo que o presencial é imprescindible para a participación.



As formas de participación

Persoas participantes no grupo: Maria Caride, Maribel Valiela, Teresa Bernal, Xulio, Coral García e Beatriz Ferro.

Neste grupo tiñamos o cometido de abordar as formas de participación da mocidade na actualidade, se mudou o modelo respecto de hai uns anos, e que novos espazos e formas de participar son nas que se moven.

Desde o grupo trasládase experiencias recentes que se deron no contexto educativo no que a mocidade manifestou, en forma de protesta, o que considerou formas de inxustiza e ante a que mozas e mozos organizáronse. Esta iniciativa (reactiva) pode axudar a reflexionar no grupo a porque participamos.

Enganchando co fío do que pasaba a nivel de mobilización social e participación hai 20 anos (movemento pro 0,7, Nunca Máis, Non á guerra..) e a situación actual, coméntase dun tipo de participación militante que agora non está, non existe, e de como ditas mobilizacións responden a ciclos e onde a capacidade de protesta soe ser esporádica. Neste tipo de mobilizacións ten que ver onde se pon o foco, e onde os medios de comunicación e difusión, a día de hoxe moi masificados e onde non nos contan a totalidade de mobilizacións que existen. Son moitas as campañas que hai, pero non chegan á cidadanía, sobre todo as de carácter máis local ou máis pequenas.

Desde o grupo focalízase o debate na participación a través de espazos institucionalizados, e como facelos compaxinar con espazos ou iniciativas máis informais ou auto-xestionadas. No caso da participación institucionalizada, coincidise en sinalar que certos espazos desapareceron, ou as formas de traballar mudaron posto que algunhas iniciativas que se promoven (por exemplo o voluntariado), non se participa no seu deseño. De feito coincídese en sinalar que esta participación, en procesos finais, non resulta atractiva, xerando rechazo e poñendo menos gañas desde a mocidade.

Cómpre pois potenciar e xerar os grupos ou iniciativas propias que xorden desde a mocidade. Desde as institucións faise preciso que se xeren procesos participativos serios, onde se podía decidir e os acordos se executen. Na vida diaria, desde o barrio, na localidade pódese participar tomando decisións e participando en moitos ámbitos (no deseño da cidade, por exemplo).

Afondando no tipo de recursos que as institucións poñen ao servizo da mocidade, como son os centros de mocidade, sinálase que non están adaptados ás necesidades de mozas e mozos, con horarios limitados ou actividades pouco atractivas. No plano profesional, as persoas dinamizadoras que están aos cargo destes recursos e programas desde as administracións, teñen perfís que non encaixan, moito polas actitudes persoais. Así pois se as institución non se abren á participación, non se poden facer procesos participativos.

No que respecta ás temáticas que poden resultar máis atractivas, ou onde xorden iniciativas para a participación, sinálase que a influencia é maior do lugar onde estás. A día de hoxe teñen maior impacto os temas globais ou xerais que nos afectan a todas, por resultar máis doado posicionarse ante temas que non nos afectan directamente ou non sentimos apeladas, tamén porque teñen maior impacto nos medios ou redes, máis que no entorno inmediato, resultando máis dificultoso desenvolver acción locais, se cadra porque chegar a un consenso social desde o local resulta máis complexo.

Faltan pois coñecer referentes de iniciativas próximas, promovidos por mocidade combativa, de xente que transforma, saber como fixeron. Visibilizar proxectos, as motivacións e formas de facer e ver se é posible esa transformación.



Xa de volta no plenario...

Poñer en valor á base social fóra das institucións. Existe mocidade coa que traballar, só que existe bastante rexeitamento a participar de espazos institucionalizados.

Isto pode ser polo paternalismo dende o que se propoñen eses espazos: as persoas novas, actualmente, están moi formadas e ás veces pre-concebimos como hai que participar, como hai que implicarse, e en que temáticas. Tamén se percibe unha falta de espazos de participación (assembleas...), hai unha falta de coidados ás persoas, que ás veces viven estes espazos como pequenas agresións.

Diferente visión sobre a participación cando o activismo é a túa profesión, e cando non percibes retribución por traballar no ámbito social. "Os cartos perverten todo".

As actividades que se ofrecen, son de carácter "finalista": convidámoste a participar neste espazo concreto, pero non mais alá. É importante abrir este espazo para a xuventude (que agora non existe), senón para activar a mozos e mozas dende o comezo: onde queres participar, como queres participar.

Necesidade de que as institucións ensinen á rapazada nunha cultura crítica. Fomentar, formar e difundir, na ensinanza non regrada, á cultura crítica. As institucións poden poñer esforzos en ser "escolas de participación": ensinar a participación como competencia, para que logo ás persoas sexan quen de decidir como, onde, e en que participar.

A participación, tal e como a estamos deseñando actualmente, non xera unha vinculación a longo prazo e nas organizacións (máis alá da actividade concreta).

As organizacións: non só dar o espazo, senón tamén aportar as ferramentas para desenvolver esa participación (formación necesaria para abordar certas temáticas, por exemplo).

Nunha sociedade democrática, as formas de participación institucionalizadas e non institucionalizadas conviven e refórzanse. Ao canalizar demandas dende o non institucional, se esixe ao institucional unha maior permeabilidade á participación. Cando as institucións non representan ás iniciativas de participación, a institución está fracasando.

Cando a mocidade entra a formar parte dunha organización, é preciso que non primeiros pasos se lles dote dunhas ferramentas e pautas iniciais para acoutar e acompañar a participación. Esta parte é necesaria para a mocidade (sobre todo os e as mais pequenas), que queren comezar a facer algo e non saben por onde comezar.

Para cambiar as institucións é preciso facelo tamén dende dentro.

Os espazos educativos como lugares nos que transmitir coñecementos e tamén como impulsores de valores e iniciativas de participación e transformación social. Existen educadores e educadoras, e moitas experiencias das que podemos tirar do fío.



Xa para rematar, queríamos abordar un tema algo mais profundo, como son as potencialidades da participación social, é dicir, por que e para que participamos as persoas. Decidimos facelo tamén en forma de *tuit*, que compartimos a continuación:

É importante participar por que...

...por responsabilidade social

...porque somos interdependentes

...porque participando fas oír a túa voz

...porque os riscos de non facelo son moitos

...porque un destes riscos é relegar o noso poder a outras persoas

...porque fortalece a democracia

...porque é importante par xerar cambios positivos

...porque cando participas tomas parte

...para construír novos xeitos de vivir e convivir mais humanos e harmoniosos

...porque nos completa como persoas, é unha capacidade que temos e precisamos desenvolver ...

para ...crescer de forma integral

...porque favorece o teu desenvolvemento e o desenvolvemento común

...para crear comunidade e saír do individualismo

...porque é posible cambiar as cousas

...porque construír un mundo mellor non se fai solo, hai que tomar parte

...porque se ti non das o primeiro paso, outro non o vai a dar por ti

ANEXO 7

LABORATORIO DE PARTICIPACIÓN E PROPOSTA DE FERRAMENTAS

A) SISTEMATIZACIÓN DE CONTIDOS DA FASE LUCES

Descrición


LUCES: compartimos e aprendemos das distintas micro-experiencias e colectivos participantes en O Globo. Identificamos como é a nosa participación social.

Obxectivos do espazo	<ul style="list-style-type: none">• Identificar como é a participación das persoas e colectivos presentes no Globo.• Descubrir as micro – experiencias de transformación social que compoñen O Globo no 2021• Obter unha cartografía que nos permita observar e comprender o tipo de participación que exercemos.
Ítems	
	1 En xeral o tipo de participación que exerzo é?
	2 A miña participación é para?
	3 Que efectos persoas e emocionais ten sobre min a participación?
	4 Que me xera rexeitamento á hora de participar?
	5 Como ten que ser o retorno da miña participación?
	6 Como é o espazo no que me gusta participar?
	7 O tema de carácter social que máis che interesa ten que ver con...?
	8 Como encaixa a participación na xestión do meu tempo?

RADIOGRAFÍA DA NOSA PARTICIPACIÓN:

De xeito maioritario, as persoas e colectivos representados en O Globo, rexeitamos a rixidez das entidades á hora de participar, polo que exercemos unha participación activa, en espazos abertos que implican e permiten a toma de decisións, orientados cara a superación das desigualdades e a exclusión social coa finalidade de transformar as estruturas de poder opresoras, polo que non esperamos a cambio ningún retorno inmediato, pois sabemos que estamos contribuíndo a cambios o longo prazo, o cal nos enriquece como persoas. Para poder facelo, ademais nos organizamos establecendo tempos da nosa vida dedicados especificamente á participación e nos comprometemos a cumprilos.

1. En xeral o tipo de participación que exerzo é?




O tipo de participación que é exercido en maior medida polo conxunto de participantes é **"Máis activa, porque se implican na toma de decisións"**

2. A miña participación é para?

Mayoritariamente a finalidade da participación social que exercen as persoas/colectivos asistentes ten que ver con **“Transformar as estruturas de poder”**.




3. Que efectos persoas e emocionais ten sobre min a participación?




Para a maioría das persoas/colectivos os efectos que lles produce en si mesmos o feito de participar é que os **“Enriquece como persoas”**.

4. Que me xera rexeitamento á hora de participar?

A barreira que xera máis rexeitamento é **“a rixidez de moitas entidades á hora de participar”**.



5. Como ten que ser o retorno da miña participación?



Case a totalidade indica que **“Non precisa un retorno inmediato mentres que sinta que está contribuíndo a cambios a longo prazo”**.


6. Como é o espazo no que me gusta participar?




Mayoritariamente inclínanse por “**espazos abertos á toma de decisións**” e en menor medida no que “teñan unha planificación clara, con tarefas concretas establecidas nas que poder participar”.

7. O tema de carácter social que máis che interesa ten que ver con...?

Os temas de maior interese teñen que ver coa "**Desigualdade e a exclusión social**" en primeiro lugar, seguido dos "Dereitos Humanos e Democracia".



8. Como encaixa a participación na xestión do meu tempo?



A maioría organízase e planifica
"Establecendo tempos adicados á participación e comprométese a cumprilos"

B) SISTEMATIZACIÓN DE CONTIDOS DA FASE CÁMARA

Descrición

CÁMARA: laboratorio da participación: habilítase un espazo para a reflexión colectiva e crítica, que nos permitiu comprender a nosa participación con máis alcance. Ademais, procuramos proxectar un futuro mellor no ámbito da transformación social e do traballo asociativo e participativo.

O obxectivo deste espazo foi o de buscar propostas concretas, aplicables e útiles en canto á promoción da participación social.

Obxectivos do espazo	<ul style="list-style-type: none">• Activar a creatividade colectiva para atopar liñas de acción e ferramentas que promovan a participación• responder colectivamente á pregunta: como podemos promover a participación a través da Educación para a Cidadanía Global?
Formato	Dinámica participativa na que reflexionar en torno a estas preguntas
Metodoloxía da dinámica	Aproveitando que a xente estará sentada e xa reunida, explicaremos a dinámica neste lugar, e logo nos movemos ao interior. 18:15 (5'): Presentación do espazo: que imos facer? Como imos facelo? Canto tempo temos? Que é o que esperamos? 18:20 (10'): Dirixímonos ao interior do Pazo, collemos o café e buscamos o espazo do grupo que nos tocou. Presentámonos brevemente. 18:30h (30'): Reflexión en pequenos grupos, sobre a pregunta asignada ao grupo. 19:00h (30'): poñemos en común, en plenario e mediante voceiras, o contido abordado en cada grupo.
Materiais	Dúas fases distintas: traballo en pequenos grupos (de 7-8 persoas) para promover a participación e as redes de relación. Despois, posta en común mediante voceiras. Sacar partido das cuestións que saíron identificadas na dinámica de Luces, e recoller propostas en positivo, e concretas, sobre como promover a participación.
Equipo técnico necesario e distribución	2 dinamizadoras
Outros	Tempo aproximadamente 1 hora e media

As preguntas que abordamos son as que reflectimos a continuación:

1. Que podo facer dende o meu lugar para que a participación sexa máis activa (non ser só executoras de accións, senón que participemos en todo o proceso)?

Coñeces algún referente na promoción da participación activa? Que é o que fan, en que destacan?

2. Como ten que ser unha organización (grupo formal ou informal, entidade, institución...), para que eu queira implicarme? Que cambiaría da miña entidade para melloralala?

Cando pensas nunha entidade da que te apetece formar parte, se che vén á cabeza algunha en concreto? Por que?

3. Que outros espazos, aparte dos clásicos (o rural, os barrios, as institucións...), poden empregarse para fomentar a participación? Como o facemos?

Coñeces algún espazo “non tradicional” referente na participación? Que é o que fai? Como o fai?

4. Cando participas dalgunha iniciativa, que é o que che gusta levar contigo cando rematas? (pensa en sensacións, aprendizaxes, obxectos, resultados...). Como conseguimos que cada persoa que participe “marche” con algo?

Hai algunha entidade que destaque coidando do que “aporta” participar? Que é o que fan neste sentido?

5. Que é o que necesito eu para continuar participando? Que podo ofrecer eu pola miña parte?

Cando pensas nunha persoa que anima á participación, que é o que aporta ao resto?



Fotografía 1. Distribución da dinámica en pequenos grupos

Sistematización de resultados

A continuación, sistematizamos as ideas principais reflexionadas nos grupos:

1. Que podo facer dende o meu lugar para que a participación sexa máis activa (non ser só executoras de accións, senón que participemos en todo o proceso)? Coñeces algún referente na promoción da participación activa? Que é o que fan, en que destacan?

- Promover un clima na organización que fomente a confianza
- Reforzar a cohesión do grupo para manter alta a motivación
- Planificar dinámicas e animacións que den frescor á organización
- Implicar á xente (por exemplo, Zoquelarre, Punto de Encontro)
- Conseguir manter un grupo ou colectivo estable
- A organización ten que poñer esforzos en ser ética, deixar ás persoas implicadas liberdade de elección, e manter unha relación próxima.
- Algunhas experiencias transformadoras que se nomean son: Lusco e Fusco, Zoca Miñoica e Espazos de intercambio de saberes e coñecementos.

2. Como ten que ser unha organización (grupo formal ou informal, entidade, institución...), para que eu queira implicarme? Que cambiaría da miña entidade para melloralala?

Cando pensas nunha entidade da que te apetece formar parte, se che vén á cabeza algunha en concreto? Por que?

- Aberta
- Activa
- Horizontal (reparto de responsabilidades)
- Capacidade de adaptación

- Formal
- Comprometida coas causas
- Ten que ter en conta a diversidade da poboación
- Transfeminista, ecoloxista e antiracista
- Ten que ser un espazo seguro e acolledor
- A toma de decisións ten que ser por parte de todas as persoas implicadas.
- Algunhas entidades nomeadas:
 - Entropía (precisan mais persoas implicadas)
 - The respect game (precisan dunha maior constancia)
 - Renda básica (precisan unha maior implicación e un maior reparto de responsabilidades)
 - SIG (precisa un maior reparto das responsabilidades e distribución do tempo; e tamén unha maior adaptación ao cambio e resposta ás situacións que se presentan)
- Como reflexión final, indican como liñas compartidas en todas as entidades: acolledoras, traballo en equipo, condicións laborais dignas, compromiso e diversidade de opinións.

3. Que outros espazos, aparte dos clásicos (o rural, os barrios, as institucións...), poden empregarse para fomentar a participación? Como o facemos?

Coñeces algún espazo “non tradicional” referente na participación? Que é o que fai? Como o fai?

- As redes sociais son espazos privilexiados para a difusión das causas (por exemplo: we sustainability)
- Os grupos informais de afeccionados a algunha actividade (por exemplo, bicicleta ou andainas)
- Os GAM (grupos de axuda mútua)
- Os hostels – albergues, que poden aproveitar o paso das persoas para concienciar sobre as necesidades do territorio e vincularlos cara a próximas visitas.
- Experiencia da peluquería en Donosti, que se converteu nun espazo de regularización de persoas migrantes a través da contratación de profesionais
- Comisións de festas
- Asociacións de mulleres rurais
- Comunidades de montes (concienciación medio ambiental e de enerxías renovables) Salientan o caso de Tameiga e de Couso, onde existe unha explotación sostible de marmelada.
- Asociación comunitaria de Santa Comba (rehabilitación)
- Centros sociais autoxestionados

4. Cando participas dalgunha iniciativa, que é o que che gusta levar contigo cando rematas? (pensa en sensacións, aprendizaxes, obxectos, resultados...). Como conseguimos que cada persoa que participe “marche” con algo?

Hai algunha entidade que destaque coidando do que “aporta” participar? Que é o que fan neste sentido?

- Trato cercano dos e das “profesionais”

- Contar cun protocolo de acollida (no que esté claro o nivel de participación, e que a persoa poida elixir onde quere participar e como, evitando presión do grupo)
- Atender ás demandas das persoas que queren participar
- Coidado das persoas que participan
- Involucrar ás persoas na acción (sentirse a gusto no grupo, promover actividades auto-xestionadas, e ter un obxectivo consensuado)
- Horizontalidade
- Sentir que podemos participar de forma autónoma (diferenciando entre activa – pasiva)
- Sentir que confían en nós, para autorregularnos
- Obter unha aprendizaxe da nosa participación
- Por esforzos nas persoas implicadas, que se sintan coidadas
- Dar un feedback: “a túa participación foi útil”
- Contar cun protocolo de despedida (coidar o fin do proceso de participación)
- Ter en conta o poder “simbólico”: unha postal, un vídeo, unha fotografía...no caso da participación “institucionalizada”, obter unha “carta de recoñecemento”, pola dedicación.
- Un exemplo dos coidados no centro é a Asociación de estudos sociais feministas ASELAFEM.

5. Que é o que necesito eu para continuar participando? Que podo ofrecer eu pola miña parte?

Cando pensas nunha persoa que anima á participación, que é o que aporta ao resto?

- Tempo e organización dese tempo
- Liberdade
- Unha rede activa (non sentirnos soas)
- Flexibilidade por parte das organizacións
- Entusiasmo
- Implicación e compromiso
- Opinión e experiencia
- Tempo e traballo
- Cabeza, corpo e corazón
- As persoas que nos animan á participación transmítennos: liderado, tranquilidade, empatía, escoita, confianza, ferramentas de participación

Anexo fotográfico



Fotografías 2, 3, 4 e 5. Pequeños grupos de trabajo

C) SISTEMATIZACIÓN DE CONTIDOS DA FASE ACCIÓN

Descrición

ACCIÓN: A partir das achegas de CÁMARA, procedeuse a valorar cales poderían ser aplicadas ás asociacións, colectivos e organizacións de xeito xeral, de forma que calquera entidade poda traballar nas liñas priorizadas para favorecer a Participación, cara o seo interno.

A continuación, sistematizamos as ideas principais reflexionadas nos grupos:

PRIORIZACIÓN DAS PROPOSTAS E COMPROMISOS DE ACCIÓN

- | | |
|--|---|
| Que imos a facer para que a participación sexa máis activa? | <ul style="list-style-type: none">✓ Promover un clima na organización que fomente a confianza e para elo construiremos espazos seguros e acolledores.✓ Reforzar a cohesión do grupo para manter alta a motivación. |
| Que imos facer para conseguir máis ou mellor implicación e participación? | <ul style="list-style-type: none">✓ Horizontalidade (reparto de responsabilidades e democratización das tomas de decisións).✓ Contar cun protocolo de acollida e (no que estea claro o nivel de participación, e que a persoa poida elixir onde quere participar e como, evitando presión do grupo). |
| Que outros espazos, aparte dos clásicos imos a empregar para fomentar a participación?
Como imos a conseguir que cada persoa que participe "marche" con algo? | <ul style="list-style-type: none">✓ As redes sociais porque son espazos privilexiados para a difusión das causas.✓ Os espazos urbanos.✓ Contar cun protocolo de despedida (coidar o fin do proceso de participación)✓ Dar un feedback sobre para que serviu a súa participación. |
| Que imos a ofrecer para que a xente siga participando? | <ul style="list-style-type: none">✓ Flexibilidade para exercer a participación (adaptada a cada caso particular).✓ Unha boa organización do/s tempo/s que as persoas dediquen a participar. |

ACCIÓN: A partir das achegas do conxunto da investigación (LUCES E CÁMARA), procedeuse a elaborar propostas de posibles ferramentas para a promoción, seguimento e avaliación da participación en xeral e da mocidade en particular.

A finalidade destas ferramentas propostas é que se podan desenvolver no futuro algunhas delas coa propia mocidade como protagonista do seu deseño, desenvolvemento e implementación, e que as organizacións e colectivos sociais podamos ser axentes facilitadores deses procesos creativos.

A ferramentas propostas máis destacadas foron as seguintes:

BARREIRA QUE SUPERA	DESCRIPCIÓN	FERRAMENTA
<p>Supera a barreira do "descoñecemento", da "falta de información". É un nivel informativo, para que a xuventude coñeza todas as posibilidades de participación para a xuventude existentes no territorio galego.</p>	<p>Unha ferramenta en liña onde as persoas mozas podan consultar de maneira sinxela e sen ter que trasladarse, as iniciativas en formación, actividades de lecer, información e calquera outro asunto do seu interese. Pódese artellar mediante unha aplicación informática, unha web ou rede social. A ferramenta debería ser colectiva, é dicir, que as entidades, colectivos, asociacións, etc. puideran engadir os seus "eventos" ou actividades, de xeito que a súa construción fose aberta e, sobre todo, dinámica para que o contido se estea actualizando e renovando constantemente para que non perda interese. O ideal sería desenvólvela en formato APP, posto que a mocidade emprega fundamentalmente as canles virtuais para procurar información.</p> <p>Exemplos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - as seccións dos xornais de Qué facer hoxe en Ourense? - http://www.informajoven.org/ <p>Debilidades a ter en conta: sería preciso facer unha revisión dos contidos a compartir para que non se suban cousas que non teñen que ver, spam, etc). Coidado con non ofrecer máis do mesmo, con non aburrir.</p>	<p>PUNTO DE INFORMACIÓN INTERACTIVO</p>

	<p>Quizás se podería plantexar esta idea á DRXV (ou outras) para conseguir colaboración e/ou financiamento para desenvolvela.</p>	
<p>Responde á necesidade detectada de ter capacidade de toma de decisións específicas, ademais cumpre tamén coa demanda de sentirse acompañados por iguais así como a de ter a posibilidade de actuar de xeito autoxestionado. Asemade fomenta a participación directamente entre os mozos e mozas que forman parte da Comisión, pero estes actúan ao mesmo tempo como axentes multiplicadores.</p>	<p>Crear unha comisión específica dirixida a promocionar a participación da mocidade galega. Na mesma podería estar algunha persoa adulta, pero fundamentalmente se compoñería de persoas mozas. A comisión tería un delegado de cada provincia (por exemplo) e despois representantes de diferentes comarcas ou áreas xeográficas. A mocidade dos IES cos que traballamos podería desempeñar este papel.</p> <p>A labor das persoas que forman parte da Comisión de Participación será promover a cultura participativa entre o seu grupo de iguais nos seus territorios, crear, propoñer, buscar ou pedir actividades, proxectos, accións etc.</p> <p>O grupo de traballo determinará as tarefas para realizar para a planificación, organización e posta en marcha das accións ou propostas. Dentro da comisión poderían tamén crear diferentes grupos de traballo, por intereses, áreas temáticas, etc. por exemplo grupo de actividades culturais e deportivas, grupo de accións feministas, grupo polos dereitos LGTBIQ+, grupo da participación cidadá e política, grupo polo medioambiente, etc. etc. cos temas que eles mesmos decidan que son de interese para a xuventude. Cada compoñente integrarase naquela que considere respecto a os seus características e habilidades persoais. Unha vez establecidos os grupo, priorizar sobre as tarefas e funcións do mesmo e comézase a traballar nelas.</p> <p>É fundamental que se realicen de forma frecuente plenarios con todos os membros do grupo para tomar decisións ou acordar sobre os aspectos que se vaian xerando dentro dos grupos da Comisión.</p>	<p>COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN (autoxestionada)</p>
<p>Supera as</p>	<p>Trátase de elaborar un documento</p>	<p>GUIA DE</p>

<p>barreiras de "Falta de acompañamento e acollida", así como á necesidade demandada de "Coidados". E ao mesmo tempo tamén aporta solución plausible á "Falta de adaptación" e "Falta de presenza" así como á "Falta de flexibilidade" das organizacións.</p>	<p>marco, protocolario, nas entidades, no cal se contemplan como ten que ser a acollida, o seguimento, e a despedida das persoas que participan da entidade, sexa de xeito permanente ou máis esporádico. No mesmo ademais tense que engadir necesariamente un apartado de "Coidados" e un apartado de "Áreas onde podo participar" definindo moi ben aquelas áreas e tarefas, o máis específicas posible, que están dispoñibles para facer para que a persoa teña moi claro que é o que vai a facer, como, cando...dende o primeiro momento que entra na entidade/colectivo. É necesario tamén que esta guía ou protocolo estea aberto ás suxestións de todas as persoas que queiran facer achegas. Por outra banda é preciso que no documento guía se rexistre de xeito moi claro a "Flexibilidade" á hora de participar, para que, na medida do posible, cada quen se mova dentro da organización en función das súas propias necesidades, demandas, dispoñibilidades e preferencias. Poderíase denominar "Participación a la Carta", aínda que garantindo eses mínimos establecidos no documento marco.</p>	<p>ACOLLIDA, ACOMPAÑAMENTO E DESPEDIDA</p>
<p>A principal barreira ou dificultade para participar, que a rapazada sinala é a "falta de tempo", aínda que é un factor realmente relativo, posto que máis ben se trata de <u>como se prioriza e en que se emprega o tempo do que se dispón</u>. Así, por exemplo, os grupos de activistas sinalan que para resolver esta cuestión o que fan é planificar</p>	<p>Elixir unha APP que exista que permita xestionar o tempo. Unha especie de calendario pero máis atractivo. Que permita planificar e facer unha lista de días/horas/tarefas (diariamente, semanalmente, mensualmente, etc.) e indicando o tempo que lles vas a dedicar. Desta forma saberás canto tempo podes realmente dedicar á Participación e programándoo será máis doado logo poder cumprilo. É importante que a planificación que se faga sexa realista e non pretender abarcar máis tarefas das que, realmente, se pode asumir. Posto que a participación require planificación, esta ferramenta axudará a administrar o tempo da mellor maneira e evitar calquera</p>	<p>FERRAMENTA DE XESTIÓN DO TEMPO</p>

<p>a xestión do seu tempo, axendando tempos para a participación e, sobre todo, comprometéndose a cumprilos. Proponse pois unha ferramenta que permita xestionar o tempo na que se contemple a Participación como unha tarefa ou actividade máis.</p>	<p>esquecemento con notificacións personalizadas, que avisarán dos eventos, reunións ou outras tarefas que estean planificadas. Así poderás ver tamén canto tempo queres e podes dedicar á Participación.</p>	
<p>Dentro das suxerencias que nos fai a mocidade para mellorar a súa participación atópase "Dos espellos", é dicir, a necesidade de referentes cos que sentirse identificados e tomalos como modelos a seguir. Responde polo tanto a visibilizar a mozos e mozas ou colectivos de xente nova que podan servir de inspiración e motivación á xuventude galega.</p>	<p>Trátase de que a propia mocidade busque, identifique e recompile información de persoas e, sobre todo colectividade, que sexan ou podan ser referentes para eles e elas en temas de participación social, cidadá, política e de compromisos solidarios pola xustiza social. Sería armar toda a información nun formato atractivo que eles e elas mesmas decidan (álbum, book, cartafol, etc.) e compartilo. Este "book" o desenvolvería a propia mocidade. Elixindo eles e elas quenés estarán nel, por que, que cualidades admiran, etc. A idea é que se lles poda facilitar esta idea e que logo teñan a liberdade de crear o "book" como eles e elas decidan.</p>	<p>OS ESPELLOS DA PARTICIPACIÓN</p>